

Ignacio Ramonet en Redondela



Pax.: 4

Entrevista:

Tano Guerra,
BNG de Salceda

Pax.:9

Entrevista:

Javier Bas,
PP de Redondela

Pax.:V

Memoria histórica:

“O Carniceiro do
Morrazo”

Pax.:XIII

A Feira do Viño do
Rosal peta na porta

Pax.: XXVI

Entrevista:

Mina Shayan,
profesora iraniana

Pax.:XVIII

Reportaxe:

A parroquia
de Teis

Pax.:23



RÚA FÉLIX OZÁMIZ 41 (O FORTE, CANGAS)



CAFÉ ZUMERÍA





Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

A vida de Brais

editorial

Cando eu era neno lembro a persoas da xeración dos meus avós e avoas pondo a feder á xeración do meu pai e a miña nai. Cando era mozo recordo aos meus pais, e a outras persoas da súa idade, pónonos a caldo aos que nese momento eramos mozos e mozas. E agora que son home observo con estupor como somos nós os que minusvaloramos á xeración que ven detrás.

A conclusión parece evidente: Existe unha pulsión humana moi profunda que leva a cada xeración a considerarse a si mesma como o punto culminante da evolución humana e a desprezar á xeración que ven despois.

Estou seguro de que os que hoxe son mozos e mozas, cando sexan homes e mulleres con fillos e fillas van facer o mesmo coa xeración que veña despois ca eles. Non creo que se poida evitar. As pulsións humanas profundas son inherentes á propia especie e son enormemente difíciles de combater, incluso é complexo decatarse da súa existencia.

Pero non é real. A mocidade de hoxe é exactamente igual á da nosa xeración, á de todas as xeracións anteriores e ás que veñan despois. O único que fai diferente a cada xeración é o contexto no que se desenvolven. Nós vivimos a nosa adolescencia no posfranquismo e naquel momento existían uns niveis de compromiso político e social na mocidade que agora non existen.

Pero non é porque os mozos de agora sexan menos comprometidos que os da nosa xeración, é porque as circunstancias históricas son moi diferentes.

A mocidade actual teno moi complicado. Probablemente sexa a primeira



Brais

xeración en moito tempo que viva peor que a xeración anterior a eles.

A situación laboral non é nada fácil, e a precariedade en forma de contratos e soldos que non lles dan nin de lonxe para poder formularse a posibilidade de construír un proxecto de vida persoal parece que se fixo norma, mentres que atopar un traballo que permita sequera soñar coa independencia económica semella que é hoxe en día o excepcional.

E se falamos do acceso á vivenda a situación para as persoas máis novas é terrorífica. Pensar en mercar unha casa en propiedade é na actualidade unha absoluta quimera, e incluso acceder a un alugueiro en condicións que posibiliten non destinar a maior parte do soldo a pagalo é terriblemente difícil.

Son os mozos e mozas responsables desta situación? Non, claro que non. Eles son as vítimas dun sistema que

puxo o mundo na situación que nós lles imos deixar.

Os mozos e as mozas son como calquera que algún día foi un mozo e unha moza: persoas que tratan de encontrar o seu lugar no mundo, e que á vez gozan dos que serán os mellores anos da súa vida.

Se lles formulan os estímulos necesarios imos encontrar respostas, porque non hai ningún ser humano que non teña inquiredanzas existenciais e necesite satisfacelas con respostas adecuadas. E se lles ensinamos a facerse preguntas, a ter sentido crítico e a cuestionarse os fluxos de información que lles chegan desde os circuitos de poder imos atopar mozos e mozas con capacidade crítica e con vontade de compromiso, claro que si. Mozos como Brais, o rapaz de Guillarei cuxa imaxe ilustra este artigo e que o mes pasado deume unha alegría quilométrica pois sen eu dicirille

nada púxose a ler ANP no local no que traballa, e a formularme con interese distintas cuestións sobre algúns dos contidos da nosa publicación.

Brais é igual ca min cando tiña a súa idade: Un mozo que necesita atopar un lugar no mundo e que se dean as circunstancias apropiadas para construír un proxecto de vida persoal. Agardo que a súa xeración sexa capaz de facelo mellor cá nosa, e poidan deixarlle aos que veñan despois ca eles un mundo máis xusto, equilibrado, racional e humano que o disparate que nós lle deixamos a eles.

Talleres SITO
MOS

Distribuidor oficial

Tel.: 634 88 70 54



ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS

CAFÉ - BAR

Casa Gallardo

Puxeiros - Mos 986 48 79 18



Bar Zentral

"DESAYUNOS Y CHOCOLATES EXQUISITOS"

PLAZA CENTRAL, Núm. 3 - O Porriño

Taparía

A Calustra

Se hacen banquetes programados



Todos los días desde las 18:00 h hasta las 24:00 h.

SÁBADOS Y DOMINGOS DESDE LAS 12:00 H. HASTA LAS 24:00 H.

Bouzavedra, 23 - San Xurxo - SALCEDA

986 349 298



Pasado sen asumir

opinión

Baldomero Iglesias Dobarrio 'Mero'

Levamos días, meses, anos e uns imprevisibles calendarios sen saber xa canto tempo de guerras e convulsións sociais restan no mundo. Alá polo espazo da distancia, no lonxe, si, pero que xa afectan ao enteiro deste planeta. Nesa onda expansiva tamén estamos incluídos nós que, de momento, miramos desde o abrigo borroso da néboa, sen que nos miren moito, agachados no silencio diante destas guerras sen sentido que os que as promoven fan con todo o sentido de cambiar o poder de sitio e facerse con el a toda costa.

Diante están un tal Trump e outro tal Netanyhahu, ambos desencadeando a maior conflitividade que se acorda. Capaces de imaxinarse nesta volta e neste mundo no que tamén nós estamos un mundo ardendo no seu propio lume, nas nosas propias cinzas. Pero é que non aprendemos? Seguiremos envellecendo, entre lamentos, sen facer nada para que non se repitan as monstruosidades?

Outros non asoman tanto pero están na movida e resultan ser animadores do tango, desta perversión feita de crimes. Morte e destrución, mágoa e derrota. Derrota, porque sempre a guerra é unha derrota e cada derrota é unha perda, unha desgraza, desastre, fracaso, revés. Morte porque é un vencemento onde comen os voitres e sacan beneficio os raspiñeiros. Morte porque eses sinónimos son os

que nos fan pensar, á marxe de tanto egoísmos e de tanta ansia de poder, de tanto dominio que é o que procuran para que todos obedezamos os seus caprichos, os caprichos - neste caso- de descerebrados que xa causaron un inmenso dano e aos que se lle sumarán outros máis pérfidos aínda, onde serán eles os beneficiarios do crime. Morte e derrota tamén, porque calquera guerra supón o triunfo da sen-razón, dos medos, da falta de intelixencia e entendemento para chegar a acordos, moito antes de coller unha arma sequera, moito antes de dispoñer das vidas alleas.

Esas persoas que nomeei son capaces de destruír e matar todo o que se lles poña diante, só precisan unha neurona tola e deciden de súpeto abrasar aquela parte do horizonte. Causan morte e mais morte, fano por interese, claro. Morte por inte-

rese -o seu- e porque ninguén lles leve a contraria. Morte facendo abuso de poder e, como xa pasou noutras, segundo a historia conta, serán lembrados polos seus crimes á humanidade. Morte porque omitiron e non fan caso da Lei nin do dereito, sinalan e disparan. Se queren, nin avisan. Morte porque aprópianse do alleo, rompen fronteiras, ameazan e negocian á baixa para gañar sempre. Morte por levantar conflitos onde non había, polo menos tantos, contenciosos, actitudes broucouneas e ostentosas, presumidas, golpes de moledores, mortos, desprazados. E o que é peor: non saben cara a onde van. Mortes mentres se moven dando bandazos e a estender conflitos involucrando países que nada tiñan que ver, búscanlles opositores, bloquean pasos e executan a represión e os prezos dos elementos máis bá-

sicos para a sobre-vivencia, e así sumar vítimas. Antes de nada, morte para enfrontarse a todos, sempre desde a avantaxe dramática do poder que teñen destruindo todo, vidas e vivendas, expulsando aos lexítimos donos, destruindo as ecnomías do mundo e pervertendo as relacións internacionais. Morte e máis morte, e mentres tanto xa preparan novas guerras e buscan novos inimigos nese andazo de represión internacional e de sancións, de bloqueos que anuncia xa a fame e a desgraza. Despois chegan eles e reparan, salvadores do dano que previamente causaron.

E o peor non é so iso, senón que xa teñen seguidores servís nos arredores. Xentes sen escrúpulos que xa avalan eses procedementos e que poñen por diante a salvagarda do valores que, xa noutrora, non foran válidos nin resolveran os problemas que tiñamos. Volvemos entón cara atrás? Será que perdemos o tren, perdemos o horizonte, perdemos a xustiza, perdemos a verdade? Quizais sexas todo iso, e ademais que esquecemos moi axiña e non quixemos lembrar o acontecido proximamente, aquela enorme lección do pasado próximo que aínda ecoa, nas cunetas, nos muros dos cemiterios, nos silencios das silveiras. Ese pasado que ninguén quere asumir e que, á súa vez, tantas mortes e dores custou?.



Cabral Aseguradores, S.L.

Agente Exclusivo

Núm. Registro C0072B27795509

36417 Mos (Pontevedra)

T +34 986 074 017

M +34 685 195 515

cabralseguros@generalimediadores.es

generalial.es/agente/cabralaseguradores/

Estrada das plantas S/N
Tameiga

Corredoira Olegario Rodríguez, 3
Sanguñeda



adoia

CENTROS DE XARDINERÍA

Creando natureza dende 1990

www.adoia.es

Campo, xardín, fogar

“A extrema dereita é o peor da historia da humanidade”

Ignacio Ramonet

Dous días antes de que o presidente Nicolás Maduro fora secuestrado polo exercito estadounidense, foi entrevistado por un xornalista natural de Redondela. El é Ignacio Ramonet, unha das voces máis coñecidas e respectadas no universo dos medios de comunicación.

Ramonet naceu na nosa vila en 1943. Fillo de pais republicanos que emigraron a Marrocos escapando das gadoupas do franquismo. Nese país estudou, e en París completou o seu doutoramento. Pouco despois encontrou traballo nalgún medio de comunicación e foi desenvolvendo o seu labor ata converterse en director do prestixioso “Le Monde Diplomatique”. Doutor en semioloxía, especialista en política internacional, e autor de numerosos libros entre os que destacan os que xorden das súas conversas con figuras tan significativas da historia política contemporánea como Fidel Castro ou Hugo Chávez.

Ignacio Ramonet estivo este mes de maio en Galicia convidado por AGA-BO, e tamén pasou pola súa localidade natal, Redondela. Nós non puídemos deixar pasar a oportunidade de conversar con el. Velaí vai o que deu de si a nosa charla.

Naciches en Redondela pero marchaches cando eras moi neno, por que?

O meu pai era republicano e despois da guerra por motivos políticos e económicos foise a Marrocos. Eu tiña dous anos e medio.

Como acabas en París?

Estudei en Marrocos, comecei por enxeñería e cambieime a unha carreira de letras. Fun a París a facer o meu doutoramento e xa quedei alí.

E como chega un neno de Redondela a ser o director dun dos xornais máis prestixiosos de Europa?

Con moito traballo, e con certas doses de sorte tamén. Despois da revolución do 68 créase o xornal “Libération” no que participaba Sartre. E eu que coñecía a algunhas persoas alí, comecei es-

cribir especialmente sobre cinema.

Os meus artigos gustaron en “Le Monde” e dous anos despois propuxéronme escribir no seu medio. Naquel momento escribía á vez nos dous xornais que mencionei, e daba tamén clases na universidade.

Estiveches toda unha vida en “Le Monde diplomatique”

Estiven 35 anos. Fun redactor xefe e logo director elixido, porque nese medio o responsable é elixido pola redacción.

En todo este tempo en París deches coincidido con outro redondelán ilustre, Ángel Barros,?

Non, nunca tiven o gusto de coñecelo. Eu compartín moitos anos e unha amizade moi intensa con Ramón Chao,



Ignacio Ramonet no paseo da Xunqueira

grande músico e escritor, e pai de Manu Chao.

Participaches na fundación de Media watch global e Attac. Cóntanos en que consisten?

Ben, a miña especialidade na semioloxía é a comunicación. E nese campo consagreime á crítica mediática, a facer análises das estruturas narrativas, funcións e finalidades dos distintos medios de comunicación.

Media watch global nace para propor solucións ás derivas colectivas dos medios.

Attac ten unha visión máis política, trata de combater a idea xeral da globalización que consiste en transmitir o poder ao poder financeiro. Esta idea de combater a tiranía do poder economi-

co deu orixe á creación do Foro Social Mundial, en Porto Alegre, como contrapeso ao Foro Económico Mundial creado en Davos.

Ti es doutor honoris causa en 5 universidades, entre elas a de Santiago. Es profeta na túa terra?

Ben, malia que eu nacín aquí e teño moita familia de Redondela, entre elas unha avoa meiga, eu non me criei nin vivín aquí, polo tanto non pasaría nada se non me tiveran recoñecido na terra na que nacín. Non me molesta en absoluto.

Ti tes escrito moitos libros. Entre os que máis me chaman a atención está un que escribiches en colaboración con Noam Chomsky “Como nos venden la moto”. Fálame del

AUTOCARES LUCHO, S.L.

CTRA. N-120
PETELOS
MOS

986 331 203 - 649 901 278 / 649 901 279

Javier González Riveiro

C/ Generoso Dguez. 110
36419 Cela (Mos)
T. 986 907 346
M. 670 327 210
M. 619 839 058
panaderianovadevesa@gmail.com

Manolo
RESTAURANTE

AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305
PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414

CALIDADE, EXCELENCIA
E TRADICIÓN EN PLENO
CENTRO DA LOURIÑA

VEN A COÑECERNOS
www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es

Coñozo ben a Chomsky. Un tipo moi xentil que tivo a amabilidade de acompañarnos ao Foro Social Mundial. O libro escribímolos xuntos: el unha parte, e eu a outra. O libro trata de describir as técnicas de propaganda, quen as aplica e con que finalidade, e como coas novas ferramentas tecnolóxicas as devanditas técnicas volvéronse moito máis perigosas.

Tamén quixera comentar contigo "100 horas con Fidel". En realidade estiveches 100 horas con Fidel Castro?

Estiven máis. Coñecino moi ben durante moitos anos. Fidel era un tipo excepcional, un visionario dotado dun extraordinario sentido do humor. Estaba moi orgulloso das súas raíces galegas. El convidoume moitas veces a cear á súa casa, e a idea de que as nosas conversas quedaran plasmadas nun libro foi do propio Fidel Castro.

Fidel Castro era de verdade moi amigo de Fraga?

Si, si que o era. De feito quería moito. Sabía perfectamente quen era Fraga, pero tiveron moi boa relación. Fraga ensinoulle a Fidel a facer queimadas e a Fidel encantábanlle.

Tamén coñeciches a Hugo Chávez

Si, un tipo entrañable. Era unha persoa moi cariñosa. Fidel era un intelectual. Chávez era un home moito máis sinxelo que procedía dunha familia moi modesta. Era un home moi cálido, e a min deume moita pena cando morreu.

O chavismo foi unha ditadura?

Chávez sempre foi elixido. A el si lle deron un golpe de estado. Os medios demonizárono, pero realmente onde están as probas que demostren que foi un ditador? El sempre convocou eleccións, e cando as perdeu aceptouno. Incluso a súa constitución contemplaba a figura do referendo revocatorio, que daba a posibilidade de cambiar ao presidente electo a metade de mandato. A vinculación do presidente Chávez

coa figura dun ditador non é máis que unha construción mediática.

Como ves o secuestro do presidente Maduro?

Eu, que o entrevistei dous días antes do ataque, penso que o presidente Maduro non contemplaba esa hipótese. Estaban en fase de negociacións e incluso tivera pouco antes unha conversa con Trump que Maduro cualificaba de respectuosa.

El estaba tranquilo, pero chegou a agresión. Foi un episodio moi violento no que os norteamericanos asasinaron a 110 persoas, entre os que había 32 gardas cubanos. A idea do secuestro non a contemplaba ninguén, creo eu. Pensábase máis nun intento de asasinato que na posibilidade dun secuestro.

Falemos do papel da prensa: A utilización, que se ve en España, dos medios de comunicación como instrumentos ao servizo das visións máis conservadoras da sociedade dáse noutros lugares?

Si, pasa en todas partes. Tratan de vender a idea de que a extrema dereita é unha concepción nova, limpa e virxe, como se non fora algo sobradamente coñecido que sempre existiu cun terrible balanço de terror. A extrema dereita é o peor da historia da humanidade. E o sistema mediático non é capaz de distinguir o verdadeiro do falso, porque hoxe en día tecnicamente é posible construír aparencias de verdade que son difíciles de refutar.

Por outra parte un xornalista hoxe non ten máis credibilidade que calquera persoa que poida ter moitos seguidores nunha rede social.

Pero a democratización da información é algo que sempre reclamou a esquerda

Si, é certo. Pero esa difusión xeneralizada creou unha enorme confusión e agora ninguén sabe onde está a verdade.

Segues a actualidade política española?

Non moito. Pero o que encontro é que Sánchez fixo cousas moi interesantes, como por exemplo a regularización dos emigrantes, ou a denuncia do xenocidio que sofre o pobo Palestino, ou

a súa negativa a que as bases estadounidenses en España fosen utilizadas na agresión contra Irán.

O que fai Israel en Gaza é un xenocidio?

Non é que o diga eu, e que o din as distintas instancias internacionais.

UCIN Galicia activa a súa folla de ruta para as municipais de 2027 cunha intensa xornada de traballo e coordinación política

José Luis Calo destaca a importancia de reforzar a presenza territorial e a escoita activa da cidadanía en toda Galicia

UCIN Galicia

A dirección de Ucin Galicia celebrou este sábado unha reunión de coordinación e análise política centrada na situación actual da formación, o labor institucional desenvolvido nos concellos e a preparación da estratexia política de cara ás eleccións municipais de 2027.

O encontro, encabezado polo coordinador de Ucin Galicia, José Luis Calo, serviu para realizar un amplo balance do traballo realizado nos últimos meses e para establecer as principais liñas de actuación da organización nos vindeiros anos, cun obxectivo claro: consolidar e ampliar a presenza municipal da formación en toda Galicia.

Durante a xornada analizouse a situación organizativa de Ucin nas diferentes comarcas galegas, avaliando o proceso de implantación territorial, a coordinación interna e o fortalecemento das estruturas locais que permitirán afrontar con garantías os retos electorais que se aveciñan.

Outro dos asuntos abordados foi o

seguimento da actividade dos representantes municipais da formación. A dirección destacou o traballo desenvolvido polos concelleiros de Ucin nos distintos concellos, poñendo en valor a defensa dos intereses veciñais e a aposta por unha política próxima, útil e centrada na resolución dos problemas reais da cidadanía.

No ámbito electoral, a reunión permitiu avanzar na planificación estratéxica das eleccións municipais de 2027. A formación traballa xa na ampliación da súa presenza en novos municipios e na configuración de equipos capaces de ofrecer alternativas sólidas e comprometidas co desenvolvemento local e coa mellora dos servizos públicos.

Ademais, Ucin Galicia acordou impulsar un novo calendario de encontros cidadáns por diferentes localidades galegas. Estas iniciativas de escoita activa terán como finalidade recoller de primeira man as preocupacións da veciñanza en cuestións como o acceso á vivenda, a seguridade cidadá, a



**CÁRNICAS
LABREGO**
SABOR RURAL

Praza de abastos
posto nº15
Salceda de Caselas

637 04 93 36

Servizo a Domicilio

BAR · RESTAURANTE

CASTRO

COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154
Teléfono: 986 330 757

36400 **PORRIÑO**
Pontevedra

Peixería

Luz María

"O mellor do mar en pleno Peinador"

Estrada Peinador-Os Valos, 7 Interior
(Mos)



mobidade, o estado dos servizos públicos e o abandono institucional que denuncian numerosos barrios e vilas de Galicia.

Ao remate da reunión, José Luis Calo subliñou que "UCIN Galicia continúa medrando desde o municipalismo, escoitando aos veciños e construíndo unha alternativa política baseada na proximidade, a xestión e o compromiso co territorio. As eleccións muni-

cipais de 2027 son un reto importante e estamos traballando desde hoxe para chegar a esa cita electoral cun proxecto forte, unido e preparado para seguir avanzando".

A formación reafirma así a súa aposta por un modelo político centrado nos concellos, na participación cidadá e na defensa dos intereses dos galegos desde a proximidade e o coñecemento da realidade local.

gobierno do PP de Alejandro Lorenzo cumpra o aprobado no Pleno e comece

un proceso de protección na defensa do medio e da saúde do Porriño.

O BNG consegue que a contaminación do río Fonteliño chegue á Fiscalía de Medio Ambiente

O BNG do Porriño conseguiu no último pleno que se acordase denunciar a continua e reiterada contaminación que sofre o río Fonteliño. A denuncia será interposta na Fiscalía de Medio Ambiente do estado. O obxectivo é deter as agresións que sofre este rego poñendo en risco a vida natural e a das persoas.

O Porriño

O Concello do Porriño vén sufrindo de forma reiterada graves episodios de contaminación do Río Fonteliño ou río de Couso ao seu paso pola parroquia de Cans. O BNG do Porriño denunciou reiteradamente a

gravidade desta situación. A resposta ata o de agora do goberno do PP fora votar en contra. No último pleno, a forza nacionalista conseguiu alcanzar a maioría de apoios para que se comece a actuar.

Existen riscos potenciais sobre a saúde das persoas, unha ruptura do equilibrio do ecosistema e a vulneración dos dereitos das persoas dunha parroquia que non quere ver este escenario constante do seu río contaminado. A pesar das múltiples denuncias realizadas por persoas particulares e aso-

ciacións ante a empresa Vontorantim Cimentos por delitos ambientais, persisten estes episodios, agravados ultimamente de forma crítica.

"É competencia municipal protexer o medio do seu concello e, de ser necesario, denunciar ante as institucións competentes. Non facelo é ser cómplice desta situación de contaminación reiterada.", advirte Marcelo Rodríguez, concelleiro do BNG do Porriño

A maioría do pleno apoiou a proposta da forza nacionalista para que o goberno municipal denuncie ante a Fiscalía de Medio Ambiente a empresa por todos os vertidos contaminantes no Río Fonteliño ou Río de Couso e polos posíbeis prexuízos cara á saúde pública. O Bloque velará agora que o

O Porriño presenta un novo código QR para chegar a programación municipal a veciños e visitantes

A ferramenta, presentada hoxe xunto a comerciantes e hostaleiros do municipio, permitirá consultar en tempo real toda a actividade cultural, deportiva, turística e de lecer que se desenvolve no concello

O Porriño

O Concello do Porriño presentou hoxe un novo código QR informativo destinado a facilitar o acceso á programación municipal tanto a veciños como a visitantes e peregrinos. A iniciativa foi dada a coñecer nun encontro celebrado na Sala de Comunicación do Concello no que participaron representantes do sector comercial e hostaleiro do municipio, que ademais recibiron os códigos para a súa instalación nos seus establecementos.

A través desta ferramenta dixital, calquera persoa poderá acceder desde o seu teléfono móbil á programación actualizada das actividades que se celebren no concello, incluíndo eventos culturais, turísticos, deportivos, gastronómicos, comerciais e de lecer.

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, destacou que "seguimos traballando para facer do Porriño un municipio máis accesible, moderno e conectado. Queremos que quen nos visite poida descubrir facilmente todo o que acontece aquí e aproveitar ao máximo a súa estancia no noso concello, pero tamén que a veciñanza participe en todas as nosas actividades".

O rexedor subliñou ademais a importancia da colaboración co tecido empresarial local, sinalando que "os comerciantes e hostaleiros son os mellores embaixadores do Porriño. A súa im-

plicación neste proxecto é fundamental para que a información chegue a máis persoas e para ofrecer unha mellor experiencia a quen nos visita".

Pola súa banda, a concelleira de Turismo, Vanessa Ucha, explicou que o novo sistema permitirá manter a información permanentemente actualizada, ofrecendo unha canle directa e sinxela para coñecer toda a actividade municipal. "O Porriño conta cunha programación moi dinámica ao longo de todo o ano e queremos que veciños e visitantes poidan coñecela en tempo real. Cun simple escaneo do código QR terán acceso inmediato a toda a información e non perderán ningunha actividade que se estea a celebrar no noso concello", indicou.

Os códigos QR estarán dispoñibles en establecementos hostaleiros, comercios, aloxamentos turísticos e outros puntos estratéxicos do municipio, facilitando o acceso á información desde os lugares que habitualmente frecuentan visitantes e peregrinos.

Con esta iniciativa, o Concello do Porriño reforza a súa aposta pola innovación e a dixitalización como ferramentas ao servizo da promoción turística e da dinamización da vida social, cultural e económica do municipio, permitindo que toda a programación municipal estea ao alcance da man os 365 días do ano.

SILVAKARAVAN
AUTOCARAVANAS

COMPRA - VENTA - ALQUILER

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39
36350 Nigrán
Pontevedra

986 365 629
696 383 650
696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño
36475 Salceda de Caselas
Pontevedra

986 346 842
696 143 835
696 293 764

Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes

PEINADOR - TORROSO
(Mos)
Al lado de la Capilla de San Juan

986 337 187
645 991 192

“Nas municipais do 27 aspiramos a unha suba importante en votos e en actas”

Tano Guerra, candidato do BNG á alcaldía de Salceda

Despois de dous mandatos sen representación, o nacionalismo recuperou a presenza no Concello de Salceda no mandato actual na persoa do veciño da Picoña, Tano Guerra. A asemblea local do bloque ven de nomealo de novo candidato á alcaldía de Salceda nas municipais que se celebrarán en maio do 2027. Nós conversamos con el para coñecer as súas impresións, e a súa valoración sobre a situación política de Salceda. Tano amosouse confiado en que o traballo colectivo do BNG neste mandato sirva como base para acadar un importante crecemento no próximo proceso electoral.



Tano Guerra

Despois de dous mandatos sen representación, o BNG recuperou a presenza na corporación de Salceda no ano 23. Como valoras este mandato desde a óptica do BNG?

O que teño que dicir con total contundencia é que se notaba a falta do nacionalismo na corporación de Salceda.

Por que?

Os que se marcharon do BNG no 2013 estiveron facendo ver nestes anos que o BNG eran eles. Pero estes tres anos que levamos consumidos do mandato actual demostraron que o nacionalismo non estaba, ata o 2023, no Concello de Salceda.

Para ti Movemento Salceda fai apropiación indebida do corpo electoral do nacionalismo?

Si, téño clarísimo. Pero xa non o fai. Fíxoo ata que chegamos nós no 2023. Nestes anos amosamos que existen diferenzas salientables á hora de facer política entre MS e o BNG.

Por exemplo?

Nós temos un modelo e un programa de futuro. Non se limitan a unha fase como din eles “a segunda transformación de Salceda”, senón que defendemos un proxecto global que abrangue a Salceda na súa integridade.

Se imos ao particular quixera destacar un aspecto no que temos unha visión radicalmente distinta á de MS: O “catastrozo”. Esta cuestión foi unha das que fixo inviable a nosa participación no goberno local.

O goberno de Salceda nunca quixo atender adecuadamente este problema e preferiu fuxir cara adiante. É unha grande inxustiza cara as persoas que viven nas parroquias. Hoxe a zona urbana está pagando a mesma contribución que no ano 16, e a diferenza asúmela a veciñanza das parroquias.

Movemento Salceda non fai nada para afrontar este tema?

Non. Nós ofrecémoslle no ano 24 sentarnos para tratar de abordar este asunto, pero eles non queren. MS non quere problemas, limitase a xestionar como pode o día a día e punto.

Hai posibilidades de que o Concello teña que acabar por devolver cartos cobrados de máis no recibo do catastro?

Si, claro que pode acontecer. A ver como remata este asunto. Pero se fose así sería un problema moi grave para un concello que neste momento ten unha débeda de 4,7 millóns de€.

O dispendio de cartos que fai este concello é intolerable. Por ese motivo non podemos apoiar os dous orzamentos que levaron a pleno.

Pero abstivéstevos

Si, froito dunha negociación política con eles que deu como resultado o compromiso do goberno de acometer unha serie de actuacións que nós entendemos moi positivas para o conxunto da veciñanza

de Salceda.

Ben, antes de que me contes cales foron eses compromisos quero facerche unha pregunta moi concreta: Movemento Salceda é un proxecto concibido para darlle traballo a unha serie de persoas determinadas?

Ben, que cadaquén tire as súas propias conclusións sobre o papel político de MS.

Cales son eses compromisos que lle arrincastes ao goberno local na negociación dos orzamentos?

Son dúas cuestións referentes á mellorar a mobilidade na nosa localidade:

-Nós propuxemos unha vía que desemboque na rotonda da Gándara que vai ser enormemente beneficiosa para a xente da Feira, Barreiro e a Picoña. Unha vez que se concrete quedaría unha zona perfecta para o desenvolvemento urbanístico. Esta vía xa fora aprobada polo pleno. Tivemos que negociar que o goberno local se comprometese a encargarse do proxecto.

Bar 59

Especialidad en CORDERO y COCIDOS
Tapas variadas y Vinos del país

Teléfono 986 63 91 44
Soutelo - Borrallño

O BRASEIRO DO LUCHO

ESPECIALIDADE EN CHURRASCO E POLOS A BRASA
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS...

COMIDA PARA LEVAR & A DOMICILIO
HOXE COCHIAMOS NÓS!

TELF. 604 007 240 R/ Rafael Tilve Adrio, 8 SALCEDA DE CASELAS

CARNICERÍA TRANVÍA CHARCUTERÍA

Peinador 81 - 36417 Mos
Tel 986 487 947 - 646 907 230

Ferretería Mos S.L.

“En Puxeiros”

Rúa Ludeiro 31 A - Mos 986 682 494

info@ferreteriamos.com
www.ferreteriamos.com

TUDO PARA EL PROFESIONAL



-A vía do Gumil, que baixaría desde a Vendanova ata a zona escolar e deportiva. Esta proposta ten por obxecto suavizar o tráfico arredor da contorna dos colexios. Alí tamén abriríamos a posibilidade de desenvolvemento urbanístico de toda esa zona detrás dos colexios.

Nestas dúas zonas pode haber maior desenvolvemento urbanístico que o de todo o PERI do que está a presumir o goberno local.

Fíaste da seriedade do goberno local á hora de cumprir eses compromisos?

Estaremos moi vixiantes. E se non se cumprisen vannos ter en fronte con seguridade.

A aritmética municipal, caprichosa, sitúa ao BNG nunha tesitura complicada, pois ás veces non queda outra que escoller entre MS e PP. Esa limitación ten condicionado a túa actuación política estes anos?

Non, en absoluto.

Como é a situación económica do Concello?

Nós non queremos ser alarmistas, pero a situación económica do Concello haina que abordar con seriedade.

E o que non pode ser e pasarse en dúas de milleiros de € en partidas como por exemplo as que se destinan a festas. A situación económica do Concello esixe que se formule con seriedade a posibilidade de recortar gastos superfluos. No caso contrario non quedaría outra alternativa que subir continuamente os impostos.

Hai risco de intervención?

Podería habelo, si.

A situación económica deriva dunha negligente xestión económica de Movemento Salceda?

Por suposto. Aínda que cando Marcos Besada chega a alcaldía a situación que

herda era desastrosa, pero el nunca se tomou en serio a cuestión económica. E non se pode gastar o que non hai.

É dicir non todo naceu desde o 2007, pero o que este goberno nunca tivo foron criterios de axuste económico para afrontar a situación con rigor.

No mes de marzo apareceron unha serie de insultos, pintados nas rúas da Picoña, contra a túa persoa. Que sabemos diso?

Hai xente relacionada co PP que xoga ao que falta. O PP de Salceda non é a cara amable que pretenden facer ver parte dos seus membros. Xa non é a primeira vez que aparecen pintadas na rúa ao respecto de min.

O tema ven por unha desavinza na CM, eu son o secretario. E hai xente que vai ao seu, non ao de todos, e parece que non teñen escrúpulos en moverse dese modo.

O BNG ven de anunciar que novamente serás ti o seu candidato á alcaldía de Salceda. Cales son as expectativas realistas do Bloque cara as municipais do 27?

Eu penso que o traballo que desenvolvemos estes tres anos foi importante. Fixemos un traballo que ninguén fixo, en cantidade e en calidade. Nós tendo un só concelleiro levamos bastantes máis propostas que o PP que ten 6. Eles fixeron un labor paupérrimo. A verdadeira oposición foi a nosa.

Entendo que a valoración da maioría social de Salceda sobre o nosa política no concello é positiva, e as perspectivas coas que afrontamos o próximo proceso electoral son claramente de ascenso: Aspiramos a unha suba importante en votos e en actas. Nós ata agora tivemos un papel corrector do goberno, a partir das municipais do 27 aspiramos a ter un papel director do goberno.

O PSdeG-PSOE do Porriño denuncia que o programa municipal de vivenda do PP remata con “cero resultados” mentres aumenta a crise do alugueiro

O Grupo Municipal Socialista do Porriño denunciou no Pleno municipal o fracaso do Programa Municipal de Vivendas Baleiras anunciado polo Goberno de Alejandro Lorenzo no ano 2024 como unha das principais solucións ao problema da vivenda no municipio

O Porriño

Durante o debate da moción presentada polo PSdeG-PSOE, o propio Partido Popular recoñeceu oficialmente que, case dous anos despois do anuncio do programa, non existe ningunha vivenda adherida, non hai propietarios inscritos e non se formalizou ningún contrato de alugueiro.

Para os socialistas, “a realidade desmonta completamente a propaganda realizada polo Goberno municipal en materia de vivenda. O programa estrela do alcalde remata con cero vivendas reais despois de dous anos. Ese é o balance”, sinalou o portavoz socialista David Alonso Bargiela.

O PSdeG lembra que esta situación prodúcese nun momento especialmente delicado para o acceso á vivenda no Porriño, cun mercado cada vez máis tensionado pola presión da área metropolitana de Vigo, a actividade industrial e a escasa oferta de alugueiro residencial existente no municipio.

Para os socialistas, a situación está agravándose tamén pola expansión descontrolada das vivendas de uso tu-

rístico (VUT), un fenómeno que leva anos reducindo a oferta de alugueiro residencial estable e contribuíndo á subida dos prezos. Distintas administracións e cidades da área de Vigo xa iniciaron procesos de regulación ante o impacto das VUT sobre o acceso á vivenda e a convivencia veciñal. “Aquí seguimos sen planificación, sen regulación e sen medidas reais mentres cada vez desaparecen máis pisos do mercado residencial”, denuncian.

O Grupo Socialista considera especialmente preocupante que no mesmo Pleno tamén quedase confirmado que non existe ningún prazo concreto para as máis de 300 vivendas anunciadas dentro do PIA autonómico, nin tampouco garantías claras sobre a execución das 60 vivendas anunciadas na Avenida de Galicia vinculadas á cooperativa Locus. “Os veciños levan anos escoitando anuncios sobre centos de vivendas, pero a realidade é que non hai nin unha soa vivenda nova executándose nin unha soa vi-



RABADEIRA

AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS
ALINEADO
DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES

Telf. 986 340 753
Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS
rabadeira2011@hotmail.com



venda baleira mobilizada polo Concello”, afirman.

Para o PSdeG, o problema xa non é só a falta de resultados, senón “a sensación permanente de improvisación, incerteza e ausencia de planificación arredor da política de vivenda do Goberno local. A mocidade do Porriño está cansa de anuncios que nunca chegan. Non pode construír o seu futuro con infografías, promesas sen prazos e proxectos que quedan permanentemente no aire”, afirmou David Alonso Bargiela.

Os socialistas consideran especialmente grave que, tras cinco anos de goberno de Alejandro Lorenzo, “o único movemento urbanístico realmente visible do Partido Popular foran modificacións puntuais e operacións urbanísticas que obedecen a patróns da dereita máis rancia, mentres o problema real da vivenda continúa empeorando. O Porriño necesita unha estratexia seria de acceso á vivenda, máis alugueiro residencial e menos propaganda. Porque mentres noutras cidades xa se están tomando medidas para frear o impacto das vivendas turísticas e aumentar a oferta residencial, aquí seguimos con cero resultados reais”, conclúe o PSdeG-PSOE do Porriño.

“A CUT ten cadros con peso sindical suficiente para poder ser SX”

Ricardo Castro, SX da CUT

No ano 2017 o vigués Ricardo Castro accedía á secretaría xeral da CUT, e naquel ano fixenlle unha entrevista no bar do noso común amigo Nolo, na parroquia redondelá de Reboveda. Desde aquel momento, todos os anos por estas datas, regularizamos o costume de conversar para coñecer como van as cousas polo sindicato do que é máximo responsable.

Esta entrevista que poderán ler a continuación é a derradeira como SX da CUT, pois no congreso do próximo ano Ricardo non se volverá presentar e retirarse aos cuarteis de inverno no que respecta á práctica sindical. El entende que a central, como calquera proxecto colectivo, precisa renovar os seus órganos periodicamente.

Eu vou botar de menos estas conversas con quen é un tipo lúcido e consciente que, milite onde milite, sempre ten que estar do mesmo lado de quen temos conciencia de clase e pensamos que o pobo galego é un pobo de seu que debe de ter a posibilidade de decidir o seu camiño. Velaí vai a 10º, e derradeira entrevista a Ricardo Castro como SX da CUT.



A actual etapa como SX comezou no 2017. Desde aquela cada ano, e xa van 10, fágome unha entrevista para coñecer o teu punto de vista sobre a realidade das cousas. Esta vai ser a derradeira entrevista que che faga como SX da CUT?

Si, vai ser a última. Eu entendo a necesidade de renovar os órganos de dirección da centra sindical, como de calquera proxecto colectivo. E no congreso que teñamos o ano próximo xa non vou presentar a miña candidatura.

En que data teredes o

congreso?

Non o saberemos con certeza ata o 10 de xuño, pero será no primeiro semestre do 27 con seguridade.

Hai algún límite estatutario que che impida presentarche a un novo mandato?

Non, non o hai. É unha cuestión de vontade persoal, non existe ningunha razón estatutaria que mo impida.

Só é cuestión de vontade? Ou tamén estás canso?

Todo incide. Pero o esencial é o que che comentei: A miña convicción persoal de que para a saúde de calquera proxecto colectivo é imprescindible renovar periodicamente os órganos de dirección.

Vai ser unha renovación só da figura do SX, ou haberá máis cambios?

Vai ser unha renovación máis profunda.

Quen te vai substituír? Vitor Mariño, Raquel Lema...?

Non está decidido aínda. Alén dos nomes que mencionas hai outras persoas que tamén teñen posibilidades. Afortunadamente na CUT temos cadros con peso sindical suficiente como para poder exercer de SX de maneira notable.

Haberá candidatura de consenso, ou prevés conflito?

Nunca na historia da CUT se escolleu a figura do SX de ningunha outra maneira que non fose a través dunha candidatura de consenso. Desta volta intúo que será igual, malia que por descontado pode presentarse quen queira.

Facemos esta entrevista o 26 de maio

Tu tienda de productos naturales en Porriño

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO

C/ Antonio Palacios, 36, 36400, Porriño, Pontevedra.
E-mail/mimatesaludnatural@gmail.com
Búscanos en Facebook: Mimate

Tu Bacata

Estamos en **Torneiros**
(Antigo Bar Cherokee)

Visítanos!

Inmobiliaria Traviesas

Carlos Parada Pereiro

647.607.657

c/ Vigo Nº 14, portal 3 - Bajo
(36470) Salceda de Caselas - Pontevedra

Telf. 986.340.500

Movil. 628.174.501

www.inmobiliariatraviesas.es
E-mail: info@inmobiliariatraviesas.es



SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO

SALCEDA DE CASELAS

Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com

www.sumyrent.com

e neste momento Vigo vive un conflito laboral dos traballadores e traballadoras do lixo. Imaxino que cando publiquemos xa estará solucionado, pero neste momento a cidade fermosa da que presume o alcalde é unha cidade chea de merda de esquina a esquina. Cal é a túa valoración dese conflito?

Insíroo na tendencia actual consistente en adelgazar todos os servizos públicos. O que se fai é minimizar os gastos destinados a atender as necesidades básicas da poboación, e derivalos a outros destinos como o populismo barato do alcalde nas luces de Nadal de Vigo. O concello de Vigo funciona mal. Priorizan a estética e a publicidade sobre as cuestións realmente relevantes que están totalmente esquecidas.

Mencionas o "populismo barato" do alcalde de Vigo. O seu anuncio de facerlle unha estatua a Iago Aspas é populismo barato?

Si, si que o é. Eu prefería gastar eses cartos nas persoas que construíron esta cidade,

ou en solucionar os terribles dramas individuais das persoas que non teñen teito e dormen todos os días na estación de autobuses, ou que non teñen que comer. E por desgraza penso que a tendencia é ir a peor. Estamos entrando nunha fase da historia onde ter un traballo non impide que sexas pobre.

Cal é a valoración da CUT sobre o recente conflito do metal?

Nós non temos representación, pero temos afiliación e opinión. A nosa visión é moi crítica, para min o que pasou este ano é unha fotocopia do que aconteceu no anterior convenio: A folga non é máis que unha posta en escena porque o preacordo xa está asinado de antemán. E paréceme que hai unha postura cómoda da CIG.

En que se concreta esa suposta postura cómoda da CIG?

En que segue o xogo de CCOO e UGT. Se queres que o conflito sexa realmente o camiño para solucionar este asunto é necesario facer moitas máis asembleas das que

se fan. A CIG é o sindicato maioritario de Galicia, o que ten máis representación, o que ten máis afiliación, e polo tanto o que ten máis responsabilidade

Se de verdade quixera acender o conflito, a CIG ten capacidade para podelo facer se quixera.

Como vai a saúde interna da CUT?

Seguimos medrando en afiliación e de forma máis lenta en representación.

Este ano hai eleccións en Stellantis, a principal empresa de Galicia, e onde a CUT ten unha importante representación. Como as encarades?

Con moito optimismo. Agardamos que a nosa política sindical estes anos chegara á maioría social dos traballadores e traballadoras, que moitas desas persoas perdan o medo a votar con liberdade, e que se reflita nuns resultados positivos para nós.

Agardas crecer ou daríaste por satisfeito se mantedes o que tendes?

Eu agardo crecer.

Hai algún sector onde teñades perspec-

tivas positivas de crecemento?

Estamos nunha dinámica moi positiva no sector de automoción e en alimentación tamén.

O que se albisca en Pescanova de tratar de levar o convenio a Madrid, é un fenómeno só desta empresa?

Non, é unha nova táctica da patronal que nós observamos con moita preocupación pois levando os convenios a Madrid perseguen que CCOO e UGT sempre teñan maioría, e en consecuencia obter na sinatura dos convenios condicións mellores para os empresarios e peores para a clase traballadora.

Rematamos: Unha vez que se acabe a túa etapa como SX que vai ser da vida sindical e profesional de Ricardo Castro?

Seguirei sendo militante da CUT e colaborarei en todo o que me pidan na vida do sindicato, pero como antes che mencionei non vou estar en ningún organismo. E no que atinxe á miña vida profesional enfocareina traballando na empresa privada.



Paulo Peres Lago, Comité Antifascista da Louriña

Enxeñaría e control social

opinión

A raíz da plandemia puxéronse de actualidade conceptos como enxeñaría e control social. Que a 'Operación Covid' foi un experimento de obediencia civil deseñado polas elites corporativas tecnolóxicas nun laboratorio biolóxico en Wuhang (China) financiado pola fundación Bill Gates, a USAID, e outros "filántropos" euxenistas, non é a estas alturas ningún segredo.

Para levalo a cabo recorreron a equipos de científicos e doutores confirmando a narrativa, medios de comunicación

para espallar o relato, forzas militares e policiais para que se cumpran as medidas técnicas adoptadas, poder político e gobernos para lexitimar a ficción apocalíptica, e unha forte censura nas redes sociais contra toda discrepancia. Coa manipulación conseguiron unha opinión pública favorábel e a instalación no senso común da narrativa desexada.

Todo este tipo de manipulacións non xurdiron de repente, é algo que o poder leva facendo dende que a loita de clases é o motor da historia, aplicando

a máxima de 'divide e vencerás'. Os escravistas tiñan o medo como principal ferramenta aplicando outras medidas complementarias como mesturar en pequenos grupos diferentes etnias e linguas, pequenas torres de Babel nas que era case imposíbel a organización e a loita pola liberación.

Na idade media foi o analfabetismo, mantendo as clases dominadas na ignorancia para manipulalas. O coñecemento inoculábase ao pobo a través da relixión, coa manipulación ideolóxica e espiritual que levaba a aceptar o desti-

no como algo inevitábel, 'vimos a terra para sufrir, e é a través da morte que conquistaremos o paraíso'.

Coa transformación industrial cara outro modelo de organización social, económica, e cultural estas ferramentas foron cara un plano 'secundario'. En tempos de paz social cobraba vital importancia para as clases dominantes o control das mentes, do pensamento tanto individual como colectivo, para obstaculizar e paralizar calquera forma de oposición a un sistema inxusto e criminal que desprezaba as vidas dos do-

AGRO MOSENDE

Telf. 986 333 688 - 659 661 914 agromosende@gmail.com
Cabadiña, 3A - 36.413 Mosende - PORRIÑO

FLOR DE LOTO
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00

O Progreso
Panadería - Cafetería

O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079

minados. Posteriormente, o ensino público foi creado para adestrar as masas nas novas necesidades do sistema e ao mesmo tempo, impedir o pensamento crítico que puidese facilitar a toma de conciencia e a posíbel organización de oposición e loita.

Ao longo do tempo todas estas ferramentas de sometemento foron perfeccionadas e complementadas xunto a outras ao calor dos avances industriais e tecnolóxicos. O medo, a censura, a represión, a contaminación mental convencendo de que non hai outro modelo posíbel, o entretemento, o monopolio da publicación académica con cooptación nas universidades daquelas mentes máis brillantes e mesmo das subversivas que a cambio de migallas, subían ao carro da modernidade para defendela.

A débeda, outra forma máis de parálise social, non so activa o consumo, tamén facilita o estrangulamento da loita social e sindical. Quen vai facer unha folga indefinida cunha hipoteca ás costas? Ou cun préstamo do coche vixente? Ou simplemente coa ameaza de sancións punitivas por participación en ditas loitas?

Coa tecnoloxía que foi posta a disposición das masas xa antes de ser liberada para o seu uso incorporaba elementos de control útiles aos fins da burguesía. A liberación de internet que foi un aparello de uso militar co que podías comunicarte con calquera parte do mundo, con persoas doutras latitudes, alonxándote dos teus veciños, dos teus amigos, e sobre todo dos teus compañeiros de traballo. Como vas a organizarte para loitas se estás desconectado de tódolos elementos necesarios?

A variedade, a diversidade, foi aniquila-

da polo algoritmo que coa falsa aparencia de axuda está guiándote e encarrilándote cara o autoillamento. Os celulares convertéronse nunha ampliación do corpo físico que te acompaña a tódalas partes, recopilando datos que non se usan individualmente, mais que xunto a outros informan e compoñen un mapa social que é constantemente monitoreado para ser guiados polos pastores do sistema. Cámaras, software's de seguimento, espionaxe, veñen de serie para facilitar o traballo.

A intelixencia artificial é o novo paradigma que unifica tódolos modos de manipulación e control social. A capacidade de procesar cantidades masivas de datos permite aos estados e as corporacións predicir e modificar o comportamento a grande escala, eliminando a privacidade. O seu uso como mecanismo de dominación maniféstase con vixilancia masiva e biométrica, recoñecemento facial, rastreo biométrico, e control das comunicacións, que permite o seguimento e a identificación en tempo real. Avaliación do comportamento cívico e moral das persoas, limitando as súas liberdades en función das súas opinións, control da disidencia a través da 'seguridade nacional', férreo control sobre a narrativa coa falaz escusa de loita contra fake news, as redes sociais como "droga cognitiva" para manter a túa atención, dirixir con sutileza as túas decisións, polarizar debates, etc.

Mais a pesar de todo isto, debemos lembrar que todo sistema social crea no seu interior o sepultureiro que lle dará fin. Toda dominación crea resistencia.

**A loita é o único camiño!
Antifascistas e antiimperialistas sempre!**

Nidia Arévalo entrega aos operarios municipais a "Escoba de Oro 2026" en recoñecemento ao seu traballo diario

Mos

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, fixo entrega esta mañá da "Escoba de Oro 2026" aos traballadores e traballadoras dos servizos municipais de limpeza, mantemento e xestión de zonas verdes, nun acto simbólico de agradecemento polo labor que realizan cada día en favor da imaxe, a sustentabilidade e a calidade de vida do municipio.

O galardón, recollido onte en IFEMA (Madrid) polo concelleiro de Servizos Públicos, Baldomero Lorenzo, recoñece a excelencia do modelo de xestión de residuos implantado en Mos e o compromiso do Concello coa mellora continua dos servizos ambientais.

Durante o acto, a rexedora quixo compartir este recoñecemento co persoal municipal, destacando que "este premio leva o nome de Mos, pero ten o rostro de todas as persoas que traballan cada día para manter o noso concello limpo e coidado. A "Escoba de Oro" non estaría hoxe aquí sen o voso traballo diario".

A alcaldesa agradeceu expresamente o compromiso dos operarios e operarias municipais, sinalando que "sodes un exemplo de compromiso co servizo público e co benestar da nosa veciñanza. Cada rúa limpa, cada parque coidado e cada espazo público en boas condicións leva detrás o voso esforzo e a vosa dedicación".



Nidia Arévalo tamén quixo poñer en valor o carácter colectivo deste recoñecemento: "Quero darvos as grazas polo voso esforzo silencioso, constante e imprescindible. Este recoñecemento é compartido e pertence a todo o equipo que fai de Mos un referente ambiental". E fixo tamén extensivo este agradecemento ao concelleiro Baldomero Lorenzo e á concelleira de Medio Ambiente Laura Méndez. O Concello de Mos continuará reforzando os dispositivos de limpeza viaria, mantemento de zonas verdes e prevención de incendios, cun investimento que rolda os 600.000 euros e que permitirá seguir mellorando a prestación destes servizos esenciais para a veciñanza.

A "Escoba de Oro 2026" converte así a Mos nun referente en materia de xestión ambiental e recoñece o esforzo colectivo dun equipo humano que traballa cada día para construír un municipio máis limpo, máis verde e máis sostible.

TALLERES
Ferreira
SERVICIO TÉCNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas

C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)
e-mail: taller.ferreira@hotmail.com
Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019

EL SOL
CARBURANTES
EL SOL

Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)

Estrada Porriño - Redondela 76
tel: 986336303 - administracion@carburanteselsol.com

Ven e Infórmate!

APVCA
APLIVILCA

APLICACIÓN DE SISTEMAS DE IMPERMEABILIZACIÓN
Persoal especializado e profesional

DEPÓSITOS DE COMUNIDADES DE AUGAS
Impermeabilización, limpeza e desinfección **CERTIFICADA**

SERVIZOS A EMPRESAS E COMUNIDADES
Pavimento, fachada, patio, garaxe, mantementos...

APLICACIÓN E VENDA DE PRODUTOS

Subida ó Rebullón 28 - Mos Telf.: 986 49 88 72 www.aplivilca.com info@aplivilca.com

A ideoloxía queer no deporte feminino: xustiza ou discriminación?



nación do sector queer ante recente decisión adoptada polo Comité Olímpico Internacional (COI) de impedir que as persoas que pasasen pola puberdade masculina compitan en categorías femininas. Esta restrición está dirixida en concreto ás mulleres trans e ás persoas con desenvolvemento sexual diferente (DSD), quen combinan características sexuais femininas e masculinas.

A partir de 2028, as atletas serán sometidas a probas para as que deberán obter un resultado negativo para o xene SRY. Este xene, ao localizarse no cromosoma Y, é o responsable do desenvolvemento dos caracteres sexuais masculinos no embrión. Estas medidas aplicaranse a nivel mundial e a única excepción será o caso das persoas que padecen o síndrome da insensibilización de completa aos andróxenos (CAIS), o cal impide que pasen a puberdade masculina.

Nos últimos anos, presenciamos casos cando menos cuestionables de atletas masculinos que aseguraban ser mulleres trans e, en consecuencia, esixían competir na categoría feminina. Un dos máis soados foi o do nadador estadounidense autodeterminado Lia Thomas, que competiu na categoría feminina universitaria despois de ter participado previamente na masculina. A súa vitoria no campionato nacional da National Collegiate Athletic Association (NCAA) xerou unha intensa controversia e levou a numerosas deportistas a cuestionar se as regras vixentes garantían unha competición xusta: as autoidentificadas mulleres trans estaban a monopolizar os premios femininos. Ademais, as queixas das atletas por feitos como o seren forzadas a compartir vestiarios con homes biolóxicos (véxase o caso de Lia Thomas) foron tachadas de transfobia e a súa preocupación interpretouse como un comportamento incompatible cos valores do deporte, o cal supuña unha afronta contra os dereitos das persoas trans. Ante o repunte

das protestas, federacións como World Athletics, World Aquatics ou a Unión Ciclista Internacional xa non puideron ignorar máis esta situación que, entre outros aspectos, para moitas mulleres podía conlevar a fin da súa carreira. Decidiron endurecer as súas normas a partir de 2022 e 2023, restrinxindo a participación de atletas que pasaran pola puberdade masculina nas categorías femininas de élite.

Actualmente, atopámonos inmersas nunha estendida e sorprendente controversia. Mentres que afirman ser feministas, os sectores queer loitan pola inclusión das "mulleres" trans mesmo en ámbitos que poden danar a saúde física das mulleres. A isto chamámoslle inclusión e progresismo? A súa manipulación descarada da realidade chega a extremos como negar os efectos da puberdade masculina no corpo dos homes e esixir que a estas persoas se lles permita competir contra mulleres. Este caso non é unha excepción, senón que a retórica queer segue avanzando na súa burbulla de igualdade selectiva e dogmatismo, mesmo se o mundo se move no sentido contrario. E as mulleres, nesta ocasión, parece que non estamos na súa axenda.

Non foi ata os Xogos Olímpicos de París do 1900 que se creou a categoría feminina na que as mulleres podían competir en certas disciplinas "aceptables" para o xénero feminino, coma o tenis ou a hípica. A segregación por sexos no deporte non é un capricho das feministas, senón que se establece para garantir a equidade nas competicións e a integridade das deportistas, especialmente nos deportes de contacto como o boxeo ou as artes marciais. Desta maneira, lógrase compensar as diferenzas biolóxicas que situarían ás mulleres en desvantaxe con respecto dos homes, quen polo xeral posúen unha maior forza, capacidade pulmonar e masa pulmonar, entre outras características.

É por isto que as abolicionistas nos sorprendemos ao presenciar a indig-

terísticas sexuais femininas e masculinas. A partir de 2028, as atletas serán sometidas a probas para as que deberán obter un resultado negativo para o xene SRY. Este xene, ao localizarse no cromosoma Y, é o responsable do desenvolvemento dos caracteres sexuais masculinos no embrión. Estas medidas aplicaranse a nivel mundial e a única excepción será o caso das persoas que

Fe de erratas

No artigo da pasada edición "A visita do papa, cal é o problema?" do colectivo As Silveiras, non saíu a referencia que vai ao final deste texto por un erro involuntario. Pedimos desculpas

(Baseado en J.A. Aguilera Mochón, diario Público 17/03/2026)



NEUMÁTICOS
Belicar
Joaquín Benito Sousa
652 95 50 50
FRONTE AO LEROY MERLIN
neumaticosbelicar@gmail.com
Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos

adega
tría Cartmeyer
T. 986 333013. Mób. 600 304608
Estrada Porriño - Redondela 237. LOUREDO. 36415 MOS

asegal
asesoría fiscal, laboral y contable
seguros
SUSANA CABAILEIRO
Manuel Rodríguez 112 PORRIÑO
Tlfo. 986338216 info@asegal.org

Talleres
S. Malvar
Carretera de Vigo a Madrid (Antigua N550)
AVDA DE GALICIA 53 A MOS
986 092 947



O Abelán: xoia natural de Fornelos da Ribeira

opinión

Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira

Máis aló dos mapas, hai lugares que permanecen gravados na memoria das xentes. Tal é o caso do Abelán, situado na ribeira do río Tea. No corazón de Fornelos da Ribeira, esta praia fluvial é moito máis ca unha zona de baño: é un espazo de encontro, un refuxio natural e o símbolo dunha parroquia que medrou entre viñedos, millo, carballeiras e a auga dun dos ríos máis fermosos de Galicia.

Quen coñece o Abelán sabe que non cómpre agardar ao verán para apreciar a súa beleza. Cada estación deixa aquí a súa pegada: a frescura da primavera, a plenitude do estío, os tons dourados do outono e a tranquilidade do inverno.

O RÍO TEA: ALMA DA COMARCA

O río Tea, coas súas augas limpas e as súas ribeiras arboradas, forma un ecosistema de enorme valor ambiental. Ameneiros, salgueiros, freixos e carballedos acompañan o seu curso, ofrecendo sombra e abrigo a numerosas especies de aves e pequenos animais. O Abelán é, en certo modo, a expresión máis visible desta relación histórica coa natureza.

UN LUGAR PARA VIVIR O VERÁN

Coa chegada dos días calorosos, a praia fluvial transfórmase. As familias ocupan as mesas do merendeiro, os máis novos descubren os segredos do río e os maiores gozan dunha conversa á sombra das árbores. Aquí no existen prásas; o tempo parece avanzar máis amodo, seguindo o ritmo apracible das augas.

Durante décadas, xeracións enteiras de veciños aprendemos a nadar nestas

augas. Moitos –coma min– conservamos aínda a lembranza daqueles baños de infancia, de tardes interminables de agosto e dos paseos de regreso ao eido cando o sol xa desaparecía.

A IDENTIDADE DE FORNELOS E A GRAN CARBALLEIRA DAS FRAGUIÑAS

Hoxe, como onte, este contorno forma parte da vida económica e social da parroquia. A proximidade do río Tea permitiu o asentamento humano desde tempos remotos e favoreceu o desenvolvemento dunha paisaxe agraria rica e diversa.

Moi preto do Abelán atópanse os elementos que mellor representan a identidade local:

A Carballeira das Fraguñas: Se o Abelán representa a forza da auga, a Carballeira simboliza a permanencia da terra. Durante xeracións foi e segue a ser lugar de reunión e celebracións. Os seus carballedos viron pasar a historia de Fornelos, converténdose nunha referencia emocional para todos os veciños.

Os antigos camiños rurais: Hoxe convertidos en pistas que gardan o eco do pasado.

A arquitectura popular: Onde destacan os muíños que historicamente moveron a economía local.

A proximidade da Igrexa de San Xoán: O epicentro das romarías e festas parroquiais.

Todo forma parte dun mesmo relato: o dunha comunidade estreitamente vinculada á súa contorna natural.

UN PATRIMONIO QUE MERECE SER PROTEXIDO

Nun tempo no que moitos espazos na-

turais sofren unha forte presión humana, o Abelán continúa sendo un exemplo de convivencia harmoniosa entre a xente e o medio ambiente. A súa conservación depende do compromiso de todos.

A combinación de río, bosque, patrimonio e gastronomía converte a Fornelos da Ribeira nun destino idóneo para

o turismo sostible, perfecto para quen desexe descubrir a esencia da “Galicia máxica”.

En definitiva, a praia fluvial do Abelán é un tesouro accesible, amplo e familiar; unha verdadeira porta de entrada á historia e á identidade dunha parroquia que soubo conservar intacta a súa alma rural.

O Concello do Porriño súmase ó discurso belicista

O BNG do Porriño cuestiona a imaxe empregada polo goberno municipal para promocionar unha actividade de exhibición de medios da Garda Civil que terá lugar este xoves 11 no propio municipio.

A Garda Civil, a cal ten no noso Concello unha base desde a cal desenvolve as súas funcións na nosa comarca, forma parte dos servizos públicos de seguridade que desenvolven tarefas de protección da cidadanía, auxilio ás persoas, rescate e atención en situacións de emerxencia. Porén, a imaxe difundida polo Concello presenta unha estética centrada na exhibición de armamento, unidades especiais e elementos asociados a escenarios de confrontación bélica e violencia.

Para o BNG do Porriño, a maneira de presentar a actividade que se celebrará este xoves encaixa nunha tendencia crecente de normalización de discursos e imaxinarios belicistas que están gañando presenza no debate público. Nun contexto internacional marcado polos conflitos armados e pola escalada militar en diferentes partes do mundo, a formación considera especialmente desafortunado trasladar este tipo de mensaxes desde unha institución pública.

“Non ten sentido unha actividade con esta formulación no noso concello. A Garda Civil ten entre as súas funcións prioritarias a axuda e colaboración coa cidadanía. O cartaz da actividade é un erro. As administracións públicas deben promover valores de convivencia, cooperación e cultura de paz, especialmente entre a xente máis nova”, sinala Pedro Pereira, portavoz do BNG do Porriño.

A forza nacionalista considera que unha actividade destas características podería poñer o foco noutras funcións fundamentais que desenvolven as forzas de seguridade, como a protección da cidadanía, o rescate de persoas ou a atención en situacións de emerxencia, sen recorrer a unha imaxe baseada na espectacularización da forza e dos medios militares.

Por todo isto, o BNG do Porriño insta ao goberno municipal de Alejandro Lorenzo a reflexionar sobre os valores e mensaxes que proxecta a través das actividades institucionais promovidas polo Concello.

KIOSKO EL PINAR
 PRENSA - GOLOSINAS - HELADOS - REVISTAS
 "LA DE BELEN"

**Novo Local
 Visítanos!!**

Rúa Pinar, 11

CONGELADOS FRANDI

T.986334271

E. frandicongelados@gmail.com

C/ ESTACIÓN Nº7 O PORRIÑO

MARACAY
 FERRETERÍA

RANS, 9
 TAMEIGA - MOS
 Telf./Fax: 986 331 645
 maracay@maracay.es

Sara
 FLORISTAS

Elisa Rodríguez Vaqueiro
 T. 675 846 202
 sarafloristas@gmail.com



O que queda da inmigración cando a viaxe remata

Hugo Freitas, escritor

opinión

Cando pensamos na emigración galega cara á Arxentina, adoitan virnos á mente os grandes barcos, os portos ateigados de xente, as despedidas nos peiraos e os milleiros de quilómetros que separaban Galicia do Río da Prata. Porén, co paso do tempo, comprendín que a emigración non remata cando o barco chega ao seu destino. En realidade, continúa durante xeracións.

Son descendente de emigrantes galegos e vivo en Bos Aires. Durante anos dediquei parte do meu traballo como historiador á procura das pegadas deixadas polos meus devanceiros e por tantas outras familias que cruzaron o océano en busca dunha vida mellor. Nesa procura fun descubrin-

do algo que vai moito máis alá dos documentos: a memoria.

Os emigrantes levaron consigo moi poucas cousas. Unha maleta, algunhas fotografías, cartas, unha dirección escrita nun papel e, sobre todo, unha esperanza. Moitos deles nunca regresaron. Outros volveron anos despois. Mais incluso aqueles que permaneceron para sempre na Arxentina seguiron levando Galicia consigo.

A emigración tamén se conserva nos silencios. En moitas familias, os avós e bisavós falaban pouco do que deixaran atrás. Había recordos dolorosos, ausencias e sacrificios difíciles de explicar. Con todo, a memoria seguía viva nos apelidos, nas comidas, nas historias repetidas arredor da mesa ou nas fotografías gardadas durante

décadas nun caixón.

Ao investigar a historia da miña propia familia, vinculada á provincia de Lugo, comprendín que cada documento recuperado permitía reconstruír non só unha biografía individual, senón unha parte da historia colectiva de Galicia. Detrás de cada partida de nacemento, de cada rexistro parroquial ou de cada lista de pasaxeiros, había unha persoa concreta, cunha vida, unha familia e un proxecto.

Ese foi precisamente o punto de partida de Raíces nas augas. O libro naceu da vontade de reconstruír historias familiares, pero acabou converténdose tamén nunha reflexión sobre a memoria, a identidade e os vínculos que unen Galicia coa outra beira do Atlántico. Ao longo da investigación

apareceron galegos, croatas, italianos e outros emigrantes europeos que compartiron experiencias semellantes de partida, adaptación e esperanza.

Hoxe, máis dun século despois das grandes correntes migratorias, seguimos vendo os seus efectos. Moitos descendentes da emigración continúan buscando documentos, visitando aldeas dos seus antepasados ou tentando recuperar fragmentos dunha historia familiar interrompida pola distancia e polo tempo.

Quizais por iso a emigración segue emocionándonos. Porque fala de persoas correntes que tomaron decisións extraordinarias. Porque nos lembra que detrás das grandes estatísticas hai vidas concretas. E porque nos permite comprender mellor quen somos.

A viaxe dun emigrante non remata cando desembarca. Continúa nos seus fillos, nos seus netos e mesmo nos seus bisnetos. Continúa na memoria familiar, nos recordos compartidos e nas preguntas que seguen pasando dunha xeración a outra.

Ao final, iso é o que queda dunha emigración cando a viaxe remata: unha historia que segue viva.

Os "Tonios" e o movemento de marcos (2).

<http://comunicacion.blogspot.com.es> (por Marcos Escudero)



Encrucillado

Por Khan Dean

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
A														
B														
C														
D														
E														
F														
G														
H														
I														
K														
L														

HORIZONTAIS

A--ATLETA GALEGA ESPECIALISTA EN TRIPLE SALTO - DEZ. B - ESCRITOR OURENSÁN, MEMBRO DA XERACIÓN NÓS - VOGAL. C - REPETICIÓN DUN SON DEBIDO Á REFLEXIÓN DAS ONDAS SONORAS POR UN OBSTÁCULO - VOGAL - MICROAMPERE - CENTÍMETRO CÚBICO - CASA RURAL. D - LÍQUIDO SEGREGADO POLAS GLÁNDULAS XENITAIS MASCULINAS, QUE CONTÉN OS ESPERMATOZOIDES-PERSOA Á QUE LLE GUSTA EN EXCESO COMER - NOVE. E - UN DOS CATRO PUNTOS CARDINAIS, SITUADO APROXIMADAMENTE NA DIRECCIÓN DA ESTRELA POLAR - ANTIGA MATRÍCULA DE OURENSE - AVE MARIÑA DA FAMILIA DOS ÁLCIDOS, DA QUE EXISTEN DIVERSAS ESPECIES, COA PLUMAXE NEGRA NA PARTE SUPERIOR E BRANCA NA INFERIOR. F - CERIMONIA MEDIANTE A QUE DÚAS PERSOAS CONTRAEN MATRIMONIO - CONSOANTE - MOBLE QUE CONSISTE NUNHA PRANCHA HORIZONTAL SOSTIDA POR UN OU VARIOS PÉS, NO QUE SE COME, TRABALLA OU ESTUDA - SUR. G - VOGAL - SÍMBOLO DO AMPERE - DESEXOS MOI FORTES - QUE TEN INCLINACIÓN A SENTIR CARIDADE E A PRACTICALA. H - PAU PEQUENO E DELGADO, QUE SE USA SOBRE TODO PARA PRENDER LUME - NOTA MUSICAL - VOGAL. I - TEMPO DE REPETICIÓN - RÍO QUE MARCA A FRONTEIRA NATURAL ENTRE GALICIA E ASTURIAS - VOGAL - EN ESTADO DE BOA SAÚDE, LIBRE DE ENFERMIDADE - CONSOANTE. K - NOVELA SATÍRICA DE VICENTE RISCO PUBLICADA EN 1928 POLA EDITORIAL NÓS, AMBIENTADA NUNHA VILA OURENSÁ A COMEZOS DO SÉCULO XX - IRMÁN DO PAI OU DA NAI DUNHA PERSOA. L - ANIMAIS ANFIBIOS - CELEBRACIÓN COA QUE SE LLE OUTORGAN HONORES DIVINOS A UNHA PERSOA, XERALMENTE UN HEROE OU EMPERADOR.

VERTICAIS

1 - ANIMAIS VERTEBRADOS OVÍPAROS, MANDÍBULAS RECUBERTAS DUN PETEIRO Córneo, MEMBROS ANTERIORES ADAPTADOS AO VOO, E CORPO RECUBERTO DE PLUMAS - MAGNITUDE QUE SE EXPRESA GRAFICAMENTE POR MEDIO DUN SEGMENTO DE RECTA DE DETERMINADA LONXITUDE, DIRECCIÓN E SENTIDO. 2 - PERSOA NATURAL OU HABITANTE DE NICEA - INSTRUMENTOS MUSICAIS DE FORMA TRIANGULAR, CON CORDAS COLOCADAS DE MODO VERTICAL, QUE SE TOCAN COS DEDOS DAS DÚAS MANS. 3 - COLOCAR, UNHA COUSA OU PERSOA, DE MODO CONVENIENTE OU CÓMODO - SÍMBOLO DO OSMIO. 4 - PARTE FINAL DOS MEMBROS INFERIORES QUE SOSTÉN O CORPO E SE APOIA NO CHAN AO ANDAR - CADA UNHA DAS GRANDES DIVISIÓNS DA HISTORIA XEOLÓXICA - ASOCIACIÓN ELECTORES REDONDELA. 5 - SÍMBOLO DE LESNORDESTE - CONSOANTE - INCITA UN CAN PARA QUE ATAQUE. 6 - LITUANIA - SÍMBOLO DO RUTENIO - OCEANO PACÍFICO. 7 - ESTADOS UNIDOS - QUE TEN MOITO PELO. 8 - PARTE DUNHA ESCALEIRA COMPRENDIDA ENTRE DOUS DESCANSOS - DOBRE CONSOANTE - EXTRATERRESTRE. 9 - EXPRESIÓN QUE SE UTILIZA EN DIFERENTES CONTEXTOS, POR EXEMPLO PARA CHAMAR, ADVERTIR, MOSTRAR ALEGRÍA - IRMÁN EN OURENSE - PARTE INFERIOR DUN MONTE. 10 - FOLLA SECA DO PIÑEIRO - SÍMBOLO DO EINSTEINIO - CADA UNHA DAS DÚAS MAMAS DUNHA MULLER. 11 - REAL CLUB CELTA - SÍMBOLO DO ARSÉNICO - PELO DA OVELLA OU DO CARNEIRO - CONSOANTE. 12 - EMPATE SEN GOLES - PEIXE DA SUPERORDE DOS TELEÓSTEOS, DE CORPO OVAL E BOCA GRANDE E OBLICUA. 13 - AXENCIA CENTRAL DE INTELIXENCIAS DOS EEUU - VOGAL - UN. 14 - CANTANTE, ACORDEONISTA, ESCRITOR, ACTOR, DIRECTOR E LOCUTOR CORUÑÉS VOCALISTA DOS GRUPOS DE ROCK OS DIPLOMÁTICOS DE MONTE ALTO.

SOLUCIÓNS:

A - ANA PELETEIRO - X - B - VICENTE RISCO - U - C - BCO - E - R - UA - CC - CR - D - SEME - CUMIA - IX - E - NORTE - OR - ARAO - F - VODA - P - MESA - S - G - E - A - ARELAS - PLO - H - CARABULLO - LA - U - I - TR - EO - U - SAN - T - R - K - O - PORCO DE PE - TIO - T - RAS - APTOSE. L - RAS - APTOSE.

Hermes & Atenea

Deporte
Cultura

Nº164

XORNAL GALEGO DE CULTURA E DEPORTE

Xuño 2026 - 2€

Foto: Beatriz Carrasco



Samir Slim:

unha visión desde O Líbano ao xenocidio palestino

Pax.: II

 **euronics**
REDONDELA

Tel.: 986 405 069
Móvil: 620 89 41 41
Ernestina Otero nº 26
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: euronicsredondela@gmail.com

“O mesmo que o 25 de maio do 2000 fomos capaces de liberarnos da ocupación sionista, O Líbano pronto volvera gañar a liberdade da ocupación actual”

Samir Slim, hostaleiro libanés en Vigo

No verán do 2025 un hostaleiro libanés, dono de varios restaurantes na nosa cidade, saltaba á fama de todo o mundo despois de expulsar a uns turistas israelís dun dos seus locais. El é Samir, un home de mediana idade natural do sur do Líbano, cunha ampla experiencia no sector e que nunca antes tivera ningún problema con ningún cliente. Samir foi denunciado despois do episodio, porque semella que para os denunciantes estaba na obriga de soportar que alguén veña á súa casa a provocalo, pero afortunadamente a demanda foi arquivada. Nós tivemos ocasión de falar con el

Onde naciches ti Samir?

No Líbano. O meu é un país plural. Hai musulmáns, cristiáns, kurdos, armenios. O Líbano sempre foi un país de acollida para todo tipo de persoas sen facer ningún tipo de discriminación relixiosa, nacional ou social.

Como chega un libanés a montar un restaurante italiano en Vigo?

Non é raro atopar a un libanés en calquera recuncho do mundo. Nós somos un pobo que en moitas ocasións non nos quedou outra alternativa que emigrar para poder vivir.

O pobo libanés e o pobo galego temos moito en común: ambos nos vimos na necesidade de emigrar en innumerables ocasións. Hai o triplo de libaneses vivindo fóra do país que os que viven

no Líbano

A que anos marchaches ti?

Aos 16. Eu abrín o meu primeiro restaurante no ano 97 en Guinea Ecuatorial, daquela tiña 18 anos. Sempre me gustou a cociña. Pero pronto me dei conta que precisaba mellorar a miña formación. E como teño familiares en Italia decidín ir a ese país a aprender cociña italiana. Abrín dous restaurantes en Milán e xa non volví a África.

Canto tempo estivoches en Italia?

Entre o 2000 e o 2007. Tiven varios negocios nese país: Restaurantes, pastelería, catering. Era moi difícil compaginar ese ritmo coa vida familiar, eu xa tiña fillos, e nese momento decidín deixar a hostalaría

Chegas entón a Vigo. Que tal te

tratan nesa cidade?

Vigo trátame moi ben.

Ben, entremos entón no obxecto desta entrevista. No teu restaurante de Vigo o pasado verán botas fóra a uns clientes sionistas. Como te decataches?

Non é a primeira vez na vida que me cruzo cun israelí. Ás veces incluso, dependendo do contexto, pódese falar con eles. Nos aeroportos téñome cruzado moitas veces con eles. Pero esta ocasión foi distinta. Nesta ocasión, estas persoas foron provocarme. Eles xa sabían quen era eu, e viñeron á miña casa a provocarme. No meu local hai unha bandeira de Palestina e outra libanesa. E eles, desde o minuto 0, desde o momento que entraron no

local, mantiveron un comportamento insoportable.


Ti, como hostaleiro experimentado, non estás afeito a aguantar provocacións?

Si, claro que si. De cando en vez aparece algún cliente maleducado, algún cliente bébedo... e ben, trátas de zafar a situación o mellor que poidas. Pero insisto: nesta ocasión foi diferente. No medio dun xenocidio espantoso uns sionistas, sabendo quen era eu, viñeron á miña casa a provocarme e iso non se pode aguantar. Estiveron un bo rato faltándome ao respecto, e chega un momento en que quero saber o motivo. Eu non sabía de onde eran, de feito cheguei a pensar que eran turcos. Achegueime a onde eles e



Samir nun acto en Redondela

Foto: Beatriz Carrasco



**Temos os mellores peixes e mariscos
Especialidade: Chocos na súa tinta**



Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela

986 40 09 72

pregunteilles. Contestáronme de maneira moi agresiva que eran de Israel. E eu díxenlles que estaban convidados pero que non eran benvidos. Eles seguían bebendo

Por que decidiches convidalos?

Non quería aceptar os seus cartos de ningún modo. Pero que quede claro: quixen convidalos porque non quero o seu diñeiro, pero díxenlle que non eran benvidos.

Como reaccionaron?

Eu díxenllo con tranquilidade, de feito neses momento nin se deran de conta da situación os da mesa que estaba ao lado. Entón respóndeme un deles de maneira moi agresiva; "Ti a min", e eu contéstolles " Si, eu a ti" e chegados a ese punto foi cando me espetou : " Que fodan ao Líbano" " Que fodan a Palestina"

Cres que sabían quen eras?

Si, estou seguro. Como antes che mencionei no local hai unha bandeira palestina e outra do Líbano. Asemade eu cando comezou a agresión sionista pechara por loito todos os meus locais. Foi a modo de respecto á xente que está sendo asasinada. E nese momento fixéronme varias entrevistas en distintos medios de comunicación non para falar dos meus restaurantes senón para facelo da situación no Líbano e en Palestina.

O motivo da gravación?

Fixena para ter probas de como se desenvolveu o episodio e de que non houbo ningún tipo de expresión racista pola miña banda, por se o asunto me chegaba a xerar problemas.

Pero converteuse en viral?

Non era a miña intención. De feito só o mandei a tres familiares. Pero un deles

non me respectou e compartiuno.

Para quen non o saiba: En que se diferenza o antisemitismo do antisionismo?

O antisemitismo é un concepto que nace nos anos 50, despois da creación do estado de Israel, para agochar o antisionismo como se fose algún tipo de sentimento contrario aos xudeus. E non,non é verdade. Ser antisionista é estar en desacordo con que xudeus de todas as partes do mundo veñan a un país que non é seu, se queden con el a punta de pistola, expulsen aos habitantes orixinais, ou os manteñan encerrados en guetos. O antisemitismo do que fala Israel non é máis que unha escusa, unha escusa vergonzosa.

Levabas anos sen ir ao Líbano e agora, en plena agresión israelí, acabas de estar aí. Por que?

O meu país está nunha situación moi perigosa. Está entre a vida e a morte, e eu sentía a necesidade de estar aí neses momentos.

Que sensacións tiraches desta última visita ao Líbano?

Moi dolorosas pola situación de agresión que sofre o país coas consecuencias terribles de tanta morte e tanta destrución, pero á vez quedei moi orgulloso da capacidade de resistencia do pobo libanés. O sur do Líbano sofre a Israel desde o 48 ata hoxe, incluíndo a ocupación ininterrompida desde o 82 ata o 2000. Eu mesmo sufrín maltrato por parte do estado israelí. Pero estou convencido de que o mesmo que o 25 de maio do 2000 fomos capaces de rematar coa ocupación sionista, volveremos a liberarnos e gañar a liberdade da ocupación

Redondela celebra o éxito de "Mariscando Conciencias" e anuncia novas xornadas internacionais

Dende marzo, máis dun cento de escolares e colectivos achegáronse aos oficios do mar da man das súas profesionais e do Future Oceans Lab da Uvigo. A colaboración da Universidade foi clave para explicar a alta mortandade de marisco e o impacto ambiental que sofre a enseada de San Simón pola contaminación e o cambio climático.

A última cita o 2 de xuño nunha xornada sobre a pesca artesanal no mundo que contou con investigadoras e traballos audiovisuais realizados por mulleres do mar de Xapón, México ou O Salvador.



Parte do equipo nunha das xornadas de preparación das accións

Redondela

O Concello de Redondela fai un balance moi positivo do programa "Mariscando conCiencias para o Futuro" tras os seus primeiros meses de andaina. Esta iniciativa, que nace da intersección entre as ciencias do mar, a pesca artesanal e a arte comunitaria, reuniu xa a máis dun cento de persoas nas súas actividades. O obxectivo é dignificar os oficios do mar e concienciar sobre a saúde ambiental da nosa costa, así como establecer alianzas con asociacións e xente do mar para reflexio-

nar sobre o pasado, presente e futuro da pesca artesanal.

Dende o mes de marzo, o alumnado de varios CEIPs do municipio e persoas vinculadas á asociación Lenda participaron en xornadas onde mariscadoras a pé e mariñeiros de litoral compartiron os segredos das súas artes. Os participantes aprenderon sobre as ferramentas, a organización do sector e a importancia do carácter artesanal da pesca. A parte práctica permitiu aos asistentes por as botas de auga para identificar

ODONTOLOGÍA INTEGRAL
NOVAODONTO

¡SONRÍE!
Tu boca en buenas manos, nosotros te ayudamos

★ MAYO ★

Implante + Corona Dental
~~1380€~~
999€
Solo para los 10 primeros pacientes

Av. Ernestina Otero 45
Redondela

660 509 181

@novadontoredondela


Ziacom

tú *sonrisa*, nuestra *prioridad* ♥



O FUNIL

• TRAGOS E BOCADOS •

Pai Crespo, 46 - Redondela

 O FUNIL - TRAGOS E BOCADOS  OFUNIL.TB  OFUNIL.TB

especies como ameixas, berberechos ou longueiróns. Nesta fase, a colaboración do Future Oceans Lab (UVigo) foi clave para explicar a alta mortalidade de marisco e os impactos ambientais que sofre a enseada de San Simón pol contaminación e o cambio climático.

A última cita foi o pasado 2 de xuño: unha ollada global.

O concelleiro de Medio Ambiente, Alberto Álvarez, reuniuse co equipo de traballo nunha sesión na que perfilaron actividade. Celebrouse o 2 de xuño no Multiusos da Xunqueira cunha xornada dedicada á “Pesca costeira artesanal arredor do mundo”. Redondela foi o punto de encontro para analizar a situación actual do sector. A xornada contou coa participación de investiga-

doras e mariscadoras que dialogaron sobre os retos globais do mar. A programación incluíu a proxección de testemuños en vídeo de mulleres do mar de países como Xapón ou México, permitindo coñecer as realidades locais coas doutros continentes. Ademais, inaugurouse unha exposición fotográfica sobre as mulleres do mar do Salvador, elaborada por ACPP Galicia que reforza o carácter multicultural da iniciativa.

“Mariscando conCiencias para o Futuro” é un proxecto promovido por Amarturmar, Artelixo, Future Oceans Lab (UVigo), Cidadanía S. Coop. Galega e o Concello de Redondela, contando co financiamento da Fundación Daniel y Nina Carasso.

tarias. Desde o municipalismo debemos consolidar espazos de xestión con ollada feminista”, salientou a alcaldesa de Redondela.

Redondela

A alcaldesa do Concello de Redondela, Digna Rivas, participa hoxe mércores na Coruña no III Encontro de Alcaldesas, unha cita de alcance estatal que reúne a principais rexedoras e mulleres referentes do sector baixo o lema “Cultura feminista, feminismo na cultura. As alcaldesas falan”. O obxectivo central do foro é analizar o impacto transformador das políticas culturais locais desde unha perspectiva estritamente feminista. No Pazo Municipal de María Pita Digna Rivas rubricou, xunto ao resto de alcaldesas participantes, a III Declaración de María Pita, un manifesto conxunto que refirma o compromiso dos gobernos locais co deseño de estratexias culturais que “visibilicen, protexan e impulsen o talento das mulleres”.

“A cultura non é un elemento accesorio, é unha ferramenta fundamental para construír vilas máis xustas, diversas e igualitarias. Cómpre compartir experiencias entre Concellos, xa que desde o municipalismo debemos consolidar estes espazos de xestión con ollada feminista”, salientou a alcaldesa de Redondela. Rivas agradeceu a iniciativa e o convite do Concello da Coruña.

Con este desprazamento, o Goberno local de Redondela mantén o seu posicionamento activo nas redes de gobernanza estatal, exportando o modelo de xestión do municipio e estreitando lazos de cooperación institucional con outras administracións locais en materia de igualdade real.

Rivas reivindica na Coruña o poder da cultura como motor de igualdade no ‘III Encontro de Alcaldesas’



Digna Rivas nunha intervención no “III Encontro Alcaldesas”

A rexedora redondelá asinou a ‘III Declaración de María Pita’ xunto a dirixentes de todo o Estado nun foro centrado no liderado feminino e a xestión cultural municipal. “A cultura non é un elemento accesorio, é unha ferramenta fundamental para construír vilas máis xustas, diversas e iguali-

Ramos de flores personalizados
Eventos y defunciones
Entregas a domicilio



Telf: 622 614 006 - 646 030 005

Rúa Telmo Benardez, 2
(Redondela)

Flores Aym

floresam4954

PANADERIA
Vila dos Viadutos
886-297-047 - 621-060-313
Rúa Xeneral Rubín 23, 36800 Redondela

Zapatería Candi
Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos.
Duplicado de chaves e mandos.
Cerralleiro.
Tlf: 639 07 54 56
candi@zapateriacandi.com
www.zapateriacandi.com
R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA
(Fronte ó despacho de butano).

ÓPTICA TRAVESÍA
ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA
Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42
Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68

Bullo Mediación
MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960
Agencia Exclusiva AXA
Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela
Tfno: 986 400 842 - 604 00 33 46
bullomediacion@agencia.axa.es

“No 2027 imos a portodas pola maioría absoluta, para devolver a Redondela ao lugar que merece”

Javier Bas, PP de Redondela

En maio do ano próximo teremos unha nova convocatoria electoral nos concellos galegos. O popular Javier Bas intentará, unha vez máis, acadar a maioría suficiente para poder ser alcalde de Redondela, igual que o foi entre o 2011 e o 2019. Nós falamos con el

Ben, non podemos dicilo aínda pero inequivocamente vas ser de novo o candidato do PP á alcaldía?

Eu estou en disposición anímica de selo se o partido quere, e se os meus compañeiros e compañeiras do PP de Redondela me distinguen coa súa confianza.

Cales son os motivos que che levan a volver intentalo?

Vexo unha situación análoga á do 2011, a primeira vez que me presentei e tiver a honra de ser elixido alcalde de Redondela: O noso pobo está en declive, mentres que os concellos veciños medran. Redondela necesita un cambio sen dúbida de ningún tipo, e ese cambio só pode vir da man do PP.

Cal é a túa valoración da acción de goberno neste mandato?

Imos por partes:
-Primeiro cómpre falar da súa debilidade aritmética. Os votos do PSOE+AER son 1.000 menos que os que ten o PP. E nós temos 10 actas, fronte ás 8 que ten o goberno

Eles non foron capaces de meter ao BNG no goberno, polo tanto quedan nunha situación tan precaria que lles supón unha enorme dificultade para atender as cuestións básicas para o concello. Esta arquitectura aritmética é unha das claves que explica o mal que está a funcionar o mandato.

-Logo no que atinxe ao ámbito social dicir que á valoración da acción de goberno é moi mala. Así por exemplo tivemos problemas moi serios nun servizo esencial para a atención social, o SAF, e neste mandato en lugar de co-rrixir as deficiencias, o goberno volve cometer os mesmos erros. Este é un goberno que carece de sensibilidade cara aos colectivos máis vulnerables. Nós temos un modelo de goberno: amable, inclusivo e humano. Este é un goberno que carece de modelo. Limitábase a xestionar o día a día como poden, e para iso mal.

-Na área económica, non é que o diga eu, é que o di Facenda. É a primeira vez na historia que o ministerio intervén



Javier Bas na Casa da Torre

os pagos do concello

Pero esa situación non foi motivada por un problema informático?

Iso é o que din eles. Pero había facturas que eran anteriores a ese problema informático

Entón a existencia do problema informático foi unha falsidade do goberno?

Non. Eu recoñezo que si existiu. Pero a devandita incidencia informática non explica por si soa a dimensión nin a gravidade do problema económico. Fomos intervídos e fomos obrigados a realizar un plan de axuste salvaxe que incluía a suba abusiva da taxa do lixo. E todo iso foi debido á negligente acción do goberno que padece Redondela.

A suba da taxa do lixo deuse en infirmitade de Concellos galegos e deriva dunha circunstancia que lles ven imposta por administracións superiores: A suba do canon de SOGAMA. Por exemplo Ponteareas, que goberna o PP, aplica unha suba de máis do 80%, mentres que a suba en Redondela é de

arredor do 40%

Nada que ver.

Como que nada que ver. Nada que ver por que?

Nós non protestamos porque haxa que axustar os prezos. Nós criticamos a forma na que se elaborou a ordenanza. Eles en lugar de cobrar por volume de lixo xerado fan un sistema que cobra por metro cadrado. Esta forma de cobrar é inxusta porque non ten relación algunha co lixo que se produce.

Pero estás falando só do cobro da taxa aos negocios?

Si.

Esta forma de cobrar por metro cadrado é específica de Redondela?

Si, só se dá en Redondela. Por outra parte quero dicir que Pontevedra non subiu a taxa de lixo e Redondela se quixera tamén podería non subila.

Entón vós levades este asunto a contencioso porque non estades de acordo co sistema que lles cobra aos negocios por metro cadrado?

Así é, é unha flagrante inxustiza.

PUB
AQUELARRE
REDONDELA

Travelers' Choice 2021

regatopraia

rgt

PRAIA DE CESANTES

CARTA DIGITAL

DIGITAL MENU

regato

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE

NALLUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA

Casa Consejo

Doixes e mariscos da ría de Vigo

Menú do día

Rúa Xosé Sordo Queimaliños, 41
REDONDELA
986 40 11 94

Para as persoas particulares consideradas xusta a suba que se aplica?

Non, tampouco. Nós fariamos outro sistema.

As persoas particulares vos subiríadeslle a taxa ou non?

Non. Nós estivemos 8 anos no goberno e a taxa do lixo non a tocamos. Ao respecto diso quero dicir con claridade que se o pobo de Redondela nos dá a súa confianza maioritaria esta ordenanza do lixo se derroga.

Ben, fixeche unha valoración moi negativa da acción do goberno tanto no aspecto social como no económico, e das súas actuacións no que se refire á fisionomía de Redondela que opinas?

É máis que evidente que as parroquias están abandonadas. De feito nós marcámoslles o paso no facebook. Cando algún veciño nos comunica algunha deficiencia nalgún lugar concreto, nós subímola e acto seguido o goberno actúa para corrixila.

Esta acusación de que o goberno actúa a golpe das vosas publicacións en redes, non é un tanto hiperbólica?

Non, é total é absolutamente verdade. Póñoche un exemplo: Estes días o meu compañeiro Miguel Álvarez publica sobre o mal estado da praia de Arealonga e xa a están a limpar.

Pero esa actuación é consecuencia da vosa publicación? Ou estás especulando?

Podería ser unha especulación se fose unha, pero é que son ducias de veces nas que aconteceu desa maneira: publicación nosa, actuación deles.

E sobre as actuacións nos cascos urbanos que tes que dicir?

Non hai un seguimento claro do que teñen entre mans.

Pon un exemplo?

A piscina: O contrato está en precario e as instalacións deterioradas. O noso modelo é moi diferente. É o modelo da área deportiva que fixemos en Santa

Mariña e o modelo do entorno cultural que queremos facer nas casas dos mestres. Fixemos un pavillón, varias pistas de tenis, varias pistas de paddle, un campo de fútbol. E queremos facer un auditorio, unha infraestrutura imprescindible para Redondela, unha biblioteca, un conservatorio e salas de exposicións e para as asociacións culturais. O noso modelo de Redondela baséase na coherencia non nas improvisacións nin nas ocorrencias.

O que tamén fixestes vos foi o campo de fútbol do Cesantes e o resultado final non é precisamente para presumir

Non, non o fixemos nós. Pois vaia sorpresa me dáis..Eu recordo unha entrevista con Josefa nas nosas páxinas, histórica dirixente do Cesantes, na que literalmente dixo "O campo de fútbol fíxose grazas a "los cojones" de Javier Bas"

Nós adxudicamos e buscamos os cartos. Pero quen fai o control da obra é o goberno de Digna Rivas, e efectivamente o resultado foi un desastre.

Entón o teu goberno non tivo ningunha responsabilidade?

Non, ningunha. Nós só fixemos o trámite administrativo. Eu o que quero que a xente entenda é que nós buscamos unha coherencia nas infraestruturas, non un totum revolutum.

Como é iso de que "recuperaches" a furgoneta do DNI?

O modus operandi que antes che comentei: Eu coñezo que leva moito tempo sen vir por Redondela. E ao pouco de denunciálo aparece de novo a furgoneta.

Sobre a Avenida de Mendiño cal é a túa opinión?

Leva un atraso moi importante de case 7 anos. Esta actuación non se executou de momento porque a alcaldesa entrou nunha dinámica de confrontación contra a Xunta. A administración autonómica puxo ao seu dispor os cartos para

que fixera a obra e aínda estamos esperando.

Cal é a túa posición ao respecto da depuradora?

A depuradora hai que sacala de onde está. Non é o sitio adecuado. Se o pobo de Redondela nos dá a confianza suficiente para formar goberno no 27, imos iniciar os trámites para levala a outro lugar. Non creo que en catro anos me dea tempo a quitala de onde está, pero imos iniciar as actuacións necesarias para facelo, con seguridade.

A que sitio a levaríades?

Non o sei. O inicio das actuacións necesarias inclúen a busca dun lugar adecuado.

En relación á escola infantil de Chabela que opinas?

Non está feita por desleixo do goberno. Había unha partida no orzamento da Xunta para facer esa escola. O único que tiñan que facer é presentar un proxecto, e no o fixeron por falta de dilixencia.

Nas vosas redes sociais denunciabades que o goberno perde 2,6 millóns de € en subvencións. Explicame iso?

Iso é só nunha liña. Logo hai outras liñas nas que tamén se perderon cartos ata unha cantidade total de perda de 9 millóns de €

En canto tempo?

Nos 7 anos que leva o actual goberno perderon 9 millóns por escasa dilixencia. Non piden todos os fondos europeos aos que teríamos dereito, e o que acontece é que Redondela perde moitos cartos.

Estás utilizando, como denuncia o PSdeG, a Deputación de Pontevedra como plataforma política para a túa proxección persoal?

Pois non, claro que non. Eu fun a un sector de balonmán no que colabora a DEPO. Os clubs pónense en contacto coa DEPO, quen decide que á entrega de medallas asista o director de coor-

dinación intermunicipal, eu, e a coordinadora de igualdade, Sandra Bastos. Os dous temos responsabilidades importantes na DEPO, e o presidente delegou en min para que eu entregara eses premios.

Estivemos toda a fin de semana gozando do torneo e poño en valor a organización que houbo. Onde está a utilización?

A crítica que nos fan realmente o que revela é inmadurez política.

Falando da DEPO: Cando ides comezar as obras para arranxar a estrada de Nespereira?

O problema está en que o anterior goberno, o de Carmela Silva, non movera nin un só papel. Por outra parte o alcalde de Pazos tamén tivo un problema que atrasou a sinatura do convenio. É unha necesidade que esa obra se faga canto antes.

Canto antes, cando?

Penso que xa rematou a fase de licitación. Non creo que tarde moito.

A obra é moi necesaria, si. Pero esa estrada ten unha lonxitude de 8 quilómetros e unicamente acordastes arranxar un tramo de 900 metros. O alcalde de Pazos laiábase nas nosas páxinas de que o presidente da DEPO non lle garantía cando se comezaría a preparar o expediente do segundo tramo. Por que non a abordades na súa integridade?

Facelo por partes é unha decisión que tomou o goberno de Carmela Silva. Nós queremos axilizalo o máximo posible e se fixeramos un proxecto novo a actuación tardaría moito máis.

A cor política do alcalde de Pazos ten algo que ver co atraso? Ou Luis López trata equitativamente aos concellos con independencia de quen o governe?

Non ten nada que ver en absoluto. Luis López é unha persoa escrupulosamente xusta e o trato que lles dá a

Dende 1962 ó seu servizo

CONFITERIA



PASTELERÍA ARTESANA

Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)



TELEFONÍA MÓVIL Y TABLETS
INFORMÁTICA
ACCESORIOS Y CONSUMIBLES
EQUIPOS MULTIMEDIA

TLF: 986404192
email: redondela@tecnysat.es
Rúa Salgueiral, 13 bajo - REDONDELA

TU AUTOESCUELA EN REDONDELA



Paseo da Xunqueira, 39. B.j
986 17 35 07

¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP
SIEMPRE QUE LO NECESITES!



667 847 683

TAMBIÉN
CLASES ONLINE

A tu ritmo y desde donde tú quieras...



todos os concellos da provincia é impecable, equitativo e xusto. Non só aos concellos, senón tamén aos colectivos sociais, deportivos, culturais e ás asociacións veciñais.

Rematamos: Na municipais do 27 vaivos dar para @ concelleir@ número 11?

A idea nosa é que nos dea. É a única forma de que haxa estabilidade en Redondela. Estivemos no 11 e no 23 a moi poucos sufraxios de acadarmos a maioría absoluta. No 23 superamos o récord absoluto de votos nunhas muni-

cipais, case 7.000 votos. O respaldo da veciñanza nas rúas é esmagador, e para min que o vexo día así e día tamén é tremendamente emocionante. Nós iremos no 27 con toda a enerxía, a ilusión e as gañas de acadar a maioría absoluta.

No noso mandato Redondela foi o concello máis transparente de toda Galicia, e agora estamos nos postos baixos da clasificación. Imos a por todas a recuperar o liderado para Redondela non só en transparencia senón tamén en todos os parámetros posibles.

Un consenso político unánime aposta por unha intervención integral para revitalizar a Praza de Abastos de Redondela

O sector praceiro advirte dunha situación límite e demanda certezas sobre prazos, alcance e execución dunha reforma imprescindible para garantir a continuidade da actividade comercial.

Redondela

A celebración do Día dos Mercados deixou unha imaxe pouco habitual na política local: representantes de todos os grupos municipais coincidindo na necesidade de acometer unha reforma integral e de impacto na Praza de Abastos de Redondela. A fotografía institucional tomada durante o acto evidencia un consenso transversal sobre a urxencia de revitalizar este espazo histórico e garantir a súa viabilidade futura.

A Asociación de Empresas de Redondela, promotora da iniciativa e entidade que representa os intereses comúns das praceiras e praceiros, leva anos alertando do deterioro progresivo do edificio e da perda de competitividade fronte a outros formatos comerciais. A entidade considera que o respaldo

político unánime abre unha oportunidade estratéxica para avanzar cara a un proxecto de modernización que combine actualización estrutural, dinamización comercial e posta en valor patrimonial.

Os praceiros sinalan que a situación é xa crítica e reclaman claridade sobre os prazos, o alcance e o modelo de intervención e segundo manifestaron, a continuidade de moitos postos depende directamente de que a reforma deixe de ser unha intención e se converta nun proceso planificado e calendarizado.

A Asociación subliña que a Praza de Abastos é un activo económico, turístico, social, cultural e identitario para Redondela, e que a súa transformación debe abordarse con criterios técnicos, participación cidadá e visión de futu-

ro e reclaman poder coñecer as ideas e proxectos que se proponen así como aportar a súa propia visión. Para iso, nos próximos días porá en marcha unha enquisa pública dirixida á cidadanía e ao sector praceiro, co obxectivo de recoller prioridades, necesidades e propostas que permitan elaborar un documento de base para dar traslado ao concello e a todos os grupos políticos, facendo deste proxecto un proxecto de todos e para todos.

A xornada incluíu tamén unha exposición de paneis históricos que recollían a evolución arquitectónica e funcional dos distintos edificios municipais vin-

culados á actividade comercial —algúns deles visibles na imaxe—, subliñando o valor cultural e identitario da Praza de Abastos no conxunto urbano de Redondela.

Desde a Asociación destacan que a Praza de Abastos de Redondela vén de ser incorporada ao Catálogo de Bens de Patrimonio Litoral de Galicia, un recoñecemento institucional que avala o seu interese histórico e arquitectónico e que reforza a necesidade de acometer unha intervención que permita preservar, actualizar e poñer en valor un edificio clave na memoria urbana e na identidade comercial da vila.

O IES Chapela oferta o ciclo superior de mediación comunicativa

Redondela

O IES Chapela foi o primeiro centro público do sur de Galicia en ofrecer esta formación, nunha andaina que comezou este curso escolar e que continuará no 2026-27.

O Ciclo Superior de Mediación Comunicativa destaca pola súa relevancia social, pois responde a unha necesidade de urxente: a construción dunha sociedade de todas e para todas as persoas. Neste ciclo fórmanse profesionais para garantir a accesibilidade comunicativa en distintos contextos: educativos, sociais, sanitarios, laborais, lúdicos. Reciben formación en Lingua de Signos, sistemas aumentativos e alternativos da comunicación, técnicas de intervención socioeducativas, entre outros, cun enfoque de dereitos humanos, xustiza social e atención á diversidade. A súa labor contribúe a crear espazos accesibles, a fomentar a autonomía persoal

e profesional de todas as persoas e a garantir o dereito á comunicación e á participación social.

A xustiza, os dereitos humanos, a equidade e unha visión anticapacitista son os piares sobre os que se sustenta esta formación no IES Chapela.

Por que estudar

Mediación Comunicativa?

Porque hai multitude de formas de comunicar, de contarnos e de compartir que descoñecemos e nos separan das persoas.

Porque, por xustiza, todas deben ser coñecidas, recoñecidas e postas en valor.

Porque todas temos o dereito de acceder ós espazos, ós recursos, á información...en igualdade de condicións.

Porque a comunicación é calidade de vida.

E porque de ti, de nós e de todas de-



pende que o mundo sexa un lugar privilexiado para algúns ou un dereito para todas.

E que di o alumnado?

"Gústame a idea de que podamos facer as prácticas con alumnado xordo nos centros educativos".

"Encántame a idea de poder traballar acompañando a persoas xordas a realizar trámites coa administración".

"Como mediadora comunicativa poderei acompañar no ámbito social a persoas con diferentes formas de comunicación (persoas con TEA, discapacidade intelectual, parálise cerebral...) para facilitar o acceso a todos os seus dereitos na sociedade"

"Podo seguir cumprindo o meu obxectivo de traballar con persoas con discapacidade intelectual sendo unha profesional máis completa no eido da accesibilidade comunicativa".

"Gústame a idea de acompañar non só a persoas xordocegas, senón tamén a oíntes, para que ambas compartan as súas culturas e exerzan o seu dereito á comunicación".

"Ter a capacidade de buscar e crear novos métodos de comunicación en función das necesidades comunicativas é o que me motiva para ser mediadora comunicativa".

Samuel, Laura, Sara, Iria, Sheila, Betsi, Julián, Andrea.


ameaza sobre "algo que non vai a ningures", unha frase que as 6 non queren escoitar máis. Foi en 2021 cando o xuíz Lino Rubio Mayo, coñecido como o "Verdugo de Poniente" -Poniente é un barrio obreiro de Xixón-, condenou a 8 sindicalistas da CNT nun proceso que perseguía e criminalizaba actividades sindicais recoñecidas pola Constitución como dereitos fundamentais. O posterior recurso ante a Audiencia Provincial absolvería a dúas das condenadas, pero ratificaría as sentenzas das outras seis. Aínda que a solidariedade foi estendéndose, sobre todo por Asturias, non foi ata 2024, que o Tribunal Supremo ratifica a sentenza, cando se produce a unidade de clase. Ademais da condena a pagar 125.428 € e tres anos e medio de cárcere, o Supremo senta xurisprudencia, polo que a partir desa, calquera xulgado pode basearse nela para condenar penalmente á mobilización sindical máis fundamental e reprimir a liberdade sindical ata o punto de non poder saír a rúa organizadamente. O Tribunal Constitucional desestimou o recurso de amparo polo que o "Verdugo de Poniente" executou a sentenza e as 6 entraron en prisión o 10 de xullo de 2025. CNT elevou o caso ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos que polo de agora non se pronunciou.

Herminia destacou a labor de Sofitu, que significa apoio en asturiano, por conseguir estender o conflito, por lograr unha unidade de clase, sindical, política e asociativa "de esquerdas" sen que ningunha organización tentara fagocitar o caso. O 31 de marzo de 2026 o Consello de Ministros aprobou un indulto parcial que elimina o cumprimento da condena de prisión restante pero non modifica a condena de 125 428 €, nin anula a sentenza, polo que as

6 alcanzaron a liberdade, aínda que todas esteamos máis amordazadas. O indulto, actualmente está recorrido polo empresario.

O que entendeu toda a "esquerda" é que a conxura logrou criminalizar e penar a acción sindical máis fundamental, despoxando o dereito de reunión e de manifestación e á liberdade sindical de garantía legal para á súa práctica. A loita pola anulación da sentenza que deberá darse, se o sindicalismo non quere extinguirse, abre un camiño esperanzador en canto á recuperación da conciencia de clase.

De todos xeitos, durante toda a charla rondoume na cabeza a condena a 22 anos de cárcere e 15 anos respectivamente a dúas viguesas acusadas de incendiar dous autobuses durante a folga de Vitrasa, en abril de 2023. Tiveron que comelo sen ningún grupo de apoio, nin ningunha "esquerda" dixo nada, nin comité, nin sindicato. Aínda que a ela, condutora de Vitrasa, absolveuna o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a el, a parella, reduciulle a pena, a 9 anos e medio, isto nos tempos do meu pai, non pasaba, a clase obreira non o permitiría. Caeron aqueles símbolos do sindicalismo galego, o secuestro do barco Vigo a Cangas e a queima de Vitrasas.



o xoves 25 de maio, nunha charla no salón de actos do edificio sindical de Pontevedra, Herminia, do Grupo Sofitu de apoio ás "6 de la Suiza" expuxo o caso con claridade. A pouca afluencia amosa tanto a propia desorientación da clase obreira pontevedresa, como o corporativismo sindical máis absurdo.

Herminia falounos de como unha poderosísima conxura xudicial e empresarial toma como chivo expiatorio unhas concentracións de denuncia dos abusos empresariais nunha pastelería de Xixón, La Suiza, para penar a solidariedade e a acción sindical encarcerando a 6 traballadoras. Precisamente foi esta solidariedade a que fixo que o caso transcendera a nivel internacional, "houbo concentracións ata en Nova York", contounos

Herminia.

Na charla, Herminia desmiuzou o caso, paso a paso. En primeiro lugar, como unha traballadora de "La Suiza" dirixiuse á CNT de Xixón coa firme decisión de frear a explotación laboral que case lle provoca un aborto non desexado. O sindicato comezou unhas tímidas concentracións diante da porta da pastelería denunciando a restra de abusos, ao mesmo tempo que ante o insoportable trato, tentaba negociar unha saída para a traballadora. Sen embargo o dono da pastelería nunca quixo negociar, polo que as concentracións seguiron no tempo. Ata aí, o habitual, a habitual mobilización sindical de solidariedade. É entón, cando a conxura decide usar o seu poder para castigar a 6 sindicalistas dun xeito exemplarizante. Son agora case dez anos que dura a

O BNG apremida ao goberno de Digna Rivas á sinatura do convenio coa Confraría Cesantes

Xoán Carlos González Campo, “nunha crise sen precedentes nada se sabe da nosa proposta de duplicar as axudas económicas ao colectivo de mariscadoras”

Dende a organización nacionalista apremian ao goberno municipal de Redondela a asinar o convenio de colaboración coa Confraría de Cesantes. Trátase de axudas económicas principalmente enfocadas ao apoio ao colectivo de mariscadoras.

Por la súa parte o voceiro municipal do BNG recorda que o sector atravesou unha grave crise dende hai varios anos cun goberno da Xunta que se desentende absolutamente. “Propuxemos ao goberno de Digna Ribas que se duplicara o convenio de colaboración económica coas mariscadoras e ata agora non temos resposta ningunha”, afirma. Descoñece os motivos

Redondela

Dende a organización nacionalista apremian ao goberno municipal de Redondela a asinar o convenio de colaboración coa Confraría de Cesantes. Trátase de axudas económicas principalmente enfocadas ao apoio ao colectivo de mariscadoras.

Por la súa parte o voceiro municipal do BNG recorda que o sector atravesou unha grave crise dende hai varios anos cun goberno da Xunta que se desentende absolutamente. “Propuxemos ao goberno de Digna Ribas que se duplicara o convenio de colaboración económica coas mariscadoras e ata agora non temos resposta ningunha”, afirma. Descoñece os motivos polos que estas axudas están bloqueadas dende hai dous meses.

O goberno municipal levou ao pleno de febreiro o convenio. “Dende o BNG, propuxemos chegar aos 20.000 euros, sorprendentemente retiraron a súa proposta sen tomar ningunha iniciativa ata o día de hoxe”, lamenta Xoán Carlos González. Ante o des-

leixo do goberno do PP, o concello debe defender sectores económicos estratéxicos.

Nos últimos anos o número de mariscadoras a pé da confraría de Cesantes, diminuíu drasticamente. O excesivo aporte de auga doce por mor do aporte incontrolado do Encoro de Eiras, o aumento da temperatura da auga, a morte dos bivalvos, o monocultivo de especies foráneas, e a falla de relevo xeracional pintan un panorama desolador.

“Cremos no futuro do sector la pesca artesanal da Enseada San Simón. Para nós as mariscadoras forman parte de este sector que debe ofrecer postos de traballo de calidade explotando racionalmente o medio natural”, afirma. Insiste o voceiro do BNG Xoán Carlos González na viabilidade do do sector para crear riqueza, “permitindo ás nosas mariscadoras vivir dignamente dunha actividade que defenden e traían con mimo”, remata na súa nota.



O que pasou nas autonómicas e o que pode vir

opinión

F.J. Waidele, xubilado

A desafección política que hoxe vive unha parte importante da sociedade non nace unicamente da política estatal; comeza moitas veces no máis próximo, nas políticas locais e autonómicas, onde a cidadanía percibe con máis claridade as promesas incumpridas, os intereses partidistas e a distancia crecente entre os representantes públicos e os problemas reais da xente. Cando os gobernos municipais ou autonómicos deixan de ser espazos de transformación social para converterse en escenarios de confrontación permanente, a confianza deteriorase pouco a pouco ata desembocar no cansazo e na indiferencia política. O avance da dereita e da extrema dereita non pode analizarse só desde o crecemento dos seus discursos, senón tamén desde as debilidades e contradicións de quen deberían representar unha alternativa progresista sólida. Está claro que o bipartidismo non é a solución ideal para unha democracia plural e diversa, pero tamén resulta evidente que a excesiva fragmentación da esquerda acabou debilitando a súa capacidade de resposta política e social.

A deriva de votos cara posicións conservadoras pode deberse, en parte, ao cansazo de moita xente ante unha pluralidade ideolóxica que, lonxe de enriquecerse mutuamente, acabou converténdose nunha loita constante de siglas, liderados e espazos de poder. Moitos cidadáns perciben unha esquerda dividida, incapaz de construír un proxecto común estable, mentres a dereita simplifica a súa mensaxe e convértea nunha idea aparentemente clara: eles representan a orde, a estabilidade e a solución rápida fronte ao ruído político.

Ese pensamento populista de que “a dereita é a única saída” non nace só da convicción ideolóxica dos seus votantes, senón tamén do desencanto de quen antes confiaban en propostas progresistas e hoxe senten frustración, cansazo ou desafección. Cando a esquerda dedica máis tempo ás disputas internas que a construír horizontes compartidos, deixa de transmitir esperanza e comeza a transmitir debilidade.

Os votantes de esquerdas deberíamos asumir que unir siglas non abonda. As coalicións electorais construídas unicamente para sumar escanos, pero sen unha verdadeira cohesión ideolóxica e ética, rematan sendo fráxiles e pouco cribles. A solución pasa por recuperar un pensamento común baseado en principios sociais claros: xustiza, igualdade, dereitos públicos, dignidade laboral e defensa dunha convivencia democrática sólida.

Durante anos, eses pensamentos foron disgregándose por intereses partidistas, estratexias persoais e loitas de protagonismo que afastaron a política da cidadanía. Mentres tanto, a dereita soubo aproveitar ese baleiro emocional e político. Non porque teña necesariamente mellores respostas, senón porque ofrece un relato máis compacto e recoñecible.

Quizais o verdadeiro reto da esquerda non sexa volver ao bipartidismo nin multiplicar novas marcas políticas, senón reconstruír unha identidade colectiva capaz de unir sensibilidades distintas baixo un obxectivo común. Porque cando a política perde o sentido de proxecto compartido e se converte unicamente nunha competición interna, quen avanza son sempre aqueles que mellor saben capitalizar o descontento social.



RÚA ALFONSO XII, 23 - REDONDELA - 986 40 30 99

Rúa José Regojo, 8 - Tel.: 986 403 236 - Móvil: 620 819 246
36800 REDONDELA

Éxito do encontro interxeracional “lectura na rúa” con máis de 700 alumnos e maiores

A alcaldesa, Digna Rivas, sinalou o “orgullo” que supón ver a tantas persoas, rapazada e maiores, unidas pola cultura e compartindo sorrisos e lecturas nun espazo público tan vivo como a Alameda Castelao”.

Houbo intercambio de marcadores de libros, lectura compartida e desfiles de contos nunha emotiva xornada na que grandes e pequenos gozaron desta convivencia interxeracional. A actuación de Barafunda e o obradoiro de Víctor Rivas foron o broche de outro á xornada.



Momento en que Digna Rivas visita aos participantes

Redondela

A Alameda Castelao viviu a pasda mañá do 22 de maio unha exitosa xornada coa celebración da VI edición de “Lectura na Rúa”. O evento reuniu a máis de 700 persoas. O acto contou coa participación da alcaldesa, Digna Rivas, e do concelleiro de Ensino, Alberto Álvarez, quen compartiron a mañá cos participantes. O evento destaca polo compoñente internacional, con centos de alumnos de infantil, primaria e secundaria que compartiron espazo, lecturas e experiencias cos usuarios de centros da terceira idade. A alcaldesa

destacou “o orgullo que supón ver a máis de 700 persoas de distintas xeracións unidas pola cultura nun espazo público tan vivo como a nosa Alameda”. Pola súa banda, o concelleiro de Ensino, Alberto Álvarez, valorou a iniciativa como “todo un éxito” e agradeceu ao CEP Santa Mariña, á ANPA Ernestina Otero e ás Bibliotecas Municipais a súa implicación na organización deste evento xunto co Concello. A alcaldesa, que conversou coa rapazada e os maiores, afirmou que o Concello “estará sempre apoiando iniciativas

como esta, na que a cidadanía, tanto a infancia como os maiores, son protagonistas”.

A alameda converteuse nunha gran biblioteca ao aire libre onde se realizaron lecturas compartidas, intercambio de marcapáxinas e desfile de contos. Para pechar a xornada os máis pequenos divertíronse, cantaron e bailaron coa actuación do grupo Barafunda na propia Alameda. Pola súa banda, o alumnado de secundaria trasladouse ao Multi-

usos da Xunqueira onde participaron nun proveitoso obradoiro de ilustración impartido polo recoñecido artista Víctor Rivas.

Participaron a EEI A Marisma, EEI de San Pedro de Cesantes e Ventosela, os colexios Alexandre Bóveda, Cedeira, Igrexa Chapela, Outeiro das Penas, Quintela, Reboreda, Santa Mariña, Ponte Sampaio e colexio Vigo, así como os institutos Illa de San Simón, Mendiño e Pedro Florianí.

A 5ª Feira da Ciencia enche o Multiúsos de Arcade de proxectos, obradoiros e espectáculo científico neste 11 de xuño

Ao longo desta xornada o Multiúsos de Arcade acolle a quinta edición da Feira de Ciencia. Unha cita que achega proxectos, visitas guiadas, obradoiros e o espectáculo *Sen ciencia non hai paraíso* que terá lugar esta tarde ás 18:30 h.

Soutomaior

O programa de Ciencia é o Concello de Soutomaior continúa coa súa quinta edición cunha das citas máis destacadas do calendario: a Feira de Ciencia, que se celebra durante toda a xornada deste xoves no Multiúsos de Arcade cunha ampla programación dirixida á comunidade educativa e á cidadanía en xeral.

Organizada polo Concello de Soutomaior, esta iniciativa ten como obxectivo achegar a ciencia á veciñanza e fomentar a curiosidade, a experimentación e o pensamento científico entre as novas xeracións.

Ao longo da mañá, a Feira recibiu a visita do alcalde de Soutomaior, Manuel Lourenzo, e converteuse nun espazo de encontro para o alumnado participante, que presenta os seus proxectos de investigación e divulgación científica. Nesta 5ª edición da Feira da Ciencia participan

o IES Soutomaior, o IES Mendiño, o IES Illa de San Simón, o Colexio Santiago Apóstol, o CEIP Manuel Padín Truitero e o CEIP de Ponte Sampaio.

As pequenas e pequenos investigadores expoñen un total de 17 traballos con temáticas moi diversas, entre os que se atopan propostas como Supermicrobios: o poder invisible que fai medrar a vida, Carreira de podremia, Que bebida dana máis os teus dentes: refresco, zume ou auga?, Que froita oxida máis rápido: a mazá, o plátano ou a pera?, Telégrafo e efecto Joule ou Meal Time, entre outros.

Os proxectos distribúense en catro espazos segundo a etapa educativa: a Zona A, destinada ao alumnado de 5º e 6º de Primaria; a Zona B, para 1º e 2º da ESO; a Zona C, para 3º e 4º da ESO; e a Zona D, correspondente aos traballos



PlusUltra Seguros
María del Carmen Lago Pereira
 Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros
 nº reg. C051736002973S
 sotoseguros@hotmail.com
 Avda de Vigo, 234 - Bajo
 36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)
 T 986 45 81 10 - M 672 213 497

La Pelu

de Fornelos

- Micropigmentación cejas y labios
 - Masajes
 - Laser SHR
 - Tinte 10 min
 - Lifting de pestañas
 - Tratamientos personalizados
- Especialistas en color, corte y esmaltado semipermanente**

Praza da Igrexa 12, Bajo
 (Fornelos de Montes)

630 71 47 65



de Bacharelato.

A programación continuará pola tarde coa exposición de proxectos en horario de 16:00 a 18:00h., cun obradoiro de elaboración de velas aromáticas, ás 16:30 horas, dirixido a nenas e nenos a partir dos 6 anos, e cun segundo obradoiro, Plantas e sacos aromáticos, ás 17:30 horas, destinado a participantes maiores de 7 anos.

Mentres tanto, o xurado encargado de avaliar os proxectos deliberará os premios desta edición. Entregaranse dous galardóns en cada unha das categorías de Rigor Científico, Innova, Comunica e Divulga, ademais dos premios Revelación nas categorías de Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Como broche á xornada, antes da entrega de premios, terá lugar o espectáculo científico "Sen ciencia non hai paraíso", unha actividade gratuíta e aberta a todos os públicos que se celebrará ás 18:30 horas no Multiúsos de Arcade.

O alcalde de Soutomaior, Manu Lourenzo, destacou a importancia desta iniciativa para achegar a ciencia á sociedade e poñer en valor o traballo realizado nos centros educativos do concello e da contorna. «Esta Feira de Ciencia é unha mostra do enorme talento e da capacidade creativa das nosas nenas, nenos e mocidade. Desde o Concello apostamos por facer da ciencia unha ferramenta para espertar vocacións, fomentar o pensamento crítico e construír unha sociedade máis preparada para os retos do futuro», sinalou.

Lourenzo tamén quixo agradecer a implicación do profesorado e das comunidades educativas participantes, subliñando que «sen o compromiso dos centros e das familias sería imposible desenvolver un proxecto desta dimensión, que xa se consolidou como unha das citas educativas e divulgativas máis importantes de Soutomaior».



Alberte Román, Xestor cultural

Docas, cais e lingua

opinión

Hai unhas semanas diversos medios de comunicación recollían información sobre unha investigación realizada sobre a historia da doca de Baiona. Nese traballo sinálase que a orixe da palabra doca, que define un espazo portuario, así como a palabra cais, chegaran ao galego introducidas a partir do portugués moderno. Non entrarei na argumentación filolóxica, aínda que doca é unha palabra recollida en varios dicionarios galegos con diferentes significados, entre eles o de enseada pequena. E a palabra cais aparece sobradamente en documentación galega medieval referida a contextos portuarios.

Mais si que resulta curiosa a explicación dada nese traballo para a contextualización dunha palabra galega. Lonxe de ser unha anécdota evidencia un alleamento con respecto á lingua bastante estendido. E mesmo un alleamento da historia do país e das vilas costeiras, diría. Xa non é so vivir o proceso de substitución masivo do vocabulario propio, senón argumentar que ese vocabulario nos é alleo. O clásico "os meus abuelos nunca dixeran así". Cais parece ser que non é unha palabra galega, pola contra dársena, pantalán, só por nos referir a palabras do ámbito portuario, son palabras ben galegas. Claro que si. O perigoso destes relatos é que se fixan no imaxinario colectivo e acaban por ser "a verdade".

A cuestión de porque en Portugal esas palabras estean ben vivas, e no galego teñan esmorecido, entendo que non precisa explicación. Tamén no Brasil, onde a nosa lingua enraizou, faise vizosa e medra hibridando con outras voces, as palabras nosas, que aquí esmorecen, viven e medran. Pasa co termo ancoradouro, ou a variante ancoradoiro, que describe un lugar natural

onde poder ancorar unha embarcación. No galego permanece como topónimo. Pola contra, no Brasil, esa palabra está ben viva, e nun proceso de incorporación a novas realidades, ancoradouro alargou o seu significado e agora define, tamén, unha estrutura portuaria non fixa onde amarrar unha embarcación. E é ben triste, porque seguramente dentro duns anos haberá quen chegue a defender que a palabra ancoradouro non existiu no galego, e que a trouxeron os emigrantes galegos que foron ao Brasil.

Galiza é un exemplo de recuperación do seu patrimonio marítimo. Como todo o acontecido neste país, esa recuperación é froito do traballo inxente desenvolvido

desde os movementos asociativos da cultura marítima espallados pola beiramar galega, e só moi tarde, houbo unha aposta cativa desde as administracións. Se fomos quen de non deixar desaparecer as dornas, gamelas, bote, galeóns, cumpre, tamén, un esforzo por recuperar o rico léxico dos espazos portuarios. Faise preciso reintegrar palabras como ancoradouros, cais e docas na narrativa da cultura marítima.

Nese proceso, o ámbito luso-brasileiro debe ser un marco de referencia, tal como recollen as Normas aprobadas no 2003, onde se establece promover o portugués como referencia para o arriquecemento léxico, no desexo dun maior achegamento á realidade lingüística que nos é propia.

As "Miñas Alfombras Favoritas" 2026

Este ano o premio "As Miñas Alfombras Favoritas" son para unha que reivindica o antifascismo feita pola rapazada da rúa Salgueiral, e outra que ensalza o deporte feita pola rapazada do "Grupo Casa Paco 81". Parabens!





Inauguración esperpéntica do novo auditorio de Marín

opinión

Pedro Cortegoso, traballador do SERGAS

Esperpento: Xénero literario creado por D. Ramón María del Valle-Inclán, caracterizado por ofrecer unha nova visión da realidade, deformada e degradada sistematicamente mediante unha estética expresionista baseada na distorsión de personaxes e situacións, amais da recreación da linguaxe coloquial. (Diccionario RAG).

O pasado 15 de Maio vivimos en Marín un dos espectáculos máis esperpénticos dos últimos tempos. O que ía ser a inauguración do novo Auditorio transformouse nun esperpéntico acto de pre-campaña do Partido Popular. Nun akelarre de reafirmación "pepera" puidemos ver ao Presidente da Xunta, a Alcaldesa de Marín, o Conselleiro de Cultura e diversos cargos máis, bailar unha especie de Sardana ao ritmo do frautista de Hamelin.

É lamentábel que un partido pretenda mimetizarse coas institucións que teoricamente son de todos e todas, aínda que esta é a práctica habitual dun partido que transformou a TVG no seu feudo particular, e o Telexornal no seu NO-DO. Nada novo, é unha práctica habitual fagocitar institucións: a Xunta, as Deputacións, os Concellos...

As persoas asistentes tiveron que aturar os discursos auto-compracentes do Sr. Rueda e da Sra. Ramallo, para vendernos e xustificar como un "gran éxito" que as obras do auditorio se prolongaran tantos anos, que o proceso de deseño e construción fora unha chapuza tras outra, e que o orzamentos pasara de 2 a máis de 6 millóns de euros.

Porén, en Marín xa estamos afeitos ás obras interminábeis. Temos a rúas levantadas, o

paseo do Río Lameira parece unha trinchera, as rotondas ao pouco tempo de ser inauguradas volver ser levantadas, e así até o infinito no despropósito da xestión do PP de Marín.

Quizais o máis lamentábel deste mitin-inauguración non foran os bailes e os discursos, o máis lamentábel foi a falta de consideración co mundo da cultura do noso concello. Non teremos artistas en Marín! O certo é que a capacidade do noso goberno municipal en cuestións culturais é moi limitada e repetitiva, cada ano os mesmos grupos e os mesmos artistas, as mesmas actividades. Iso si, a nosa cultura e o noso idioma nun papel secundario, e como mérito a afinidade partidaria.

E agora que? Que van facer co Auditorio?

Xa está inaugurado e polo momento segue sen actividade algunha. Cando pensan poñelo a funcionar a pleno rendemento? Como o pensan facer? Privatizando a xestión? Daránlle cabida aos grupos e artistas de Marín? Terán que pasar a peaxe da afinidade política para poder actuar?

Despois de tantos anos de obras para inaugurar o auditorio non sabemos que pensan facer con este edificio, nin como o van xestionar, nin como pensan enchelo de contidos culturais. Pois tempo tiveron para planificar o seu funcionamento.

A plataforma veciñal de San Xulián, en Marín, satisfeita, pero expectante, ante os informes desfavorables á planta de Urbaser en Pardavila

Redacción, Marín

En representación da plataforma veciñal de san Xulián, ante a noticia dos informes desfavorables a petición de Urbaser, opinamos, que é unha boa noticia pero de momento non hai nada asegurado.

Os técnicos do concello informaron negativamente os permisos, e a Xunta de Goberno ratificouno coa súa votación, pero agora hai que saber se a empresa ten algunha intención de presentar alegacións, ou recorrer ditos informes, porque teñen un prazo de dous meses, por lei, para recorrer ir a contencioso ou presentar novas solicitudes.

Nós seguimos e seguiremos traballando para defender a salubridade dos veciños. A planta de Urbaser ten que continuar nun polígono industrial, e non no medio das casas.

Ó que pretenden facer na Canteira de Pardavila, colocar un garaxe e lavado de camiões, lavado de contedores, taller, punto limpo, oficinas, vestiarios e aula de medio ambiente é unha industria de titularidade privada que non se pode facer nun solo rústico de uso dotacional.

A maiores nós pedimos de que sexan conscientes de que se ven prexudicadas as vivendas próximas, e en xeral todos os veciños da contorna, rúidos día e noite, cheiros, acumulación de lixo, augas contaminadas, ratas, moscas... e non estamos dispostos a consentilo, non imos parar ata que esta sexa unha decisión firme e definitiva. Seguimos recollendo firmas e agradecemos a todos os medios de comunicación, tamén os veciños de Marín e a xente de fora da contorna de Marín todo o seu apoio.



HOTEL **

Jucamar


E-mail: reservas@jucamar.es
 ☎ CENTRALITA 986 30 06 94
 ☎ CAFETERIA 986 30 41 77
 Fax, 986 30 22 51

Av. Marín, 5
 36940 CANGAS
 (Pontevedra)
 Web: jucamar.es



BAR PLAZA CANGAS

Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas



Bruno "O Alemán": O carnicero do Morrazo

opinión

Celso Milleiro e Queta Molas

A finais de 1934 encargouse a unha empresa dos Países Baixos a construción dun varadoiro no peirao de Cantodarea (Marín), para a cal traballaban os irmáns Schweiger, contratistas de obras públicas e enxeñeiros.

Mais a presenza de Bruno na Galiza viña de antes, a súa presenza está documentada, xunto cos seus irmáns Hans e Otto, no Pazo de Eiras (San Amaro-Ourense) no mes de maio de 1932. Non se sabe se se trata de el, mais en febreiro de 1934 un cidadán alemán chamado José Bruno atopou a varios rapaces en Valga, causando a morte dun neno e ferir a dous de gravidade, sendo detido e despois posto en liberdade baixo fianza.

A primeira documentación que se coñece de Bruno "O Alemán" en Marín data do mes de setembro de 1935, onde vivía nun chalé co seu irmán Hans á altura do cruce da actual rúa de Concepción Arenal con A Cañota. Algunhas persoas o lembraban conducir unha motocicleta sidecar, moi usada na Alemaña. En febreiro de 1936 foi denunciado por estafa, xunto co seu irmán Han, por débeda contraída con Francisco Cruz Álvarez, por non lle pagar un encargo realizado polos irmáns Schweiger.

Non sería até os primeiros días da guerra civil cando empezan aparecer moita información sobre el. Algunhas fontes orais afirmaban que xa militaba no Partido Nacional-Socialista Alemán, trasladando as aprendizaxes das accións violentas dos nazis a esta parte da Galiza.



Joseph Bruno Schweiger Damböck, natural de Múnic (Baviera-Alemaña), fillo de Johann Schweiger Münsterer, arquitecto municipal, e Marie Damböck Weber, ambos naturais de Múnic. Casou con Bárbara Schäffer, natural de Múnic. Coñécense dúas fillas, unha das cales, Asunción Beatriz, naceu en Marín en 1938.



En relación a Marín, a primeira documentación sobre os actos represivos de Bruno aparece na noite do 4 ao 5 de agosto no asasinato do marinense e militante comunista José García Bustos "Santacomba" en Mollavao (Pontevedra), que foi redactada pola Policía de Pontevedra e na que consta na súa presenza.

Acreditada tamén a súa intervención no asasinato do pontevedrés Raimundo Rodríguez Neira a noite do 13 ao 14 de agosto na Cruz da Maceira (Piñeiro) e as fontes orais sinalaron a Bruno da morte da marinense Carmen Pesqueira Domínguez "A Capirota" na noite do 17 ao 18 de agosto no Pozo da Revolta (Mogor).

A Cruz da Maceira foi tamén un lugar de represión para os veciños de Marín, a familia de Manuel García González "O

Apache" sinalan o lugar do seu asasinato, acontecido na noite do 16 de setembro de 1936. Fonte orais sinalan tamén o asasinato de Manuel "O Moaña" ou "O Xordo" (descoñecemos os apelidos), así como as violentas malleiras dadas a veciños do concello como ao dirixente agrarista e socialista José Díaz Ortiz "O Andaluz", do republicano Salvador Iglesias de la Iglesia "O Ghaliña" e do peiteador Laureano Muradas Domínguez "Chiripas". Moitos máis nomes ficaron no esquecemento.

Mais as accións violentas de Bruno foron aínda maiores coa veciñanza dos concellos Moaña e Cangas, polo que foi alcumado como "O carnicero do Morrazo".

Bruno fundou a finais de 1936 a Centuria de Zapadores Minadores, vencellada á Falanxe, sendo o seu xefe até febreiro de 1937 cando resultou ferido na fronte de Asturias. A causa destas feridas de guerra concedéronlle a Medalla de Sufrimentos pola Patria. En 1938 era o xefe da súa primeira centuria e o 30 de marzo de 1939 entraron na cidade de Valencia. Tras o fin da guerra dedicáronse a labores de reconstrución.

En outubro de 1939 Bruno Schweiger volveu de Levante.

A última noticia de Bruno en Marín foi en xaneiro de 1940. A súa muller Bárbara faleceu na cidade de Lugo no mes de xullo de 1941, onde residía o matrimonio na Ronda de Santiago. José Bruno é citado como Contratista en Lugo no mes de xuño de 1946 e en abril de 1947 foi denunciado por un obreiro de Lugo por cuestións salariais, mais na instru-



ción aparece como ausente e en parador descoñecido. Despois de 1953 non se recollen máis noticias do alemán.

Texto de Celso Milleiro e Queta Molas con motivo do acto comarcal da memoria histórica "A Cruz da Maceira". Marín 30 de maio do 2026

TALLERES HERDASA
MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS
ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS
986 30 09 56
TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

MIRANDA
LIBRERÍA *en BUEU, onde ia ser?*
Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra
Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

PENEIREIRO
Taller Automoción
C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com

MARINER Fuerabordas
YANMAR marine
QUICKSILVER
CM
BLACK FIN
VALIANT REGALO INFLATABLE BOATS
MERCURY MerCruiser
WALKER BAY

GONBELA
Distribuidor Exclusivo

NAUTICA GONBELA
AVENIDA DE OURENSE, 50 - MARÍN
Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95
Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95
gonbelyventas@gonbelmar.es
WWW.GONBELMAR.COM

“Que Rueda decidise facer portavoz a Alberto Pazos é un sinal evidente do ultra que é Alfonso Rueda”

Paloma Castro, deputada do PSdeG no parlamento galego



Paloma Castro no parlamento galego

Esta é a túa segunda lexislatura como deputada. Cando comezaches aínda estaba Feijoo como presidente da Xunta. Notas algunha diferenza significativa entre a actual lexislatura e a anterior?

Si, esta é unha lexislatura máis crispada.

Que motivos provocan, ao teu xuízo, esa crispación?

O PP está bastante máis escorado cara a dereita. De feito na pasada lexislatura podíamos ter pactado con eles nalgu-

has cuestións, e agora iso é pouco menos que unha utopía.

Por exemplo?

En materias como a igualdade, a memoria ou os servizos sociais.

Hai poucas semanas Alfonso Rueda tendeu a man de maneira máis que evidente a Vox avalando iso da “prioridad nacional” de maneira case explícita. Por que motivo, entendes ti, que o presidente da Xunta decide asumir a máis importante posición da extrema dereita?

Ben, eu entendo que trata de disputar a VOX os segmentos de voto máis escorados á dereita. Non se pode desbotar que nas

municipais do 27 VOX acade concelleiros en Galicia. E por outra parte Rueda, aínda que ás veces simule unha posición moderada, sempre foi unha persoa moi de dereitas. Como esquecer a súa imaxe na manifestación de Galica Bilingüe.

Este asunto da “prioridad nacional” e as súas posicións sobre a delincuencia, amosando unha realidade que en Galicia non existe, son manobras políticas para evitar a fuga a VOX dos seus votantes máis de dereitas.

E a súa posición sobre as baixas laborais iría tamén nesa liña?

Eu creo que con esa posición trata de contentar aos grandes empresarios.

Hai un problema real en Galicia de exceso de baixas laborais?, hai moitas persoas que finxen enfermidades que non teñen?

Desde logo que non. O que si que é verdade é que hai moitas persoas que teñen unhas condicións sociais de precariedade, non poden acceder a unha vivenda, teñen dificultades serias para chegar a fin de mes...e isto, o estrés permanente, día tras día todos e cada un dos días, evidentemente incide no deterioro do estado de saúde, especialmente da saúde mental.

O razoable é mellorar o sistema sanitario de atención pública para que os casos de ansiedade, depresión e estrés sexa tratados de maneira adecuada. O que non é razoable é o que fai o PP de premiar aos médicos que faciliten a fin da baixa, ou castigar aos que as prolonguen.

Como valoras o labor político do voceiro parlamentar do PP, Alberto Pazos?

Alberto Pazos e Paula Prado son a versión máis ultra que ten o PP. Que Rueda decidise facer portavoz do PP a Alberto Pazos é un sinal evidente de como é Rueda de ultra. Se comparamos a Pedro Puy con Alberto Pazos hai unha distancia quilométrica a nivel intelectual. En canto a talante, igual,

A avogada pontevedresa Paloma Castro leva dúas lexislaturas sendo deputada do PSdeG no parlamento galego. Nun contexto moi complicado para o partido socialista, a raíz da imputación do presidente Zapatero, nós quixemos conversar con ela para coñecermos a valoración das e dos socialistas da actualidade política.

Pedro Puy ten moito mellor talante. Alberto Pazos é un radical que aspira a ser Tellado.

O que si é un problema grave e real e o acceso á vivenda. Cal é a visión do PSdeG ao respecto?

Este é un problema que agora mesmo estoupou a burbulla. Pero xa leva moito tempo candente. En todos estes anos non existiu política pública de vivenda por parte da Xunta. Desde o ano 2010 non se construíu vivenda pública en Galicia

Agora, grazas a que o goberno de Pedro Sánchez puxo as políticas de construción de vivenda pública como prioridade, Galicia sumouse ao carro. Ata o momento a Xunta mirou para outro lado e agora xa é tarde.

Por outra banda tamén temos un problema de vivenda valeira e de falta de impulso aos alugueiros.

En canto ao estado da sanidade galega que tes que dicir?

Pois hai unha situación evidente de abandono e de falta dos recursos necesarios e suficientes. O PP sempre sostén que o problema é que non hai médicos. É falso. Os médicos saen da facultade. O que acontece é que os médicos en Galicia non teñen as oportunidades necesarias e acaban por marchar a outro lado.

A falta de estabilidade laboral dos médicos e médicas é terrible. Eu teño unha irmá médica de 36 anos que ten compañeiros e compañeiras de promoción

BAR
ÁGORA
SEIXO
MARÍN

MotoJard
Bueu
Venta y reparación de
maquinaria agrícola y motos
Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826

BRASERÍA
TAPERÍA SUSO
Toural nº30
VILABOA
658 887 625
986 631 514

Casa dos druidas
Acuña
Vilaboa

AutoRos
Taller Multimarca
Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas
Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel
986 30 56 73 - 626 14 45 96
reproautoros@hotmail.com

que levan 10 anos encadeando contratos temporais. Esta política sanitaria que desenvolve o PP o que persegue en realidade é potenciar a sanidade privada.

Cales son as principais liñas políticas que está a desenvolver o PSdeG no parlamento galego na lexislatura actual?

Estamos desenvolvendo as liñas esenciais do noso proxecto socialdemócrata, galeguista e feminista:

-A transición ecolóxica, as enerxías renovables e a economía verde.

-A industrialización de Galicia. O emprego adecuado dos fondos next generation que foron completamente desaproveitados porque Rueda só se centrou no seu proxecto de Altri.

-A necesidade de mellorar substancialmente a sanidade galega.

-A urxencia de mudar as políticas sociais. Este é un eixo que debe ser fundamental na construción dunha sociedade decente, e que fraquea claramente na política da Xunta. Así o podemos ver por exemplo nas deficiencias existente na dependencia, ou no estado dos centros de atención aos menores, totalmente abandonados.

-Traballamos porque non se dea nin o máis mínimo paso atrás no que se refire á igualdade entre mulleres e homes. Somos especialmente belixerantes no que respecta á prevención e á denuncia de calquera tipo de violencia machistas.

-Defendemos a protección necesaria para o idioma galego e para todos os elementos propios da nosa cultura.

En relación a isto último quixera saber a túa opinión sobre o estado de saúde do noso idioma?

Os datos do IGE son moi preocupantes, e amosan que a política lingüística da Xunta é un absoluto fracaso. O idioma galego para o PPdeG só é un elemento folclórico.

Cal é a túa valoración sobre a imputación do presidente Zapatero?

Ben, a este respecto quixera dicir varias cousas: Eu confío na súa honestidade e agardo que todo quede en nada. Agora ben, se se demostrase que Zapatero cometeu algún tipo de ilegalidade para min sería unha decepción terrible. Tamén quero salienta que o obxectivo real deste episodio non é Zapatero senón Pedro Sánchez. Todas as balas que lle disparan a Zapatero, en realidade teñen como finalidade facer caer ao goberno de Pedro Sánchez.

E por último, o que cheira profundamente a podre é que poucos días antes de que se producise a imputación altos cargos do PP, como Ayuso ou o propio Feijoo, anunciase que algo ía pasar proximamente con Zapatero. Como o sabían?

Ti es avogada de profesión Paloma. A instrución do caso de Begoña Gómez é unha investigación prospectiva?

Están rascando por todos os sitios a ver se encontran algo, si. Incluso contra o criterio da fiscalía. É asombroso que esa instrución non se tivera pechado hai moito tempo.

Como está a situación interna do PSdeG?

Estamos traballando moi ben, tranquilos, sen ningún tipo de liorta interna e con ilusión de poder recuperar a confianza da maioría da sociedade galega.

Ben, dicir que o PSdeG vive un momento histórico sen liortas internas é unha noticia dunha enorme dimensión que case eclipsa ao resto da entrevista

Ha, ha ha...Si, a verdade é que é moi boa nova.

O liderado de Besteiro está consolidado?

Si, claramente si.

Cal é a túa valoración da moción de censura de Lugo?

A catadura moral de quen cunha man

abraza aos familiares dun compañeiro morto, e coa outra asina unha moción de censura é unha vergoña. A falta de escrúpulos de quen non lle importa aproveitarse da morte de persoas para impulsar unha moción de censura é indecente. Sei positivamente que hai deputados do PPdeG que non estaban de acordo con este movemento e que de feito están avergonzados.

Rematamos: Como encara o PSdeG as municipais do 27?

É un proceso electoral de enorme im-

portancia. Nós afrontámolo con enorme ilusión e con expectativas moi positivas. Estou segura de que conservaremos os gobernos que temos e que acadaremos algún máis. Imos a por todas para conservar as deputacións da Coruña e Lugo e imos tamén a recuperar a de Pontevedra.

Recuperar a deputación de Pontevedra é realista?

Absolutamente si. Só necesitamos un deputado máis. Nós confiamos en subir máis dun deputado provincial.

O pleno municipal aproba o convenio para a mellora de Pazos Fontenla e a segunda modificación da RPT

Bueu

A corporación municipal de Bueu celebrou este mércores, 10 de xuño, unha sesión plenaria extraordinaria, na que se aprobou a segunda modificación da Relación de Postos de Traballo e o levantamento de reparo e de subscrición de convenio coa Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para a mellora da rúa Pazos Fontenla. A primeira contou cos votos favorables dos grupos de goberno, BNG e PSOE, e do edil non adscrito, mentres que o PP votou en contra; e a segunda, aprobouse cos votos do goberno e en contra dos grupos da oposición.

Silvia Carballo, concelleira de persoal, foi a encargada de defender a proposta de aprobación definitiva da segunda modificación da RPT, e salientou que "son dezaioito medidas que significan que poidamos ter máis persoal para tramitar expedientes e co fin de levar adiante as funcións do Concello". Elena Estévez,

voceira do PP, botoulle en cara ao executivo que "se aproben propostas sen contar cos traballadores e traballadoras" e tamén aludiu ao informe da secretaria no que se "incide en que a valoración de cada posto se tería que facer individualmente por unha empresa especializada".

Félix Juncal, alcalde da vila, explicou que "hai dous modelos: o do PP, máis caótico, e o noso, ordenado e atendendo aos intereses xerais", e fixo alusión a que "a administración de hoxe en día nada ten que ver coa de hai anos, e nestes meses tramitáronse cuestións que se crían impensables e foi grazas ao traballo técnico". O rexedor rematou o debate remarcando que "o que para vostedes é un problema, para nós supón unha oportunidade".

A continuación comezou o debate arredor da proposta de levantamento de reparo e de subscrición de



Rúa David Cal nº13
36945, Vilarinho

986328744

O Carlete

ocarlete@gmail.com



BAR UMIA
-TAPAS Y BOCADILLOS-

Almuiña, 14 | Tel. 986 88 13 43 | 36900 MARÍN (Pontevedra)

AGRICOLA SEIXO

PIENSOS NUDESA

- PATATAS DE SIEMBRA
- CEREALES • ABONOS
- AVES • PLÁSTICOS
- SEMILLAS • FRESAS

Dtor. Otero Ulloa, 62 - SEIXO Teléf.: 986 704 102




RAMÓN CABANILLAS,
105
MOAÑA
986 31 56 25

A Xunta abandona Nigrán á súa sorte

opinión



Xavier Rodríguez, BNG de Nigrán

convenio entre a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de Bueu para a urbanización da rúa Pazos Fontenla na fase 1. Xosé Leal, concelleiro de facenda, explicou a importancia desta obra por tres cuestións: que se trata dun feito histórico mellorar este vial autonómico por arriba e por abaixo, incluíndo a capa de rodadura e de tránsito peonil pero tamén os servizos de abastecemento e saneamento de auga; a consecución desta obra na súa primeira fase vén despois dun traballo arduo de negociación tanto interno como externo, para conseguir fondos para a súa execución que cristalizaron no convenio coa AXI que permitirán o financiamento do 70%; a actuación vai ser unha referencia en canto á mobilidade sostible, pois vai ter un sistema novidoso de control dos aso- lagamentos.

Daniel Chapela, edil non adscrito, adiantou o voto en contra porque "creo que é un proxecto que queda bastante coxo ao non haber unha planificación de como afectará á veciñanza, e supón un erro tentar converter esta rúa nun bulevar ignorando o plan de mobilidade sostible e a conexión coas parroquias". Tamén Elena Estévez declarou que "votaremos en contra deste levantamento de reparo, non pola obra nin polo convenio, senón polas advertencias feitas polo interventor no seu informe ao respecto da xestión do expediente". Celso Dopazo, edil de mantemento de viais, apuntou que "esta obra é histórica pois leva corenta anos agardando e o que lle molesta á oposición é que vaíamos facendo xestións para mellorar a vila". Félix Juncal rematou o debate remarcando que "o PP e o edil non adscrito vanlle ter que dar moitas explicacións á veciñanza por votar en contra".

En outubro do 2024, o Pleno do Concello de Nigrán aprobou por unanimidade unha moción presentada polo BNG na que se facultaba ao alcalde para dirixirse en nome da corporación á Consellería de Vivenda, co obxecto de que este concello fose incorporado á Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida en Galicia, toda vez que o acceso á vivenda constituía xa un dos máis graves problemas da localidade.

Dende entón a situación non fixo máis que empeorar, colocándose xa como o terceiro concello do país co alugueiro medio máis caro, con 719 euros de media, só por detrás de Oleiros e practicamente igualado con Vigo, segundo os datos do último informe do Observatorio da Vivenda de Galicia. Aínda así, non se desenvolveu ningunha actuación neste ámbito. Pola contra, ademais de en Vigo, si se concretaron ou anunciaron intervencións noutros concellos da área metropolitana como Mos, Porriño ou Baiona, todos eles con menor presión sobre os prezos que Nigrán, aínda que no

caso de Baiona tamén situado entre os de maior custe da vivenda.

Despois de adoptado aquel acordo, o goberno de Nigrán ofreceu un terreo á Xunta de Galicia para a construción de vivenda protexida, terreo que foi rexeitado pola administración galega co argumento de que tan só permitía edificar oito vivendas. Non obstante, ao pouco tempo anunciaron a construción dun inmóbel en Baiona de dez vivendas. Parrecería que situaron aí o mínimo esixíbel para acometer calquera actuación, se non fora porque o Consorcio do Casco Vello de Vigo (participado nun 90% pola Xunta) acaba de anunciar a construción de seis pisos, seis, de protección autonómica na rúa Real. Lóxico. Onde non se poden acometer grandes intervencións, como son as áreas históricas, parece procedente acumular pequenas e medianas actuacións. Idéntica circunstancia dáse en Nigrán, con falta de solo para acometer a edificación dun número importante de vivendas nunha única construción, salvo que a conselleira se chame Teresa Táboas e teña a determinación de que sexa a administración galega a que exerza as súas

competencias na materia. Como isto semella imposible con Rueda e Allegue, o único xeito viábel de incidir no mercado é ir camiñando, isto é, empezar por construír os pisos que a normativa vixente permite nos solos dispoñíbeis e estudar seriamente a posibilidade de ir facéndose con inmóbeis para a súa rehabilitación como vivenda protexida, ao modo do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

En calquera caso, a evolución dramática do mercado inmobiliario en Nigrán esixe actuacións decididas dende todas as administracións, tamén dende a local, que non pode permanecer impasíbel ante o abandono da Xunta e non facer nada. O alcalde expresou a súa intención de que o concello asumise directamente a construción de vivenda de promoción pública nese solo anteriormente ofrecido á Consellería. Debe facelo. Nese lugar ou noutro, pero ten que iniciar a creación dun parque municipal de vivenda pública e non só necesariamente mediante a promoción, senón tamén, como sinalei antes, explorando oportunidades de rehabilitación de inmóbeis para incorporalos a ese parque público. Dende logo o que non se pode permitir é que siga obtendo aproveitamentos urbanísticos e non destinar eses solos ou o seu valor, para actuar contra un dos maiores problemas que sofre a clase traballadora de Nigrán, a falta de accesibilidade a unha vivenda digna.

Neste sentido é de saudar o recente acordo adoptado unanimemente pola corporación nigranesa, de novo a iniciativa do BNG, para reiterar, de xeito formal, á Consellería de Vivenda que acometa a construción de vivenda protexida en Nigrán. É unha cuestión de emerxencia.



arquitectura e interiorismo

NOELIA GOCE VICENTE
Arquitecta col. 4807

Estrada Vista Alegre 130 baixo izq.
Oia_Pontevedra
Telf. 650 779 495
goce.arquitectura@gmail.com



GRAN CASA CHINA
GONDOMAR ferretería, bazar, menaje, juguetes.
Barrio Fontán 1, Tel: 670 978 981



Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón,
Redondela, Sabarís, Tomiño e os
xoves no mercado municipal de Tui



La Vitrola
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

Val Miñor

A Asociación Chandebrito 1807 pide transparencia na presentación do PXOM de Nigrán

Nigrán

A Asociación Veciñal “Chandebrito 1807”, ante as afirmacións do goberno municipal de Nigrán de que vai aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) o próximo 1 de xullo, con esta decisión de aprobar un documento tan importante para o desenvolvemento urbanístico do municipio nun escaso periodo de tempo, considera que non se corresponde cun equipo de goberno que practique a transparencia e a participación das entidades veciñais antes de levalo ao pleno municipal. De feito, este alcalde utilizou o Consello Sectorial só para anunciar o que xa tiña decidido aprobar, pero non para a participación cidadá na elaboración de propostas como correspondería a un órgano deste tipo.

Esta Asociación veciñal esixe unha maior transparencia e participación cidadá e pide que a posible aproba-

ción se leve a pleno despois do verán e se poña o documento canto antes na páxina web do Concello e non esperar a facelo pouco antes do pleno, ademais de entregar de inmediato unha copia física do documento as asociacións veciñais para a súa valoración.

Na opinión desta Asociación, necesítase como mínimo tres meses para analizar debidamente o resultado final deste plan urbanístico, mais aínda si se ten en consideración que o documento da aprobación inicial é totalmente diferente ao que se pretende aprobar agora e haberá que comprobar que o equipo redactor e os técnicos municipais incorporaron todas as correccións tanto das alegacións ao documento de aprobación inicial como ao borrador do documento exposto polas parroquias no ano 2023 e no que se observaron numerosos erros.



Nigrán

O concello de Nigrán humanizará a rúa Rubido da Ramallosa e renovará as redes de pluviais e saneamento da contorna

“É unha obra moi demandada pola veciñanza da zona. Gañarán en seguridade vial e en prazas de aparcamento, ademais de gañar medioambientalmente”, explica o alcalde, Juan González

Concello de Nigrán investirá 228.858 € con cargo ao Plan + Provincia da Deputación de Pontevedra 2026 na humanización da Rúa Rubido da Ramallosa e na mellora das redes de pluviais e fecais da contorna (zona da Romana). O obxectivo é renovar un vial que se atopa en moi mal estado de conservación e carece de beirarrúas, polo que se adoptarán diferentes solucións para mellorar a seguridade viaria e a calidade de vida dos seus residentes. Consecuentemente, renovarase o pavimento e reordenarase o tráfico co obxectivo de poder dotala de beirarrúas e mesmo de prazas de aparca-

mento na zona de máis ancho de vía. Adicionalmente, aproveitarase para solucionar os problemas de drenaxe na contorna da rúa Rubido (especialmente Romana Alta e Damas Apostólicas) e así instalar unha rede separativa de pluviais e de fecais que acabará cos actuais problemas de verquidos.

“É unha obra moi demandada pola veciñanza da zona. Gañarán en seguridade vial e en prazas de aparcamento, ademais de gañar medioambientalmente grazas á substitución dos colectores deficientes”, explica o alcalde, Juan González, quen hoxe acudiu á zona xunto a Jesús

Eladio Costas, S.L.
Correduría de Seguros y Asesoría de Empresas

C/ San Benito, 5
36380 - Gondomar
986 384 433
costasasesoria@gmail.com

New Tekes
Bocatería - Cafetería

Telfs.: 986 36 98 66
628 11 56 34 Ana
newtekes@gmail.com
c/ Diego Sarmiento Acuña, 12
36380 Gondomar

TABERNA A CAPELA

-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)
36300 baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385965 - 685 135 540

NUEVA TAPERÍA La Abuela
DESDE 2010
Sabores Tradicionales

C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540

“A represión que sofren as mulleres iranianas é abafante.”

Mina Shayan, profesora iraniana

Na pasada edición de ANP publicamos a crónica da conferencia de Mina Shayan organizada polo colectivo As Silveiras. Resultou tan interesante que quedamos con gañas de máis e, grazas á xentileza deste colectivo, logramos concertar unha extensa entrevista persoal con Mina para coñecer máis en profundidade a súa visión sobre a realidade deste xigantesco país onde na actualidade se está a xogar parte do destino do mundo. **Antes de entrar en materia con ela quixera deixar clara a nosa opinión sobre o conflito bélico que sofre Irán: Por moi terrible que sexa a situación de opresión que describe Mina, nada, absolutamente nada xustifica a agresión imperialista de USA e Israel. Esta acción bélica non ten nada que ver coa democracia, nin cos dereitos humanos, nin co feminismo, pois só responde á defensa dos intereses imperiais dos dous estados agresores que a executan sen ningún tipo de respecto nin pola legalidade internacional nin pola vida humana.**

Mina é unha profesora iraniana nacida en 1977 e residente en Vigo desde 2008. Cántanos a súa visión sobre a discriminación contra as mulleres en Irán, a represión do réxime islámico e a loita feminista que medrou nos últimos anos arredor do lema “Muller, Vida, Liberdade”.



Isfahan, Praza de Naqsh-e Yahán

Ti es iraniana, pero non persa, verdade?

Non son persa, eu son azarí. En Irán hai moitas etnias e moitas linguas. Creo que poden existir máis de vinte idiomas diferentes e máis de cen dialectos. A maioría da xente aquí pensa que Irán é un país homoxéneo e non é así en absoluto.

Os azarís sodes unha minoría importante?

Si. Nós vivimos principalmente no norte de Irán, en cidades como Tabriz. A nosa lingua é o azarí, que pertence á familia das linguas túrquicas. Un persa que chega alí pode non entender absolutamente nada pois ambas linguas son moi distintas.

Os idiomas distintos ao persa son oficiais en Irán?

Ese é un dos grandes problemas. Só o persa é oficial. Hai moitas linguas: azarí, kurdo, árabe, baluchi..., pero o Estado funciona unicamente en persa. Na escola, por exemplo, estudamos directamente nese idioma aínda que na casa non o falemos e cando nos incorporamos ao mundo estudantil non

entendamos nada.

No teu caso, puidiches estudar con normalidade desde pequena?

Si, eu comecei a escola con catro anos sen saber persa. Na casa falabamos só azarí. En Irán as mulleres teñen que poñer o veio a partir dos nove anos, pero se vas a estudar de pequena xa o tes que poñer na escola. Comecei cun velo na cabeza e aprendendo outro idioma desde cero. Iso pásalles a millóns de nenas en Irán que non son persas. Eu teño fotografías con catro anos levando pano e roupa islámica.

Sénteste máis azarí ou máis iraniana?

Primeiro son azarí. Iso téño moi claro. Pero tamén me sinto iraniana porque compartimos unha historia e unha civilización común. Irán é un país moi antigo, con moitas etnias, idiomas e culturas.

Sempre viviches na túa cidade natal?

Non, con dez anos a miña familia trasladouse a Teherán, a capital de Irán. Foi como emigrar dentro do propio país. Pasei alí vinte anos máis da miña

Jumar s.l.
Materiales de construcción

CONJUMAR, C.B.
CONSTRUSUR OIA S.L.

PEDORNES - STA MARÍA DE OIA
TELF.: 986 36 21 09
FAX: 986 36 29 12

Móvil Juan: 658 989 659
Móvil Mari: 658 982 409

Peixaría Oia
Do mar á túa casa.
Visítanosij

Estrada de Vista Alegre, 165 (Oia)

HOTEL * * RESTAURANTE

A QUEIMADA

info@queimada.com

www.queimada.com

PRAZA DA CARRASCA, 5 NIGRÁN
986 350 307 - 986 350 380

vida.

E como acabaches en Vigo?

Eu estudara lingua española e tradución na universidade. Sempre me apaixonaron os idiomas, e aos meus irmáns tamén. Primeiro quería estudar Medicina, como moita xente en Irán, pero decateime de que aquilo non era o meu. Na miña familia sempre houbo moita facilidade para as linguas e decidín apostar por iso.

Cando chegou o momento de elixir carreira podía escoller entre inglés, francés, alemán ou español. Escollín español porque mo recomendou un irmán meu.

Entón decidiches vir a España?

Custoume moitísimo. Estamos falando de comezos dos anos 2000, cando aínda non había o internet que existe agora. Pasei anos buscando opcións e becas para estudar aquí. Traballaba, aforraba cartos e pedía visados constantemente. Finalmente apareceu a oportunidade de facer un mestrado de Estudos de Xénero na Universidade de Vigo. Vin o plan de estudos e fascinoume. Cheguei no 2008.

Por que che interesou tanto o feminismo?

Pola discriminación que viviamos as mulleres en Irán. Eu era plenamente consciente dela desde pequena. E non só eu: tamén as miñas amigas, a miña nai, todas as mulleres do meu entorno. A discriminación non é só legal ou política. Tamén é cultural e social. Está presente en todas partes.

Pero dicíame que as mulleres poden estudar no teu país.

Si, claro que podemos estudar. Iso ás veces sorprende aquí. As mulleres iranianas levan décadas loitando polo ac-

ceso á educación e hoxe hai moitísimas universitarias. O problema é que existe discriminación dentro do propio sistema.

Hai carreiras vetadas para mulleres. Por exemplo, non podes converterte en xuíza. Ademais, en determinados momentos o Goberno introduciu cotas para favorecer aos homes porque as mulleres estaban obtendo mellores notas en Medicina ou Enxeñaría, entón comezaron a facer discriminación positiva en beneficio dos homes.

Ti viviches sempre baixo o actual réxime islámico?

Si. Eu nacín a finais do 1977 e a revolución foi no ano 1979. Toda a miña vida estivo marcada polas normas do réxime.

Como é levar o velo desde tan pequena?

É horrible. Só se nos poden ver a cara e as mans, non pode saír nin un só pelo fóra do velo. O resto do corpo debe ir cuberto. E iso é obrigatorio tamén no verán, con temperaturas altísimas, pásase moita calor.

O goberno como controla que isto se cumpra?

Hai unha vixilancia constante. Na escola había mulleres encargadas de supervisar como iamos vestidas. Tamén na universidade, no cine, na rúa... Sempre hai alguén observando.

Eu sufrín violencia por iso durante toda a miña vida en Irán. Porque se che vía un pouco de pelo, porque a roupa era demasiado curta, porque a forma do vevo non era correcta...

Falas de violencia policial?

Claro. A policía podía pararte pola rúa e dicirte: "Arranxa o vevo", "o vestido é demasiado curto" ou "tes que vir

connosco". Tamén podían cuestionarte por falar cun rapaz ou calquera que lles pareza.

Lembro unha vez que meu irmán viñera visitarnos desde Dubai despois de dous anos sen velo. Fomos facer sendeirismo cun grupo de amigos e eu e miña irmá abrazábase continuamente pola emoción. A policía achegouse para preguntarme por que abrazaba tanto a aquel home. E eu dícialles: "É o meu irmán".

Iso amosa o nivel de represión e de obsesión co control sobre o corpo das mulleres.

Cres que a maioría da sociedade iraniana opina o mesmo e apoiaría un cambio político si se dese a oportunidade de acabar con este sistema?

Hoxe si. Sen dúbida. Hai unha minoría moi ideoloxizada que segue defendendo o sistema islámico, pero a maioría da poboación está cansada da represión.

A xente vive asfixiada. Iso nótase especialmente nas mulleres e na xente nova. Pero tamén os homes agora estanse a dar de conta desta represión cara as mulleres porque indirectamente logo tamén lles afecta a eles.

Cando comezou a loita contra o uso obrigatorio do vevo en Irán?

A resistencia xa viña de antes, sobre todo entre 2011 e 2014, grazas ás redes sociais e ás protestas das mulleres. Pero no ano 2022 todo explotou con máis forza. Moitas mulleres decidiron quitar o vevo en público como símbolo de liberdade, o movemento "Muller, Vida, Liberdade" que estoupou tras a morte de Mahsa Amini.

Como respondeu o réxime a este movemento?

Houbo unha represión moi dura. Morreron moitas persoas, tanto mulleres como homes que as apoiaban. Tamén houbo detencións, execucións e persecución de presos políticos. Fálase de máis de 1.500 persoas asasinadas entre mulleres e homes que apoiaban as protestas. E aínda hai xente condenada á execución.

E agora hai liberdade para non levar vevo?

A represión continúa. Eu mesma viaxei a Irán a ver a miña familia en 2025, durante esta visita, fun parada varias veces pola policía e por persoas relacionadas coa seguridade do Estado. Nunha ocasión ameazáronme con chamar á policía e pechar a tenda na que estaba se non me poñía o vevo. Eu estaba coa miña sogra e o meu marido que son galegos, miña sogra levaba o vevo pero eu non. As mulleres estranxeiras tamén están obrigadas a levar o vevo.

A sociedade iraniana vive con medo?

Moitísimo. Incluso entre a xente que sae do país. Hai persoas que non se atreven nin a falar de política no extranxeiro porque saben que despois teñen que regresar a Irán e as represalias poderían ser tremendas.

Eu mesma sei que nunca poderei volver vivir a Irán con seguridade. Teño pensado seguir indo a ver a miña familia, pero xa levo en Vigo 18 anos e a miña vida aquí feita.

O réxime condena a mozos a pena de morte e, ao día seguinte de cumprir os 18 anos, son aforcados. A xente nova xa non acepta vivir como vivían as xeracións anteriores con tanta represión e condenas de morte por aforcamento. Se protestas, te matan. Se falas contra o

café bar

A cultural de Guillarei

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

ROCHA

SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José M^o Sexto 31, A Gándara 36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881



Excmo. Concello de Tui

Baixo Miño

réxime, te matan...

Como vive a poboación iraniana a agresión por parte dos EEUU?

Unha parte da poboación está de acordo cunha intervención. Eu non a apoio baixo ningún concepto e rexéitola absolutamente.

Houbo xente que se manifestou na rúa en contra do réxime e o goberno iraniano masacraron. Nesta masacre o goberno recoñece máis de 3.000 mortos pero son moitísimos máis, familias enteiras, mozos...

Esta mobilización multitudinaria comezou por motivos económicos. Hai moito cansazo e frustración. A maioría da sociedade quere un cambio de réxime, aínda que este veña impulsado desde fóra, e saben que os EEUU non veñen a axudar, senón a polo petróleo. Pero xa non aguantan máis tanta pobreza, inflación, corrupción e moita represión. Moitos recursos do país pola venda do petróleo e dos minerais non chegan á xente, quedan nas mans dun poucos de arriba.

Que dereitos teñen as mulleres en Irán?

Hai moitas limitacións. Unha muller necesita permiso do marido para traballar, estudar ou conseguir pasaporte. Ademais, a lei permite casar a unha nena de trece anos, e co consentimento do pai, mesmo pode facelo a partir dos nove anos.

Que ocorre coa liberdade sexual?

A homosexualidade está castigada coa pena de morte, tanto de homes coma de mulleres, o que si está permitido é a transexualidade. Tamén existen castigos físicos por beber alcohol ou incumprir normas relixiosas, o adulterio en mulleres está penado coa lapidación aínda que agora mesmo non a están practicando.

Adega Pateira: facer viño como forma de resistencia



Sandra e Pablo. Foto: Casa Atlántica

Hai proxectos que nacen dunha idea empresarial e outros que nacen dunha forma de vivir. Adega Pateira pertence claramente aos segundos.

Porque detrás das súas botellas hai moito máis que viño. Hai memoria familiar, recuperación do territorio, traballo artesanal e unha maneira moi concreta de entender o rural galego. Un rural vivo, pero tamén duro. Un rural no que sacar adiante un proxecto pequeno require moitas horas, moita teimosía e unha enorme capacidade de resistencia.

A relación da familia co viño vén de atrás. Feliciano e Josefina, avós de Pablo, xa facían viño nas súas casas, como tantas familias do Rosal que durante xeracións mantiveron pequenas viñas e unha cultura ligada á terra. Non falamos dunha adega profesional nin dunha marca comercial, senón dunha tradición familiar transmitida de maneira natural entre xeracións. Hai aproximadamente dez anos, Benito decidiu crear oficialmente a adega xunto con Pablo. Así naceu Adega Pateira como proxecto vitivinícola. A partir dese momento comezou un proceso lento de recuperación de viñedos, aprendizaxe e construción dunha identidade propia. Sen grandes investimentos nin unha idea idealizada do rural, senón desde o traballo constante e a vontade de seguir ligados á terra, sempre con Pili na retagarda, cubrindo todos eses ocios invisibles e necesarios para que todo puidese suceder.

No 2025, coincidindo coa xubilación de Benito, Pablo e Sandra decidiron abrir unha nova etapa coa creación de Jarabizo Coop, a fórmula de cooperativa é a que mellor representa a súa forma de entender o traballo e o territorio.

Porque para eles o modelo cooperativo non é só unha cuestión legal ou administrativa. É unha maneira de situarse no mundo. Falar de cooperación, apoio mutuo e proxectos compartidos encaixa moito máis coa realidade que viven no día a día.

Recuperar viñas para recuperar memoria

Un dos aspectos máis especiais do proxecto é a orixe dos viñedos. Non se trata de grandes plantacións modernas nin de fincas compradas para producir

en volume. A maior parte das parcelas son cesións de veciños e familias que xa non podían continuar traballando as viñas e que, polo tanto, ían ser arrincadas ou abandonadas.

O traballo de Adega Pateira consistiu

precisamente en recuperar esas terras, limpar viñedos antigos, volver poñelos en produción e evitar que desaparecese unha parte importante da paisaxe agrícola do Rosal.

Actualmente traballan arredor de 18.500

Mueble juvenil
Armarios empotrados
Tapizados
Mediciones
Proyectos

www.mueblesousa.com
sousamuebles@gmail.com

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA
Tel./Fax: 986 61 04 07

MANEL RIVEIRO

PELUQUER@S · ESTÉTICA

986 621 077

Avd. Ordóñez, 27
36750 Coión - Tomiño
Pontevedra

DESDE 1995

Casa Telleiro

DESDE 1984

CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ

986 621 298



Sandra e Pablo. Foto: Casa Atlántica

metros cadrados repartidos en 17 parcelas diferentes. Un mosaico pequeno e disperso que reflicte perfectamente o minifundio galego.

Cada viña achega algo distinto: humidade, orientación, solo, influencia do río ou formas tradicionais de cultivo. Por iso os seus viños non falan dunha única parcela concreta, senón dun territorio compartido. Cada botella é unha pequena interpretación do Rosal, construída a partir da combinación de múltiples viñas e múltiples historias.

Viños pequenos feitos a man

Adega Pateira traballa nunha escala moi pequena e completamente artesanal.

O embotellado, o etiquetado e mesmo o lacrado fanse manualmente. Cada botella pasa literalmente polas mans de Pablo e Sandra.

Da colleita de 2024, saída ao mercado no pasado marzo, elaboráronse aproxima-

damente 950 botellas de Pateira, 950 de Pampalao e 1150 de Buraca. Nos próximos meses tamén teñen previsto sacar o rosado da colleita 2025, cunha produción arredor das 600 botellas.

As cifras poden parecer pequenas, pero detrás delas hai unha enorme cantidade de traballo invisible.

Porque Adega Pateira non é un proxecto cómodo nin idealizado. Non todo é romántico nin perfecto. Hai moita dureza detrás de cada colleita, o proxecto sostense co traballo diario de Sandra e Pablo, que teñen que asumir tarefas moi diferentes e constantes ao longo de todo o ano: traballo na viña; poda, sulfatos, roces... traballo na adega, embotellado, etiquetado, repartos, redes sociais, administración ou atención a clientes. Todo pasa polas súas mans.

Nunha estrutura tan pequena non existen departamentos nin especializacións. Todo convive ao mesmo tempo e require unha enorme capacidade de adaptación, organización e esforzo continuo, e non sempre é doado. Hai momentos de cansazo e tamén de frustración por non poder chegar a todo ao nivel que lles gustaría. Porque traballar desde unha estrutura tan pequena implica vivir constantemente ao límite do tempo, dos recursos e das enerxías. Moitas veces ademais con ferramentas humildes, moi lonxe dos medios técnicos e humanos das grandes adegas.

E precisamente aí está tamén unha parte esencial da identidade do proxecto, porque a pesar de todas esas dificultades, Adega Pateira consegue elaborar viños capaces de competir en calidade con proxectos moito maiores. Viños honestos, artesanais e profundamente ligados ao territorio.

Moito máis que unha adega

Falar de Adega Pateira é falar tamén de dinamización cultural e social. Jarabizo non se limita a producir viño. O proxecto inclúe actividades culturais, encontros, formación e iniciativas de enoturismo.

A idea de fondo é clara: o rural non pode sobrevivir unicamente como espazo produtivo; necesita tamén vida social, cultura e comunidade.

Por iso, arredor da adega aparecen propostas que buscan crear vínculos entre persoas, recuperar espazos de encontro e poñer en valor o patrimonio local. A cultura do viño convértese así nunha ferramenta para activar territorio e identidade. Nun momento no que moitas aldeas per-

den poboación e actividade económica, proxectos deste tipo demostran que existen alternativas posibles desde a pequena escala, a cooperación e o compromiso co lugar.

Quizais por iso Adega Pateira representa algo máis amplo que unha adega: unha forma contemporánea de resistencia rural. A resistencia de quen decide quedar, recuperar terras, construír comunidade e demostrar que dende o pequeno tamén se poden facer grandes proxectos.

Porque no fondo, cada botella de Adega Pateira fala precisamente diso: dun territorio, dunha memoria familiar e dunha forma honesta de seguir habitando a terra.

AMEI Tui atende a máis de 20 mulleres inmigrantes a través do programa INTEGRALAB

O proxecto ofreceu atención psicolóxica, asesoramento xurídico, formación e orientación laboral para favorecer a inclusión social e laboral das participantes

Tui

A Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui (AMEI TUI) está a piques de finalizar o desenvolvemento de INTEGRALAB, un programa de atención integral dirixido a mulleres inmigrantes en situación de especial vulnerabilidade residentes en Tui e concellos limítrofes, no marco das subvencións da Xunta de Galicia para programas destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Ao longo da execución do proxecto,

máis de 20 mulleres participaron nos diferentes servizos e itinerarios personalizados de integración, recibindo apoio especializado adaptado ás súas necesidades persoais, sociais e laborais.

O programa desenvolveuse mediante unha metodoloxía de atención integral e individualizada, combinando diferentes áreas de intervención co obxectivo de mellorar a autonomía persoal e económica das participantes e favorecer a súa inclusión activa na sociedade.

PABLO BALDONEDO BARROS
639 585 714 / 986 62 12 74
Avd. Ordoñez 26 / Goián - Tomiño
balpigoian47@gmail.com

NorFert
MARMOLERÍA
GRANITOS EN GENERAL
OFICINA: 722 803 033
Polígono Viveiros-Guillarei s/n 36720 Tui
Telf.: 676 664 910
e-mail: norfert@outlook.es

COMPRAVENTA JR

JOYERÍA Y RELOJERÍA EXCLUSIVA DE OCASIÓN

TALLERES PROPIOS 609 884 609

COMPRO ORO

Travesía de Foxo SM
Tui
Tel-Fax: 986 60 34 19
Joyeriajr@yahoo.es

JOYERÍA **JR** RELOJERÍA
Juan Rivera

Entre os servizos prestados destacan a orientación e acompañamento social, a atención psicolóxica especializada, o asesoramento xurídico, a mediación intercultural, a formación en competencias persoais, sociais e dixitais e os servizos de orientación laboral e apoio na procura de emprego.

A través destes recursos, as participantes puideron recibir información e acompañamento en trámites administrativos, mellorar as súas competencias profesionais, fortalecer a súa autoestima e benestar emocional, coñecer os seus dereitos e acceder a ferramentas que facilitan a súa incorporación ao mercado laboral.

Desde AMEI TUI destacan que as mulleres inmigrantes continúan atopando importantes obstáculos derivados da precariedade laboral, das dificultades administrativas, da ausencia de redes de apoio e das barreiras culturais e lingüísticas, polo que resulta fundamental continuar impulsando programas especializados que respondan ás súas necesidades desde unha perspectiva integral e de xénero.

A entidade valora moi positivamente os resultados acadados e o elevado nivel de participación rexistrado, confirmando a necesidade de manter recursos de apoio que contribúan á igualdade de oportunidades e á inclusión social e laboral das mulleres do territorio.

INTEGRALAB está financiado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade e da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, e cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.



Xoan Carlos Caballero, mestre

O pesadelo de Isabel La Católica Ayuso

opinión

Un daqueles días de cacería polo Caribe, Hernán Cortés entrou na Riviera Maya e confundiu aos bronceados turistas con indíxenas que se agochaban debaixo das palmeiras con medio corpo mergullado baixo a auga e na man un daiquiri. Isabel botouse a correr horrorizada en canto viu que o azul turquesa da auga comezaba a tinguirse de vermello, sangría que lle recordou aos vídeos de propaganda do Estado Islámico.

A Católica berraba o nome do seu rei Fernando de Aragón y Quirón mentres cadáveres decapitados, que continuaban correndo uns metros antes de desplomarse aos seus pés, obstaculizábanlle a escapatoria daquel inferno. Durante a fuxida, viñaselle á cabeza a escena de Apocalipto na que as cabezas rodaban dende o alto da pirámide.

—Prioridad Nacional señor Cortés, Prioridad Nacional— suplicaba para que o seu heroe comezase acoitelando aos nacidos naquela España tan lonxana da que agora renegaba para no ser sacrificada ou escravizada das primeiras.

Isabel, confundida cunha maya yucateca, foi capturada para servizo doméstico e ser abusada no domicilio de Hernán.

Chegados a este punto, o pesadelo transformouse nun fermoso e romántico soño no que ela pasou a ser a protagonista absoluta: a mismísima Malinche, da que o militar estremeño namorouse apaixonadamente. Froito do amor entre Malinche

e o conquistador naceu Martín, e xusto nese instante, “comezaron os cinco séculos de mestizaxe, marcados pola esperanza, a alegría e as alianzas”.

Ayuso, en vixilia xa era unha lacaia dos poderosos gobernos americanos e israelís. Polo tanto converterse en amante de Cortés era algo cantado no seus soños de grandeza. Pasou a ser a chivata, a axudar aos estranxeiros a someter ao pobo do que formaba parte. E sen sabelo, a primeira india da que nacería o termo “cipayo”.

Como non podía ser doutro xeito, foi Miguel Ángel Rodríguez quen a espertou na mellor parte desta experiencia onírico sentimental. Ao agacharse a coller unha botella de Aguascalientes, tequila envellecida moi apreciada, desequilibrouse e caelle enriba.

Aturdida, desorientada, e aínda baixo os efluvios dos daiquiris, comezou a repetir como un papagaio:

—Méjico se escribe con j, Méjico se escribe con j, Méjico se escribe con j. Que non vos enterades!

A pesares das salvaxadas que viu no seu soño, na vida real continuou a súa historia de amor co conquistador. Tomáralle gusto a infrinxir dor sen remorsos e seguiu ofendendo ao pobo mexicano con declaracións como:

“México no existió hasta que llegaron los españoles e é un narcoestado totalitario e violento”.

Agora, xa de volta na capital, toma o sol

na terraza do seu ático por medo a que Hernán Cortés reapareza, non a recoñeza e baixe directamente ao metro en busca dunha de tantas Malinches, que segundo dela transitan polas estacións madrileñas, para sentirse de novo en Tenochtitlan.



estética & belleza

Ramón Franco, nº17.

Bajo A. O Rosal. Pontevedra.

T. 663 146 363



Restaurante - Tapería
ARRVAZ
Vencellados co mar dende sempre
Rúa Porto 56, A Guarda
36780 Pontevedra
www.arrvaz.com
986 614 571
reservas@arrvaz.com

TOMIFER
Rúa Gondomar, 12 Bajo - 36740 Tomiño
Teléfono 986 62 34 12
Movil 661 069 346
tomifer@tomifer.es



Xeito
ESPECIALIDADES
Pimientos Rellenos de Marisco
Pescados y Mariscos de la Costa
Bogavante con Arroz
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Postres Caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto) - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 984 234

GRACIAS POR SU VISITA

Aberto o procedemento para adxudicar as cinco vivendas municipais en Caldelas destinadas a alugueiro social

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude de inclusión na Listaxe de demandantes de vivenda de alugueiro social.

Tui



O Concello de Tui ven de iniciar o procedemento para adxudicar as cinco vivendas rehabilitadas no edificio municipal, no barrio do Monte, en Caldelas para destinalas a alugueiro social. Durante un prazo de vinte días naturais, contados dende onte, cando se publicou o anuncio no BOPPO, pódense presentar as solicitudes, no modelo dispoñible na web municipal ou na casa do concello, para a inclusión na Listaxe de demandantes de vivenda de alugueiro social.

Cun investimento de medio millón de euros, financiados con fondos municipais e do Instituto Galego da Vivenda e Solo, IGVS, o Concello de Tui acometeu a rehabilitación destas vivendas seguindo criterios de eficiencia enerxética nesta actuación. Cada vivenda conta tres dormitorios, distribuidor, cociña amoblada e con electrodomésticos, sala de estar-comedor, 3 dormitorios e un baño. No caso da vivenda adaptada amais dispón dun aseo, acceso a vivenda cuberto e garaxe cuberto con acceso directo ao interior da vivenda. Precisamente a vivenda adaptada é a de maior tamaño, 120,65 m², hai dúas vivendas de 60,05 m², unha de 58,65 m² e outra de 56 m². A renda mensual establecerase en función dos ingresos da unidade familiar, oscilando entre o 1€/m² metros cadrado de superficie útil para ingresos inferiores a 0,9999 veces o IPREM, de 1,30€/m² para ingresos entre 1 e o 1,4999 veces o IPREM, e de 1,50€/m² para ingresos entre 1,5000 e 2,4999 veces o IPREM. O prazo de

duración do arrendamento da vivenda social será de 5 anos, prorrogable como máximo con carácter bianual por 4 anos.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, subliña que se trata de vivendas de alugueiro social, engadindo que para acceder ás mesmas hai que cumprir unha serie de requisitos recollidos na ordenanza municipal coma estar empadroadado en Tui, non posuír outra vivenda en propiedade, ou que a unidade familiar teña ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM. Entre todas as persoas demandantes que cumpran os requisitos, unha vez remate o prazo de solicitude, realizarase unha baremación, seguindo os criterios establecidos na ordenanza, e adxudicaranse as vivendas. Na ordenanza municipal, dispoñible na web municipal, pódense consultar os requisitos completos e os criterios de baremación.

Enrique Cabaleiro avanza que dende o Concello están a traballar para poder acudir a outra liña de subvención para poder acometer a rehabilitación das outras vivendas que quedan pendentes no mesmo inmovible.



Andrea Nunes Brións gaña o Premio aRi[t]mar á Mellor Poesía do Ano 2025 na Galiza con “Un mar que soña”



Andrea Nunes



Ana Gago

Redacción


O pasado sábado, 30 de maio, remataron as votacións para escoller os mellores poemas do ano 2025 na Galiza e Portugal. Foron 2.500 votos os que decidiron que “Un mar que soña”, de Andrea Nunes Brións, foi a Mellor Poesía do 2025 na Galiza e “Indigestão”, de Ana Gago, foi a Melhor Poesía de 2025 em Portugal. Os podios das dúas categorías completáronse con “V” de Elisabeth Oliveira e “A Incomunicación” de Andrea F. Maneiro para a Galiza; e “Trocar de água” de Daniel Jonas e “Música de Ninar no Buraco” de Pedro Pereira Lopes para Portugal.

No poema de Nunes Brións, “Un mar que soña”, sempre nun plano cua-

se onírico, a capacidade do mar para transformar a súa natureza simbólica, desde a violencia e escuridade até a calma e o agrado que implican as ondas cando chegan paseniñas á beira na praia, ponse en común co soño dunha muller co que comparte esa mesma dicotomía, pero falando neste caso da esperanza ou a falta da mesma. “Sere-mos mañá fría, luz escura, ou indicarán camiños as pegadas?” Non é certo que o que mal empeza pode rematar (ou non rematar) dirixido a un bo lugar?

No caso de “Indigestão”, o poema de Ana Gago, a incapacidade para soltar é cerne e vertebradora da lírica. Un bandedo que non para de medrar porque todo o malo que entra non é quen de saír, con toda a frustración e a alarma e alerta constante que estas situacións implican. A autora transmite todas as malas sensacións e sentimentos da falta de comunicación, ou a imposibilidade da mesma, a través dunha linguaxe que torna, por momentos, mesmo nunha especie de horror corporal desagradable e epidérmico.

As vencedoras recibirán o seu galardón na gala aRi[t]mar, que será celebrada no outono e contará coa presenza e as actuacións musicais de Uxía e



Hotel **EL MOLINO**
Un paraíso

por descubrir

Na Praia de Camposancos (A Guarda)

MAR Andrea Nunes Brións e Ana Gago pechan así o plantel de vencedoras desta edición dos premios aRi[t]mar. As dúas poetas súmanse a Uxía e a unha das máis salientables novas voces da música portuguesa, MAR, que foron as vencedoras na categoría musical, e

a Xico de Cariño, galardonado co Premio Especial do Xurado á Embaixada da Amizade Galego-lusófona. Todas as gañadoras recollerán o seu premio na gala aRi[t]mar 2026, que será celebrada no outono no Auditorio de Galicia e na que as entregas dos galardóns convivirán con actuacións musicais.

nas guiadas gratuítas e abertas a toda a veciñanza, sen necesidade de inscrición previa, para coñecer cada un destes percorridos.

A programación arrancará o 12 de xuño coa ruta do Río da Pedra, un percorrido circular de case catro quilómetros e dificultade baixa que sairá ás 20.30 horas dende a Área Recreativa da Pedra. Nas semanas seguintes desenvolveranse tamén as rutas da Pedra Furada, Alto da Pedrada, Río Penís e Viñedos, Río Furnia, Muíños

da Regueira, Buracos dos Mouros e Monte Tetón, que pechará o programa o vindeiro 12 de xullo.

“Queremos animar á veciñanza a redescubrir Tomiño a través destes percorridos. Son sendas pensadas para desfrutar da natureza, facer actividade física e coñecer mellor a riqueza do noso territorio”, sinalou Sandra González. Ademais da súa vertente turística e ambiental, o proxecto busca promover hábitos de vida saudables e fomentar unha

Tomiño crea oito sendas naturais para descubrir o municipio paso a paso

O Concello creou estes novos percorridos por case todas as parroquias, que xa están sinalizados e recollidos en Wikiloc e Komoot

Pon en marcha un programa de andainas guiadas de balde en xuño e xullo para coñecelas

Tomiño

Os camiños que a veciñanza e visitantes levaban anos percorrendo de maneira espontánea xa teñen nome, sinalización e unha nova vida. O Concello de Tomiño acaba de presentar unha rede de oito sendas naturais que atravesan o municipio e que permitirán descubrir o patrimonio paisaxístico, ambiental e cultural do territorio dun xeito accesible, saudable e sostible.

O Concello levou a cabo traballos de sinalización e melloras básicas destes roteiros, detectados tras a análise dos datos de plataformas especializadas como lugares moi empregados por veciñanza e visitantes para facer sendeirismo ou actividades ao aire libre e que non contaban co acondicionamento necesario. Ademais, creáronse contatos tanto en Wikiloc como en Komoot para que as persoas usuarias sigan de xeito doado, sinxelo e rápido mediante tecnoloxía móbil toda a información dos percorridos. Ademais de sinalizar estas sendas, puxéronse en valor con paneis diferentes sitios singulares de

Tomiño, como o cruceiro da ponte, ponte e muíño de Forcadela; o santuario de San Campio de Lonxe; a Pedra Furada ou os Muíños da Regueira.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, subliñou que “este proxecto permítenos poñer en valor espazos naturais e patrimoniais que forman parte da nosa identidade e que moitas veces eran grandes descoñecidos incluso para a propia veciñanza”. A rexedora agradeceu tamén “a colaboración e boa disposición das comunidades de montes de Tomiño, fundamentais para poder desenvolver este traballo e instalar a sinalización nos seus terreos”.

Financiadas con arredor de 40.000 euros a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, estas oito novas sendas serán as protagonistas durante os meses de xuño e xullo no municipio. O Concello lanza o programa ‘Tomiño en marcha’, unha proposta impulsada ao abeiro da Axenda Impacto Saudable que ofrecerá andai-

TOMIÑO EN MARCHA
Descubre rutas, natureza e benestar

**ÚNETE!
DE XUÑO A XULLO**

12 DE XUÑO	14 DE XUÑO	19 DE XUÑO	21 DE XUÑO
As 20:30h - Venres 1:00 h 3,95 Km	As 09:30h - Domingo 2:30 h 8,69 Km	As 20:30h - Venres 3:00 h 7,98 Km	As 09:30h - Domingo 3:00 h 9,41 Km
RUTA DO RÍO DA PEDRA Ruta Circular O punto de inicio será na Área Recreativa da Pedra	RUTA DA PEDRA FURADA Ruta Circular O punto de inicio será no Parque de Figueiró	RUTA AO ALTO DA PEDRADA Ruta Lineal O punto de inicio será na Escola de Vilachán do Monte	RUTA DO RÍO PENÍS E VIÑEDOS Ruta Circular O punto de inicio será no Parque do Árbore de Vilachán
DIFICULTADE ●○○○	DIFICULTADE ●○○○	DIFICULTADE ●○○○	DIFICULTADE ●○○○
24 DE XUÑO	28 DE XUÑO	05 DE XULLO	12 DE XULLO
As 09:30h - Mércores 1:00 h 1,90 Km	As 09:30h - Domingo 3:00 h 11,88 Km	As 09:30h - Domingo 2:30 h 8,15 Km	As 09:30h - Domingo 1:45 h 5,40 Km
RUTA DO RÍO FURNIA Ruta Lineal O punto de inicio será no Campo de Fútbol de Amorín	RUTA DOS MUÍÑOS DA REGUEIRA Ruta Lineal O punto de inicio será no Torreiro do Alivio	RUTA DOS BURACOS DOS MOUROS Ruta Circular O punto de inicio será na Igrexa de Pinzós	RUTA DO MONTE TETÓN Ruta Circular O punto de inicio será no camiño de acceso aos Petroglifos
DIFICULTADE ○○○○	DIFICULTADE ●○○○	DIFICULTADE ●○○○	DIFICULTADE ●○○○

RUTAS GUIADAS, GRATUÍTAS E SEN INSCRICIÓN

Tomiño CONCELLO **IMPACTO saudable**

BAR

vaya punto

A. Ordóñez, 12
Goyán-TOMIÑO
Telf.: 629 794 300

TALLERES

MV ROSAL SL

Telfs: 629 30 91 95
659 44 30 20

Estrada Eiras, 6
Tabagón - O Rosal
talleresmrosal@gmail.com

Delequería Floro

CITA PREVIA
Telf.: 986 621 110
667 932 855
C/. Centinela
36750 - Goián

Adoramos Guillarei



CAIXA DE MÚSICA

Por Xose Manuel Fernández Costas "Muxicas"



Algo están entre nós a facer un fermosísimo traque a ballo e, ó tempo, a engrandecer e enriquecer o noso patrimonio cultural, sen necesidade de copiar a outras culturas do que xa elas fixeron. Como é o caso do grandísimo ñe e, gaitero, musti instrumentista e compositor, Xoan Carlos Rilo con esta xota, "NO CASTIÑEIRO", que adicou a Xosé Manuel Río Calviño.

É que moitos magníficos músicos están a crear acotío novas obras para os nosos instrumentos tradicionais: gaitas, zanfonas, requintas, pínfanos ... , baseándose no transmitido e aprendido dos músicos tradicionais que nos precederon.

É intención deste espazo periodístico dar luz a algúns destes grandes creadores que

A cultura musical galega non é máis que ningunha outra cultura musical, pero tampouco é menos como para ter que copiar-lles xeitos, fraseos, percusións ou mesmo evolucións de instrumentos que o único que fan é emporcar o legado que recibimos dos nosos devanceiros.

Porque nos sentimos orgullosos de poder compartir co resto do mundo a nosa cultura, por isto estamos a traballar.

No castiñeiro

Xota para cuarteto de gaitas

Xota: Xoan Carlos Rilo Fraija

♩ = 70

Gaita1

Gaita2

A Coda


D.S. Coda

Adicada con moito agarimo ao meu curmán e gaitero Xosé Manuel Río Calviño. Oza-Cesuras, 13 de Abril do 2016



BOCATAS, PLATOS COMBINADOS
TERRAZA, APARCAMIENTO
ZONA INFANTIL

GUILLAREI - PONTENOVA 10 B
986 60 17 96



El Perro Verde
RESTAURANTE

(+34) 986 . 627 . 354
C/ Costa dos soldados, nº10
Camposancos, c.p. 36788,
A Guarda
@restauranteperroverde
El Perro Verde



O DESCANSIÑO
CAFE - BAR

684 418 559

Estación, 11
Guillarei - Tui

XXXIV Feira do Viño do Rosal

A Praza do Calvario acollerá do 17 ao 19 de xullo unha nova edición dunha das citas enogastronómicas máis importantes do verán galego Por *G. Figueiredo*

O Rosal xa comeza a quentar motores para celebrar unha das súas citas máis emblemáticas. A XXXIV Feira do Viño do Rosal regresará para converter o centro do municipio nun gran escaparate dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas e nun punto de encontro para adegas, veciñanza e visitantes chegados de toda Galicia e do norte de Portugal.

Ao longo de tres días, a vila do Baixo Miño volverá reivindicar a súa tradición vitivinícola cun programa que mesturará degustacións, catas, gastronomía, música, actividades culturais e propostas para todos os públicos. Unha celebración que transcende o ámbito estritamente enolóxico para consolidarse como un dos grandes encontros sociais e culturais do verán rosaleiro.

A feira chega nun momento especialmente importante para o sector vitivinícola da comarca, que continúa a gañar prestixio tanto nos mercados nacionais como internacionais grazas á singularidade dos seus viños e á aposta constante pola calidade. Neste momento, a Feira do Viño convértese nunha oportunidade privilexiada para achegar á veciñanza e as xentes doutras comarcas o traballo desenvolvido polas adegas da subzona do Rosal e para poñer en valor unha terra profundamente vinculada á cultura do viño.

A alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, destaca que esta celebración representa moito máis ca unha simple mostra enolóxica. Segundo explica, a feira constitúe unha homenaxe ao traballo das adegas, ás persoas viticultoras e a toda unha comunidade que leva



Feira do Viño do Rosal. Cortesía: Web do concello Do Rosal.

xeracións construíndo unha identidade propia arredor do viñado.

“O viño forma parte da nosa historia, da nosa paisaxe e tamén do noso futuro. Esta feira é unha oportunidade para compartir con quen nos visita todo aquilo que nos fai únicos como territorio”, sinala a rexedora.

O carácter único da subzona do Rosal

A importancia da feira non se entende sen coñecer a singularidade da subzona do Rosal, unha das cinco áreas que integran a Denominación de Orixe Rías Baixas xunto ao Val do Salnés, Condado do Tea, Soutomaior e Ribeira do Ulla.

Situada no extremo suroccidental de Galicia, entre o río Miño e o océano Atlántico, esta zona abrangue principalmente os municipios do Rosal, Tomiño

e A Guarda. A influencia mariña, o microclima e a riqueza dos solos dan lugar a viños cun perfil diferenciado que os converte nun referente dentro do panorama vitivinícola galego.

A variedade Albariño continúa sendo a gran protagonista, pero a personalidade dos viños rosaleiros vén marcada tamén pola presenza doutras castes autóctonas como a Loureira e o Caíño Branco. Esta mestura permite elaborar os coñecidos viños “Rías Baixas Rosal”, caracterizados pola súa frescura, complexidade aromática e marcada expresión atlántica.

A mineralidade, a elegancia e o equilibrio entre acidez e intensidade aromática son algunhas das características que identifican estes viños e que cada ano atraen a milleiros de visitantes á feira.

Máis de tres décadas de historia

A Feira do Viño do Rosal acumula xa máis de trinta anos de traxectoria. A súa primeira edición celebrouse en 1992 co obxectivo de promocionar os produtos locais do val rosaleiro, entre eles os viños, as conservas, as flores e os produtos hortícolas.

Co paso do tempo, a cita evolucionou ata converterse nun dos eventos enoturísticos máis relevantes de Galicia. O crecemento da feira foi da man do desenvolvemento do propio sector vitivinícola da comarca, que experimentou unha notable profesionalización e unha crecente proxección cara o exterior da vila.

Hoxe, a Feira do Viño constitúe unha plataforma fundamental para a promoción das adegas da subzona e unha oportunidade para que as persoas asistentes descubran tanto as novas colleitas como os proxectos innovadores que están a impulsar o sector.

Catas e gastronomía

Un dos puntos fortes da programación volverán ser as catas comentadas, nas que persoas expertas do ámbito da enoloxía compartirán coñecementos e experiencias arredor dos viños participantes.

Estas actividades permitirán aos asistentes aprofundar no coñecemento das características dos distintos viños elaborados no Rosal, comprender os procesos de elaboración e descubrir os matices que diferencian cada proposta.

Xunto ás catas profesionais, haberá tamén sesións de iniciación dirixidas ao público xeral, pensadas para achegar a cultura do viño dun xeito accesible

COOPERATIVA 

PORTA DO RÍO MIÑO

A Lomba, 49 - O Rosal
Teléfono 986 625 242 - Fax: 986 626 370

SCAPE


INFORMÁTICA

Academia · Tienda · Servicio Técnico
Software Gestión Landín · Telefonía

Telf. 986609408 · 652291168 | info@orosal.com 

ATLÁNTICO

SUPERMERCADO



CALIDADE
BO PREZO
AMPLIO SURTIDO
SERVIZO E ATENCIÓN
PROXIMIDADE

GOIÁN
ORDÓÑEZ, 22
Telf: 986 62 00 28

e entendibles para o resto dos mortais non expertos na materia.

A gastronomía ocupará tamén un lugar destacado. Os comensais poderán desfrutar dunha ampla oferta culinaria baseada nos produtos de proximidade, cun protagonismo especial para as receitas tradicionais da comarca e para as novas creacións que reinterpretan as receitas tradicionais das nosas avoas.

Os showcookings, demostracións culinarias e actividades gastronómicas servirán para poñer en valor a estreita relación entre o viño e a riqueza gastronómica do Baixo Miño.

Un evento para toda a familia

A organización mantén a aposta por unha programación familiar que permita a participación de persoas de todas as idades.

Entre as actividades previstas figuran talleres infantís de cociña, propostas educativas e actividades lúdicas destinadas ao público familiar. O obxectivo é que a Feira do Viño sexa unha experiencia compartida e inclusiva, capaz de atraer tanto aos afeccionados ao mundo do viño como a quen simplemente busca desfrutar dun ambiente festivo, familiar e acoledor para gozar dunha fin de semana nunha contorna inmejorable.

A música volverá ser outro dos piares fundamentais da programación. Durante as tres xornadas sucederanse concertos e actuacións en directo que contribuirán a facer festa na Praza do Calvario e a crear un espazo de celebración e troula arredor do viño.

As tradicionais sesións vermú e os espectáculos ao aire libre converterán as rúas do centro do Rosal nun espazo de convivencia e encontro.

Compromiso coa sostibilidade

Un dos aspectos que máis relevancia adquiriu nas últimas edicións é o compromiso coa sostibilidade ambiental.

A organización continuará impulsando medidas destinadas a reducir o impacto ecolóxico da celebración, reforzando a súa condición de Festa de Interese Sostible. Entre as iniciativas previstas destaca a utilización de vasos reutilizables, unha medida que busca minimizar a xeración de residuos e fomentar hábitos de consumo responsables.

A sustentabilidade constitúe unha das liñas estratéxicas da feira, que pretende demostrar que é posible compatibilizar a celebración dun gran evento coa protección do medio ambiente.

Mobilidade e seguridade

Outro dos eixos fundamentais será a seguridade. O Concello prevé reforzar os servizos de transporte público mediante liñas especiais de autobús que facilitarán os desprazamentos tanto dentro do municipio como desde outros puntos da comarca.

Esta medida pretende reducir o uso do vehículo privado, mellorar a mobilidade e favorecer unha celebración máis segura para todas as persoas.

Patrimonio, historia e identidade

A Feira do Viño tamén servirá como porta de entrada ao patrimonio histórico e cultural do Rosal.

Durante o evento organizaranse visitas guiadas a algúns dos principais recursos patrimoniais da vila, permitindo aos visitantes descubrir lugares emblemáticos como a Igrexa de Santa Mariña ou o Museo do Cabaqueiro.

Estas actividades reforzan a dimensión turística da feira e contribúen a divulgar a historia dun territorio que mantén unha estreita relación coa viticultura e coa tradición agrícola.

A combinación de viño, patrimonio, gastronomía e cultura converte esta celebración nunha experiencia que vai moito máis alá da degustación de viños.

En resumo: do 17 ao 19 de xullo, O Rosal volverá abrir as súas portas para recibir milleiros de visitantes e brindar, metafóricamente falando, polo presente e polo futuro dun sector que forma parte esencial da súa identidade de pobo e comunidade. Trinta e catro anos despois, a Feira do Viño segue demostrando que tradición e innovación poden camiñar da man para facer comunidade e futuro e ensinar as novas xeracións a respectar a natureza, o campo, a comunidade, o entorno para que, no futuro, sexan elas e eles os que dean continuidade a esta tradicional festa vitícola do Baixo Miño.

Os poemas de Mar Míguez

O maio



De entre os dedos, rotos,
fluían indolentz as bágoas,
na zsuridadz da noitez
alguén en silencio rezaba.
A certeza dun adzus
cravasz na zspiña dorsal
z veñen pequenzas pinguziras
ao meu colo a salaiar.
Eu tiña un vello rosario,
rosario dz contas dz prata,
pero desgastáronsz as contas
dz tanto que llez rezzi a Parea.
Pedinlle que non te levara,
que te dexara a xogar na praia
pero a Parea é orgullosa
z finxiu que non me zscoitaba.
Agora teño un reloxo
que conta horas dz prata,
xa non teño o meu rosario
teño un poema z mais nada.

CONFITERIA
Rogelio
Begoña López Vicente
Avda. Ramón Franco, 3 bajo
Telf. 986 62 56 69
36770 O ROSAL

TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS
986 610 503
Concepción Arenal, 34. A Guarda

grupo Cromata s.l.
● Pinturas
● Barnices
● Armarios Empotrados
● Tarima Flotante
● Papel decorativo
el. Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
Telf./fax: 986 610 108 cromata@mando-r.com

RenovaPhones
Reparación y venta de telefonía
Informática y Consolas
www.renovaphones.es
Venta de Consolas de segunda mano
MÁSMÓVIL
XIAOMI

Nivaria
centro de fisioterapia
Alberto Carrera Blanco
Nº Colex 2328
Rita Cabeza González
Nº Colex 2294
Tlf/Fax: 986 622 839
Móbil: 677 040 683
fisionivaria@gmail.com
Rúa Gondomar 59 baixo C.C.P 36740
Tomino-Pontevedra.

Gescon
ASESORIA
FISCAL
LABORAL
CONTABLE
SEGUROS
Carlos González Benítez
Avda. Pio Troncoso Nº 2 Baixo
Goián
986 609 702



MASTER

CADENA

MASTER LA GUARDIA

986 611 973

C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA

www.mastercadenas.es

laguardia@mastergalicia.com

MASTER

CADENA

MASTER TOMIÑO

986 622 147

Rúa Gondomar 59 - TOMIÑO

www.mastercadenas.es tomino@mastergalicia.com

NEW MASTER

CADENA

986 953 442 - 696 645 020

C/ SANJURJO BADÍA Nº 108 - VIGO

“Se nas municipais do 27 a suma de actas do PSOE e BNG é de nove ou máis, a miña vontade e formalizar o cambio de goberno que tanto necesita Salvaterra”

Félix González, voceiro do PSOE de Salvaterra



Félix González

Salvaterra é un dos concellos da nosa área de influencia onde é moi probable que nas municipais do 27 haxa un cambio de goberno. O PP esgotado, sen modelo nin proxecto, que tendo maioría absoluta sempre, nunca foi capaz de levar uns orzamentos a pleno, probablemente estea vivindo o seu último ano de goberno en Salvaterra. De ser posible que se consume o tan necesario cambio, falamos en condicional porque nunca se debe subestimar a capacidade do PP para mobilizar voto, o hipotético novo goberno tería que vir dun acordo entre o PSOE e o BNG. Desta volta falamos con Félix, o voceiro socialista e probable candidato á alcaldía, que amosou a súa disposición a conformar a partir do 27 un goberno alternativo. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Vas ser o candidato do PSdG á alcaldía de Salvaterra?

Iso é algo que terán que decidir os militantes. Será unha decisión da agrupación socialista.

Pero non podedes tardar moito en decidilo.

Estamos xa practicamente aí. Estamos barallando facelo en xullo, ou despois de verán, en setembro.

Anunciar a candidatura neses meses é o que vai facer o PSdG en xeral, ou é algo que ides facer vós en Salvaterra?

É algo que barallamos facer nós. A nivel nacional aínda non hai datas claras

para as asembleas, depende de cada localidade.

Se os militantes te distinguen coa súa confianza, cal é a túa disposición?

A miña disposición é positiva. Levo tres anos traballando para conseguir o cambio necesario, e máis que necesario, en Salvaterra.

Despois destes tres anos na oposición, como valoras o traballo realizado?

Fixemos un traballo que moitas veces non se ve. Sacamos tempo de onde non o había. Sei que recibimos críticas, porque desde a oposición moitas veces pa-

rece que non se fai nada, pero hai que ir aos plenos e ver o traballo realizado. Teño a conciencia tranquila porque demos o mellor de nós mesmos desenvolvendo unha oposición construtiva e de propostas, buscando o ben común para a veciñanza de Salvaterra.

Como valoras a acción do goberno municipal?

Hai unha expresión popular para referirse ao mal estado de calquera cousa que é: “pasar de Guatemala a guatepior”. A sensación que nos transmite a cidadanía é esa. Se analizamos o que pasou nestes catro anos, vemos que non existe nin planificación nin modelo e que hai un total abandono tanto das parroquias como do casco urbano.

O goberno de Salvaterra ten un modelo de vila, ten claro cara a onde quere ir ou limitase a xestionar o día a día como pode?

Limitase a xestionar o día a día como pode.

O abandono das parroquias é unha crítica recorrente, pero falas de que ese abandono tamén se ve no casco urbano?

No casco de Salvaterra hai tres zonas ou centros claramente diferenciados: a zona do Concello, a zona onde está o centro de saúde e a zona da Muralla, debaixo da vía. Son espazos que non están suficientemente conectados entre si. Certo é que se abriu a Rúa Galicia que serve para conectar estes núcleos,

JUAN CARLOS FOTOGRAFO

SERVICIOS FOTOGRAFICOS

- REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
- RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
- VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET

Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

LEIRAUTO TALLER

Talleres Leirauto S.L.L.

MECÁNICA EN GENERAL
CAMBIO DE LUNAS
MANTENIMIENTO
NEUMÁTICOS
PRE ITV ...

986 657 255
648 606 300

leirauto@gmail.com
San Roque 5B 36457
Leirado - Salvaterra

Aridos do Mendo, s.l.

Tif.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

pero segue faltando unha visión global de conexión no casco urbano.

Que opinas do auditorio previsto na entrada principal de Salvaterra?

É unha cuestión que debe analizarse ben. Está previsto nunha das principais entradas da vila e fronte a unha gasoli-neira que agora mesmo está pechada. Se no futuro esa gasoli-neira cumpre a normativa e reabre, haberá que valorar o impacto do tráfico, dos vehículos e da mobilidade da zona.

Por que o goberno municipal, con maioría absoluta, nunca foi capaz de levar uns orzamentos a pleno?

É algo que preguntamos pleno tras pleno. A última resposta foi que estaban preparados, pero seguimos sen velo e tampouco fan caso ás nosas propostas. Penso que non hai vontade política nin vontade técnica.

Iso demostra certo desleixo por parte do goberno?

Evidentemente. Se non teñen o persoal suficiente poden contratar empresas externas para que lles axuden, pero non o fan.

Como é a situación económica de Salvaterra?

Mala. Aínda que existe un remanente de tesourería importante de 3.000.000€, tamén hai unha gran cantidade de facturas pendentes. Tivemos plenos para aprobar sucesivos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Nun deles falábase de máis dun millóns de euros e anteriormente xa se aprobaran outros por arredor de 300.000 euros.

Eses recoñecementos extraxudiciais de crédito son para pagar facturas atrasadas?

Exactamente. A conta 413 está cargada de facturas pendentes, iso indica unha xestión económica deficiente.

Podes poñer algún exemplo?

Estamos pagando mediante recoñecementos extraxudiciais facturas da electricidade correspondentes ao mes de

maio do ano pasado. Son gastos previsibles e recorrentes dos que non te podes quedar sen partida a cinco meses de comezar o ano.

Como está a situación da sanidade en Salvaterra?

Chegaron novos médicos, pero seguimos tendo problemas. Houbo baixas, folga de médicos e situacións complicadas. A situación continúa sendo delicada porque non existe persoal suficiente para atender todas as necesidades da poboación.

E o instituto?

Hai unha proposta de ampliación, esperemos que non sexa con barracóns. Iso xa demostra que existen necesidades reais de espazo.

Cal é a posición política do PSdeG: ampliación ou instituto novo?

Apostamos por unha ampliación, pero unha ampliación digna e acorde ás necesidades reais.

Salvaterra necesita un cambio?

Si, radicalmente si.

Por que?

Porque hai que pensar a longo prazo e xa imos tarde. O modelo do PP de Salvaterra, está esgotado, esclerótico, catatónico... Non se trata de gañar unhas eleccións cada catro anos, senón de sentar as bases para que Salvaterra teña futuro, e con este goberno Salvaterra alén de xestionar o día a día como boamente poden, máis ben malamente, non ten futuro ningún.

Cal é a túa posición acerca da compra dunha parcela a carón do centro de Saúde?

Ben, polo que sabemos sería para aparcadoiros ou incluso para ampliar as instalacións. Casualmente esa parcela é propiedade de Arturo Grandal, e polo que nós investigamos non vale o que queren pagar por ela.

Ves posibilidades de que se repitan esas estrañas listas de supostas forzas de esquerda do 15 e do 23, que non fixe-

ron outra cousa que darlle a vitoria ao PP?

Daquela quedamos a moi poucos votos do cambio. Neste momento non temos información que indique iso. Non coñecemos rumores nin movementos nesa dirección dunha lista alternativa.

Se o PP perde a maioría, sería necesario un acordo entre as forzas da esquerda, PSOE e BNG. Estás na mesma liña, que nos trasladou no seu momento a candidata do BNG, de formalizar un acordo de goberno sexa cal sexa a opción máis votada das dúas?

Evidentemente. Se os números dan, haberá que sentarse, comparar programas e buscar puntos de consenso para formar un goberno.

En Salvaterra son 17, se a suma de concelleiros e concelleiras do PSOE e

concelleiros e concelleiras do BNG é nove ou máis, sexa quen sexa a forza máis votada, a túa vontade é pactar para formar un acordo de goberno?

Si, claro que si. Se o obxectivo é o cambio político en Salvaterra, haberá que falar e buscar acordos.

Se es ti o próximo alcalde de Salvaterra, cal sería a primeira medida que tomarías?

Facer unha auditoría das contas municipais. Hai moitas dúbidas sobre o gasto e sobre a situación económica real do Concello. É necesario coñecer exactamente onde estamos.

E despois?

Sanear as contas, elaborar uns orzamentos realistas e definir un modelo de futuro para a Salvaterra das próximas décadas.

A parvada do mes Anotop at

“Hoxe no terceiro mundo teñen móbiles... aínda sendo pobres”

Israel Díaz Ayuso
Historiadora

Joyería - Relojería
SANTATERESA



C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA
Teléfono: 886 155 560
Mail: santatareixa@hotmail.com

RESTAURANTE "O RIANXO"
Algo diferente no Condado Terraza de verán interior



RESTAURANTE O RIANXO BAR - TAPERIA

N-110 Mondariño - Mondoñedo
Teléfono: 886 155 434

asesoría terra

"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"



asesoría terra

Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo



Cousas de Salvaterra

Guerra de Restauración

ven do mes de abril pasado

historia

Antón Xaque, veciño da vila

Ano de 1658.... No arrabal de Monção hai dous conventos, un de relixiosas Franciscanas, outro de monxas de S. Bento, o primeiro foi logo gañado e serviu de plataforma para o ataque, o outro ficou arruinado pola artillería.

Gobernaba Monção o Tenente de Mestre de Campo Xeneral Lourenço de Amorím Pereyra. Constaba a guarnición de seiscentos Infantes pagos e Auxiliares asistidos de Oficiais de coñecido valor, estaban ben fornecidos, agás de municións que eran poucas, asemade a esperanza dos socorros ía con atraso.

A sete de Outubro comezaron a traballar as baterías e para cubrir o traballo de unha, avanzou D. Baltasar Pantoja un Tercio de Infantería ata unhas casas que estaban fora da Praza. Saíu a defendelas o Sarxento Maior Diogo de Oliveyra con corenta Infantes e resistiu moitas horas a embestida do Tercio. Recibiron os galegos reforzos, retirouse o Sarxento Maior ferido dunha bala de mosquete, do que pronto acabou morrendo. Gañadas as casas e lanzada unha ponte de barcas no lugar chamado Caracoes, deron os Galegos un asalto na zona da tenalha (estrutura defensiva de pouca altura, feita nun foso entre dous baluartes) de S. Antonio que defendía o Alférez Estevão de Barbeytas. Foi un combate vigoroso, máis grande a resistencia. Retiráronse os Galegos pero no cuarto da Alva (quenda de garda que se realiza na madrugada, entre as catro e as oito horas) tornaron a atacar a tenalha, imaxinando que os defensores estaban descansando polo bo resultado anterior, poren o Alférez valeroso e vixilante, habéndolle Lou-

renço de Amorím reforzado a guarnición, tivo tan boa sorte que obrigou ós Galegos de novo á retirada con perda considerable de homes, demostrando ó Marqués de Viana, que a empresa de Monção era moito máis difícil que a de Lapela, en consecuencia dispuxo continuar o asedio con maior cuidado. Levantáronse dúas plataformas, unha no patio do mosteiro de S. Bento, outra na ermida de S. Xulián, nos que emprazaron seis medios canóns contra a muralla. A artillería do Forte de Aitona (preto do actual pazo das Barreiras) ocasionaba grande ruína nas casas da Vila e a este mesmo fin se levantou unha cuarta batería na marxe do río e todas, inclusive un morteiro, disparaban incesantemente. Os defensores armados de valor, acostumados ás balas non buscaron máis reparo que entregarse a súa sorte. Difundiuse este exceso de confianza pola carraxe das mulleres, que sen temor ás balas serviron con admiración ós feridos e doentes. O Conde de Castello-Melhor con incesante traballo dispuña ordes, prometía premios e ameazaba con castigos a todos aqueles que non acudisen a defensa da Vila, pero non foron suficientes estas medidas posto que os reforzos que viñan de Ponte da Lima mandados polo Xeneral de Artillería, encomendado de auxiliar á Vila de Monção, tivo graves problemas para formar ese exército de reforzo, poucos eran os que acudían ó chamado e menor a persistencia dos que se achegaban, medrando con isto a desconfianza na perda da Praza, máis polo desalento dos naturais do país que polo valor dos inimigos, e todas estas fatalidades íanse conxurando contra a vida do Conde

de Castello-Melhor, cuxa saúde se resentía.

O Marqués de Viana recoñecendo o valor dos defensores de Monção, que non pensaban entregar aquela Praza facilmente, dividiu a circunvalación dela en tres cuarteis ou partes, ben fortificados con liñas e fortíns que pechaban o cordón. Don Baltasar Pantoja, logo que asegurou os socorros que podían entrar na Parza, abordou por dúas partes ós sitiados. Determinaron eles cortarlle os pasos e conseguírono facendo varios contraataques. O dezasete de Outubro saíron do Fortin de S. Antonio contra unha das liñas de ataque, que camiñaba para aquela parte, obrigando os Galegos atacantes a retroceder. Foron socorridos polo exército e retiráronse os sitiados, pelexando con tanto valor a custo de algúns feridos pero deixando a Campaña cuberta de corpos de Galegos, figurando entre os mortos o Capitán Segura e outros Oficiais.

Estes bos resultados aumentaron o alento dos sitiados pero acrecentaban a pena do Conde de Castello-Melhor pola imposibilidade real de socorrelos coa prontitude que desexaba. Alivioulle esta situación o Conde de Miranda, Gobernador do Porto que chegou en persoa ó Cuartel de Coura con oitocentos Infantes. O Conde de Castello-Melhor púxoo en antecedentes do apreto en que estaban os de Miranda, do moito que precisaban de ser socorridos e dos poucos medios que tiñan, e despois de longa conferencia acordaron que se introducise calquera socorro por pequeno que fora, para dar alivio e ánimo ós sitiados, e polo menos gañar tempo para intentar un socorro maior. Ofreceuse o Mestre de Campo Fernan-

do de Sousa Coutinho para examinar o lugar por onde se debía introducir o socorro premeditado, o Conde de C. Melhor mostrou a súa satisfacción por esa oferta e mandou incluso os seus fillos para o acompañar. O mesmo fixo Mathias da Cunha e o Capitán de Cabalos Diogo Pereyra de Araujo, moi práctico naquel distrito.

Saíu Fernando de Sousa do cuartel de Coura na noite do dezanove de Outubro e chegando o cuartel de Cortos (tal vez Cortes, freguesía de Monção) a tiro de mosquete, apeouse o Capitán e Diogo Pereyra e entrando por entre os sentinelas das Compañías de garda, que ficaban fora dos cuarteis, examinou o lugar que ocupaban, a altura das liñas, o estado destas e todo o que máis conviña para informar ó Conde, do que se vía e non do que se supuña, vicio que tiñan moitos exploradores dando en perder grandes empresas. Retirouse Fernando de Sousa e informando ó Conde de todo o que tiña examinado, deulle a esperanza de conseguir o que se intentaba.

Rapidamente deu o Conde aviso a Antonio de Almeyda Carvalhaes, que gobernaba Salvaterra, para que tivese preparados todos os barcos, que eran necesarios para introducir o socorro, advertíndoo dos fins que habían de ter, para a hora de saír os barcos da Gandra de Cortos, lugar en que a Infantería e as municións habían de embarcar, para introducirse por Salvaterra en Monção. Dada esta orden, marchou o vinte e un de Outubro o Tenente Xeneral de Cabaleiría Domingos da Ponte Gallego con trescentos cabalos e Fernando de Sousa Coutinho con catrocentos Infantes, que foron entregados despois de



Cafetería

La Parada 24H

Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

GASOLINERA 24h

Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

Taller Salco (9-13:30/15-19)

MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

- +34 629 505 958 | +34 986 659 288
- Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño
- info@mentapoleoartenflor.com
- www.mentapoleoartenflor.com

GALIPOR

GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES, S.L.

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA

Polígono Chan da Ponte P 14
36450 Salvaterra de Miño
986 658 257

O Condado

embarcados ó Capitán Fernando Leyte Pita que levaba na súa compañía os Capitáns Antonio Ferraz, Francisco de Castro de Araujo, Alexandre de Sousa de Azevedo, Francisco Nunes Pacheco e outros Oficiais. Levaban consigo trinta barrís de pólvora, oito cuñetes de balas e dezaseis quintais de murraõ (mechas para artillería). Toda a operación foi executada con precisión, cargou a cabalería os bastimentos, a Infantería fixo os sinais, saíron os barcos de Salvaterra cargados asemade con trescentos cincuenta Infantes e as municións e rapidamente as introduciron en Monção. Os galegos cando se quixeron dar de

conta atoparon atrancados os camiños, que Fernando de Sousa tiña recoñecido a noite anterior. Foron rechazados e o Domingos da Põte e Fernando de Sousa refuxiáronse rapidamente sen perda algunha, tan só lamentar que ficaron atrás cincuenta Infantes que por errar de camiño non se embarcaron. Lourenço de Amorím recibiu o socorro con gran alegría e pasou a entregarlle a Fernão Leyte Pita a defensa das trincheiras...Continuará.

Fonte: Portugal Restaurado, parte II, Libro III. Luís de Meneses, Conde da Ericeyra.

O BNG presenta á súa candidata á alcaldía de A Caniza

Tino Lago



O pasado 16 de maio, na céntrica praza Rita Queimadelos, o BNG presentou á súa candidata á alcaldía da Caniza nas vindeiras eleccións municipais. Ela é Trini Labaca, unha profesora que leva unha morea de anos residindo na parroquia de Valeixe coa súa parella e fillos. Asemade Trini posúe profundos vínculos emocionais coa Caniza, pois o seu avó era natural da vila e un dos seus irmáns reside coa súa familia na localidade.

Todas as persoas temos

os nosos gustos e intereses. Hai a quen lle gusta o fútbol, hai a quen prefere o encaixe de Camariñas, tamén os hai que senten paixón pola empanada de zamburiñas... Eu confeso que adoro comprender os motivos de todo, as razóns de calquera cousa e os porqués de calquera circunstancia. Entre os meus gustos un tanto peculiares está a etimoloxía, a ciencia que estuda a procedencia das palabras. Teño a necesidade de comprender de onde veñen as palabras, como os nenos precisan coñecer a orixe da chuvia ou a procedencia das folepas, e necesito coñecer cales foron as circunstancias semánticas que levaron a significar o que significan na actualidade.

Cando souben o apelido da candidata do BNG á alcaldía da Caniza consultei os meus vellos dicionarios etimolóxicos, de cantos apuros me sacou o marabilloso dicionario Corominas ao longo dos anos, porque, malia que coñezo a moita xente, nunca coñecera a ninguén que se apelide así. O apelido Labaca procede do idioma éuscaro, do termo labak, e o seu significado etimolóxico ten que ver con persoas especialmente fortes, decididas e valentes.

Neste caso a etimoloxía correspóndese perfectamente coa realidade, non só da candidata nacionalista á alcaldía da Caniza senón da da asemblea do bloque nesta localidade, desde o seu responsable local Iago Vázquez ata a última incorporación ao seu corpo de militantes, unha rapaza que agardo me

poida desculpar por non lembrar o seu nome, porque como ben explicou Trini no seu discurso: "Eu son a cabeza de lista, pero o noso é un proxecto colectivo". E esa correspondencia dáse porque hai que ser especialmente forte, decidido e valente para formar unha candidatura nacionalista nesta localidade historicamente gobernada polo caciquismo e o nepotismo nas súas formas máis extremas.

A Caniza necesita o nacionalismo, precisa que a candidatura que encabezará Trini entre con forza no concello para que, como mencionou Cristina Fernández, ex alcaldesa de Ponteareas e unha das persoas que interveu na presentación da candidata nacionalista, unha visión máis humana, xusta, inclusiva, feminista e cabal tome corpo no próximo goberno local.

E o nacionalismo, que aspira a conquistar o corazón da maioría social dos galegos e galegas, non pode prescindir da Caniza. Nesta localidade, como en todas as demais do país, debe de consolidarse como o que en realidade é: A alternativa real ao modelo do PP. Estou convencido de que a candidatura do BNG da Caniza vainos dar unha enorme alegría nas vindeiras eleccións municipais a todas as persoas que amamos este país. Alegría que tamén levaría Raúl, que xa non está entre nós, e que tanto traballou para que a asemblea nacionalista da Caniza puidese ser unha realidade. Lembralo e recoñecelo como se merece paréceme a forma máis xusta e emotiva de rematar este artigo.

audífonos
escoita[®]

PRUÉBALOS
GRATIS

escoita.gal

Vigo | Ourense | Redondela | Porriño
Ponteareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz

900 525 754 | escoita.gal
tel.: gratuito

Bugarín · Chan, 10
36869 PONTEAREAS

Facemos Comida
para levar

986 66 15 19
687 30 98 62



“O BNG de Arbo é a alternativa real ao PP, e nas municipais do 27 imos a portodas”

Diego Prieto, voceiro do BNG de Arbo

Con só 35 anos, natural de Barcela e veciño de Arbo desde a súa mocidade, Diego Prieto foi elixido recentemente como candidato do BNG ás eleccións municipais de 2027. Operario de mantemento na industria metalgráfica e voceiro do BNG local. Prieto fainos balance da situación política e social do municipio e critica duramente a xestión do actual goberno local do PP, ao que acusa de falta de planificación, abandono das parroquias e desatención ás necesidades básicas da veciñanza.

Queremos coñecerte un pouco mellor
Son natural da parroquia de Barcela, en Arbo. Vivín aquí, na casa dos meus avós ata os oito anos, despois fun vivir á parroquia de Arbo, onde sigo residindo a día de hoxe. Teño 35 anos e traballo como operario de mantemento na industria metalgráfica.

Vas ser o candidato do BNG á alcaldía de Arbo nas municipais do 27?

Si. Foi unha decisión tomada polos compañeiros e compañeiras do BNG de Arbo. No mes de abril celebramos unha asemblea para escoller candidatura e decidiron que dera o paso para encabezar o proxecto de cara ás municipais de 2027. Afróntoo con responsabilidade e tamén con ilusión, porque penso que Arbo necesita un cambio importante.

No actual mandato o BNG carece de representación na corporación de Arbo. Puidestes facer política extra municipal?

É complicado, porque desde o Concello non o poñen nada fácil. Presentamos escritos, propostas e iniciativas, pero practicamente nunca recibimos resposta por parte do goberno municipal. Aínda así,

conseguimos facer política útil acompañando e defendendo problemas reais da veciñanza.

Un dos casos máis coñecidos foi o dunha familia afectada por inundacións tras unhas obras municipais.

Si, foi un caso moi duro. Unha familia cedeu terreos para ampliar unha rúa e, despois das obras, a súa casa comezou a sufrir filtracións de auga. Estiveron dous anos e medio convivindo con inundacións constantes dentro da vivenda. O máis grave foi que o alcalde non lles ofreceu ningún tipo de axuda nin de apoio.

Consideras que houbo negligencia por parte do Concello?

Sen dúbida. Foi unha negligencia clara. O alcalde limitouse a deixar pasar o tempo sen asumir responsabilidades nin buscar solucións. A única axuda que tivo esa familia chegou da man do BNG, acompañandoos e levando o caso ata o Parlamento galego.

Só negligencia, ou tamén mala fe?

Mala fe penso que non. Este alcalde só se dedica ás súas cousas e calquera problema que lle dea traballo non o atende.



Diego Prieto

Finalmente conseguiuase solucionar o problema?

Por sorte, si. Grazas ao traballo realizado no Parlamento pola deputada do BNG Cristina Fernán-dez, a Xunta acabou recoñecendo a súa responsabilidade e executando obras para resolver as filtracións. Primeiro fixeron unha intervención insuficiente, pero posteriormente acometeuse outra obra máis completa cunha drenaxe perimetral na vivenda. Este inverno, con varios episodios de fortes choivas, a casa non volveu inundarse.

Cales son os principais problemas e necesidades que ten Arbo?

En Arbo hai unha sensación xeneralizada de abandono. As parroquias están moi descoidadas, con problemas constantes de limpeza, esta é inexistente tanto nas parroquias coma no centro. Beira-rrúas cheas de maleza e escaso mantemento das estradas. A veciñanza queixase conti-

nuamente do seu estado, da falta de roces e das dificultades para circular, ademais da falta de limpeza ata nos edificios municipais.

Propoñedes algunha solución a estes problemas?

Levamos tempo propoñendo un plan anual de limpeza, mantemento e roce das pistas municipais, organizado parroquia por parroquia e con prioridades definidas. O problema é que o goberno local non fai caso de ningunha proposta. Todo funciona con improvisación e sen planificación.

Algún problema máis a destacar da mala xestión do goberno municipal?

A situación das praias fluviais é moi preocupante. Arbo presume continuamente do río Miño e das súas praias fluviais como atractivo turístico, pero a realidade é que as tres zonas de baño do municipio teñen prohibición permanente para



Rúa Marqués de Viana, 14
SALVATERRA DE MIÑO

INSTALACIONES AS NEVES

FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS
MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ
986 667 012 | 608 884 729
C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES



Miguel A. Domínguez Alfonso

Fiscal - Laboral - Contable - Inmobiliaria

miguel@serfisesesoria.com
www.serfisesesoria.com

986 663 019

Rúa Antonio Facorro, 16 | 36880 A Cañiza | Pontevedra

bañarse.

Coñécense os motivos desa prohibición?

No caso do río Deva é por contaminación, pero levamos tempo pedindo explicacións claras e estudos concretos e non recibimos respostas. O Concello e os organismos responsables limitáronse a prohibir o baño sen aclarar adecuadamente os motivos nin actuar para solucionar o problema.

Estamos falando dun dos grandes recursos naturais de Arbo. Temos unha contorna espectacular e única no río Miño, as pesqueiras, e está completamente abandonada. A xente segue indo igualmente porque o lugar é precioso, pero non se lle dá o coidado nin o mantemento que merece.

A principios de ano tamén demandabades medidas para garantir a salubridade da auga. Que pasa ou que pasou coa auga en Arbo?

Si. Houbo veciños que nos trasladaron problemas graves coa auga da traída. Falamos de auga que non se podía beber nin usar con normalidade para cocinar por presenza de E.Coli. Solicitamos análises, investigacións e medidas urxentes para garantir subministración segura ás vivendas afectadas, pero tampouco houbo resposta por parte do Concello.

Estamos falando dun problema de saúde da veciñanza de Arbo.

Exactamente. O preocupante é a sensación de pasividade absoluta por parte do goberno local

En Arbo dáse un caso inédito, creo que en todo o estado español: Unha lista supostamente independente, encabezada polo ex alcalde popular Manuel Rivera, acada un concelleiro nas eleccións do 23 e todos e cada un dos integrantes da lista renuncian ao posto que queda polo tanto baleiro. A lista de Rivera foi unha lista branca do propio PP para restarlle votos a AGRELAR?

Eu non o creo, de cara a galería parece

que Rivera está en desacordo co novo alcalde do PP e como leva o municipio. Por iso montou esta lista alternativa co único propósito de sacarlle a alcaldía a Horacio apoiando a lista de AGRELAR, ao non conseguilo retirouse con toda a lista e quedou o sitio baleiro.

Como valoras a xestión do actual alcalde do Partido Popular, Horacio Gil?

Creo que a palabra máis adecuada para describilo é improvisación. Non hai planificación nin proxecto de futuro. Todo se fai tarde, correndo e sen rematar as cousas. Hai obras eternas, promesas incumpridas e unha sensación constante de abandono.

Pomme exemplos?

Levan anos prometendo unha residencia para maiores. Tamén hai proxectos paralizados como o traslado do Punto de Atención á Infancia ou estradas que pasan anos en obras, como a da parroquia de Cela que leva doce anos sen rematarse. Todo queda a medias. Acabamos de mandar un escrito para o arranxo da estrada que vai desde a Vila a Paravedra, este tramo de varios quilómetros necesita intervención urxente, polo que tampouco obtivemos resposta.

Que necesita Arbo actualmente?

Necesita dinamización e un proxecto de futuro. É un concello cun enorme potencial, pero está parado. A maioría da xente

ten que marchar traballar fóra porque aquí non hai oportunidades nin políticas para atraer actividade económica ou ocio. Arbo, cos anos, en vez de ir gañando poboación nova, vaina perdendo. O tema da vivenda, esta case paralizado tamén.

Fálame deste problema, cantos anos levades con mesmo PXOM?

Levamos máis de vinte anos co mesmo plan urbanístico e non se están dando pasos suficientes para facilitar acceso á vivenda ou atraer nova poboación. Hai que actualizar a planificación urbanística e pensar no futuro do municipio.

Cal é a opinión do BNG acerca da futura arquitectura da corporación de Arbo? Tenderase a unha bipolaridade PP/BNG?

A día de hoxe todo apunta a unha bipolaridade entre PP e BNG. O espazo de Agrelar foi perdendo forza nos últimos anos e parece difícil que recupere o peso que tivo noutras etapas.

Ninguén discute que o BNG vai entrar con forza na seguinte corporación. Pero: Cales son as vosas expectativas realistas para as municipais do 27? e con que número de concelleiros e concelleiras daríaste por satisfeito?

Nós imos a por todas, somos a alternativa real ao PP e non nos pomos ningún tipo de límite. Que-remos construír unha alternativa seria, próxima á veciñanza e centrada nos problemas reais de Arbo. O

importante é que a xente vexa que hai outra maneira de facer política: escoitando, traballando e planificando o futuro do concello.

Cales serían as principais liñas de actuación do BNG no caso de que chegades a gobernar Arbo?

O primeiro sería actuar no inmediato: A limpeza e roce tanto do centro coma das parroquias, isto sería fácil de resolver e de poder cumprir. Intentar rematar todo o que quedou atrás polo desleixo do goberno actual. Darlle solucións as necesidades de cada parroquia, ao problema da traída de auga e da depuradora. A auga chega contaminada aos nosos ríos onde se pesca a lamprea e onde temos as praias fluviais que non están aptas para o baño, e des- de logo que as políticas de vivenda serían prioritarias nun goberno BNG.

BIOTRICOLOGÍA
Cosmética Capilar Avanzada

Digna

Peluquería

Tlfno: 986 66 73 25

C/ Dr. Martínez Rodríguez, núm 7
As Neves (Pontevedra)

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Cereais
- Abonos / Sulfatos
- Sementes e plantas
- Viña, horta e froitas
- Plásticos e mallas
- Ferrería
- Patacas
- Venda de polos e galiñas

SERVICIO A DOMICILIO
664 414 191
PARAÑOS, 3. COVELO

Ferretería
Alpe, s.l.

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
EN GENERAL

Tel.: 986 65 64 66 - MONDARIZ

arquitectura | gestión | urbanismo

EAESPACIO
arquitectura

Marqués de Viana 12 - Bajo
SALVATERRA DE MIÑO

+34 886 663 033 | info@espacioarq.es | espacioarq.es

JS TALLERES

EUROREPAR
CON SERVICIO

Campiño Nº2, Tortoreos
36440 As Neves (Pontevedra)

T. 986 64 84 50 - 722 17 09 89
talleresjdasneves@gmail.com

euorepar.es

Ferretería
Bazar

Materiales de
construcción

Mondariz

Avenida del Val, 1 36870 - Mondariz
986 656 002

O Vespa clube de Guimarães visita Mondariz Balneario

“Grazas á amabilidade do alcalde de Mondariz Balneario foi moi fácil organizar o evento”

Xabier Gómez

O club de Vespa desta localidade, que probablemente sexa o máis importante de Portugal, de feito eles teñen organizado algún congreso mundial de motos Vespa, estivo recentemente en Mondariz Balneario. A idea naceu do noso amigo Xabier Gómez, un viaxeiro impenitente que a lombo da súa moto vespa xa ten percorrido numerosos países de Europa e Asia. Xabier, coa colaboración do moto club de Guimarães organizaron unha viaxe e concentración de 60 vespas, portuguesas e galegas, para lembrar a antiga ruta do caramelo. Esta, responde a unha vella tradición portuguesa de viaxeiros dese país que acudían a distintas localidades galegas a mercar lambetadas. César Gil, o alcalde de Mondariz Balneario colaborou en todo o que puido para que o evento saíse ben, e nós conversamos co noso amigo Xabier, o Phileas Fogg do Condado, para que nos contase como foi todo

Antes de entrar en materia é obrigado preguntarche se este ano non vas facer unha viaxe apaixonante, desas que adoitas facer ti a lombo da Vespa?

Pois si, si que vou. Teño pensado ir no verán a facer algúns países de África: Marrocos, Senegal...

Xa nos contarás á volta

Será un pracer desde logo

Ben, agora fálanos da concentración de Mondariz

Todo comezou nun contacto que tiven co vespa club de Guimarães. En xuño do 2025 fíxose unha ruta desde esa localidade portuguesa ata Zamora con motivo da conmemoración do 900 aniversario da coroación de Don Dinís.

Tivemos unha cea con eles, e na con-

versa saíu a relación entre o castelo de Vilasobroso e a ruta que eles estaba a facer. Entón a min se me ocorreu propoñerlles que se achegaran a Mondariz Balneario.

Que receptividade tivo a túa proposta?

En principio pareceume que non moita, pero pasado un tempo chamoume Rui, do club de Guimarães, e dime que estiveron pensando en facer a ruta do caramelo e consideraron a opción de Mondariz Balneario.

Que é a ruta do caramelo?

Unha ruta antiga que seguían os portugueses para mercar lambetadas en Galicia, pois eles non as tiñan. A min esta idea pareceume moi ben e púxenme en contacto con César Gil, o alcalde de Mondariz Balneario.



Punto de partida da concentración

Como se portou con vós?

Portouse de maneira excelente. Todo foron facilidades pola súa parte. Entón comezamos a traballar no proxecto e fixemos a ruta desde Guimarães ata Mondariz Balneario.

Cantos motoristas fixeron a ruta?

Para evitar problemas loxísticos limitámonos nós mesmos a 60 participantes. Aproximadamente a metade eran portugueses e a outra metade eramos galegos. O alcalde recibíunos no Concello e tamén nos deron unha pequena charla sobre o vencello existente entre Mondariz Balneario e Portugal. Tamén demos un pequeno paseo polo castelo de Vilasobroso e nos ensinaron os edificios máis emblemáticos de Mondariz Balneario. Finalmente tivemos unha comida no club de golf e

unha cata de augas.

Custou moito organizar todo?

Grazas á amabilidade de César, o alcalde, non, non custou demasiado. El creo que quedou tamén moi contento co resultado do evento, de feito xa me dicía de repetir no 2027 e subindo o número de participantes a 1



Distribuidor Oficial para:
**CALEFACCION,
INDUSTRIA y
AUTOMOCION**

**SERVICIO
A DOMICILIO**



Tel. 986 66 13 90
C/. Real, s/n. - bajo
Tel. y Fax 986 66 13 89
36860 PUENTEAREAS

Tel. 986 61 43 61
C/. Rosalía de Castro, 3
Tel. y Fax 986 61 43 12
36780 LA GUARDIA



**Rectoral
de Fofe**
Descanso en entorno rural

Restaurante y cafetería abiertos todo el año

Aldea de Arriba 13, Fofe - COVELO

Tel: 986 66 87 50

www.turismoruralrectoraldefofe.com

**Agrícola
“A Sementeira”**

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09
Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

**Ferretería
Julio Pérez Giráldez**

Tele/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julioperezgiraldezz@hotmail.com

C/ Progreso. 81
36880 A CAÑIZA

O colectivo Voces nas Mans faise escoitar en Pontearreas

“Queremos unir dous mundos que sempre estiveron separados”

Teresa Camino, secretaria da asociación

En marzo deste ano comezou a súa andaina o colectivo “Voces nas mans”. Eles son unha asociación de Pontearreas formada tanto por persoas xordas como por persoas oíntes. O seu obxectivo consiste en facilitar a inclusión das persoas con discapacidades auditivas, e facer de Pontearreas unha vila inclusiva na que non poder escoitar non sexa ningún problema para desenvolver a vida con normalidade.

Desde a asociación puxeron en marcha unha iniciativa moi interesante consistente en ensinar lingua de signos a distintos negocios de Pontearreas. A proposta de Voces nas mans foi un éxito superlativo, pois de 41 negocios aoa que se dirixiron, 40 dixerón que si. Este tipo de novas alegran o día cando as coñeces, e son as que aínda permiten conservar aceso o facho da esperanza no futuro da humanidade. Nós falamos con Teresa, a secretaria de voces nas mans. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Como, cando e por que nace Voces nas Mans?

A idea xurdiu a raíz dun voluntariado o ano pasado, cando fixen un curso de lingua de signos na UNED e coñecín a unha rapaza xorda. Coñecín a Ana, a presidenta da asociación e comezamos a facer quedadas entre comunidade xorda e oíntes. Despois de comezar vimos que facía falta crear unha asociación para xuntar estes dous mundos.

Ti es oínte?

Si.

Es de Pontearreas?

Non, son de Barcelona pero levo aquí moitos anos.

Cando creastes a asociación?

Comezamos practicamente en marzo, así que levamos pouco máis de dous meses de vida. Todo foi moi rápido, pero tamén moi emocionante.

Cal é o principal obxectivo da asociación?

Queremos unir dous mundos que historicamente estiveron separados: o das persoas xordas e o das persoas oíntes. A comunidade xorda ensínanos lingua de signos e nós

tamén compartimos actividades e proxectos con eles. O importante é crear convivencia real para calquera cousa cotiá da vida.

Cantas persoas forman parte actualmente da asociación?

Agora mesmo temos arredor de 58 persoas, 26 xordas e unhas 32 persoas oíntes. Moitas delas son familiares de persoas con discapacidade auditiva, pero tamén hai xente interesada simplemente en aprender e colaborar.

Onde vos xuntades?

De momento non temos local, estamos intentando conseguilo. Reunímonos unha vez por semana na Oficina Municipal de Voluntariado de Pontearreas, situada na segunda planta da biblioteca municipal ou no Concello.

A persoas que formades parte da asociación sodes de Pontearreas?

Non só de Pontearreas. Hai xente de Mondariz, As Neves e incluso de Vigo que participa connosco. A maior parte son da comarca do Condado, pero cada vez chega máis xente doutros lugares.

Hai moitas persoas xordas en Pontearreas?

Nós coñecemos arredor de 28 persoas, pero seguramente haxa máis. Precisamente queremos darlle visibilidade á asociación para que máis persoas se acheguen e participen.

A maioría das persoas xordas nacen con discapacidade auditiva?

Na maior parte dos casos si, aínda que tamén hai persoas que perderon audición debido a enfermidades. Por exemplo, un dos membros da asociación quedou xordo tras sufrir unha meninxite. Outra, debido a unha enfermidade que a vai deixando xorda pouco a pouco, ven aprender lingua de signos para o día de mañá.



Ademais da aprendizaxe da lingua de signos, buscades tamén fomentar a integración social?

Claro. Pensamos que aínda non existe unha integración real das persoas xordas na sociedade. Moitas veces dependen doutras persoas para cuestións básicas da vida diaria, e iso xera frustración.

Fálanos do proxecto que estades intentando crear en Pontearreas?

Unha das persoas da asociación foi arranxar unhas gafas e a dependenta non conseguía entendela. Acabou tendo que chamar á súa nai, unha señora de 75 anos, para acompañalo. Esta persoa ten 54 e esta situación creoulle unha frustración tremenda. Iso fíxonos pensar que unha persoa adulta debería poder resolver situacións de maneira autónoma. Entón falamos con distintos comercios da localidade para pulsar a súa dispoñibilidade á aprendizaxe da lingua de signos.

Como foi a resposta do comercio local?

Moi positiva. Dos 41 negocios cos que falamos, 40 dixerón que si e practicamente cubriuse enseguida. A xente mostrou moito interese desde o primeiro momento.

Quen imparte as clases de lingua de signos?

As propias persoas xordas. Queremos que sexa a comunidade xorda quen ensine directamente. Organizamos grupos pequenos, de tres persoas, para facilitar a comunicación e a aprendizaxe.

Que se necesita para formar parte da asociación?

Acudir con ganas de coñecer e aprender.

Como se poden poñer en contacto con vós?

No correo electrónico, aquí lles daremos todo a información precisa para comezar a

colaborar.

E necesario pagar unha conta para formar parte da asociación?

Non, non temos. Estamos intentando falar coa alcaldesa para que non deixe un local e buscar orzamento a través dos organismos oficiais para que non ter que cobrar cotas e facemos os cursos de balde para que a comunidade xorda poda integrarse na vida diaria sen ningún atranco por non poder comunicarse.

Como están as relacións coa alcaldesa e o goberno municipal de Pontearreas?

Desde que comezamos a alcaldesa cédenos o local do pleno cando se pode para xuntarnos e vese boa vontade pola súa parte. Aínda non nos reunimos para pedir local e orzamento, xa veremos despois da xuntanza que teremos proximamente.

Esta asociación nace coa idea de ter continuidade no tempo?

Claro, pretendemos que veña para quedarse a longo prazo para poder facer de Pontearreas unha vila inclusiva e que a comunidade xorda poida sentirse plenamente integrada no pobo a través da lingua de signos.

Tamén traballades no ámbito da prevención ou das terapias auditivas?

Non, ese non é o noso campo. Nós centramos o noso traballo na inclusión social e na comunicación. Para cuestións médicas ou relacionadas coa audición sempre recomendamos acudir a profesionais especializados. O que si imos facer e poñernos en contacto cunha intérprete para que veña axudar as persoas xordas que o precisen.

Os audiófonos serven para axudar a estas persoas con problemas auditivos?

Si, para a xente que a perda de audición non é total axuda a escoitar

Mantedes relación con outras asociacións galegas?

Si. Temos contacto con asociacións de Vigo e Ferrol, entre outras. A comunidade xorda en Galicia coñécese bastante e hai boa relación entre colectivos. Temos un proxecto que queremos facer o Camiño de Santiago inglés coa comunidade xorda, isto nunca se fixo. Imos xuntarnos 50 persoas, 30 da comunidade xorda e 20 oíntes para saír desde Ferrol, imos facer un documental do camiño para presentalo en Cans o ano que ven.

Cando ides facer o Camiño?

O 16 de agosto arrincamos.

RESTAURANTE ATALAYA

Pescados y mariscos,
empanada, caldo gallego,
arroz, ciervo con setas,
ternera gallega, lamprea en
temporada...

Teléfonos
986 66 23 37
986 66 23 35

RAMÓN PEINADOR, Nº23, 36890
MONDARIZ BALNEARIO
Calidad y tradición desde 1988



EnoVít
LABORATORIO ENOLÓGICO Y VITICULTURA

Rosalía de Castro, 76 Bajo
36450 Salvaterra de Miño
Telf.: 986 65 90 33
Móvil: 676 450 438 - 636 649 232

enovit@enovit.es
www.enovit.es

A Nova Peneira parroquia a parroquia Teis, Vigo

Por *G. Figueiredo*

Teis, entre o mar e o monte, a cidade e o arrabalde: a parroquia viguesa que conserva alma de barrio e movemento de cidade.

Quen chega a Vigo por primeira vez adoita mirar cara ás Illas Cíes, ao Casco Vello ou ás grandes avenidas comerciais do centro. Mais existe outro Vigo, menos turístico e máis auténtico, o dos barrios dos arrabaldes. Esta parroquia da que imos falar hoxe esténdese entre o mar, os montes e a vida industrial da cidade. Ese Vigo chámase Teis.

Situada na zona nordeste da cidade olívica comprende 5,80 quilómetros cadrados e os seus límites abranguen a zona costeira comprendida entre Arealonga de Redondela e a zona de Guixar, próxima ao centro da cidade. Teis é unha das parroquias máis poboadas da cidade con máis de 24.000 habitantes, é un lugar cheo de contrastes. Aquí conviven a paisaxe portuaria coas zonas verdes, os restos do pasado industrial coas praias pequenas e tranquilas, os barrios familiares coa tranquilidade das antigas aldeas. Un barrio que conserva unha identidade profundamente viguesa e no que aínda se pode entender como medrou a cidade ao longo do século XX.

Os veciños de Teis adoitan falar da parroquia coma se fose unha pequena cidade dentro de Vigo. E, dalgunha maneira, é certo. Durante décadas, este territorio desenvolveu unha personalidade propia marcada pola vida mariñeira, pola industria e polo forte movemento veciñal que caracterizou historicamente unha das zona máis loitadoras da cidade.

Ao camiñar polas súas rúas percíbese rapidamente esa sensación de comunidade. Hai pequenos comercios tradicionais, cafeterías frecuentadas pola veciñanza de toda a vida e prazas onde aínda existe vida de barrio. Fronte ao ritmo acelerado do centro vigués, Teis conserva unha atmosfera máis tranquila.

A parroquia experimentou un enorme crecemento durante o século pasado debido á expansión industrial de Vigo. De feito, a súa proximidade á Ría manifestou a súa importancia como foco industrial onde naceron as primeiras fábricas conserveiras na zona da Guía, os estaleiros e fábricas atraerían miles de familias traballadoras, convertendo Teis nun dos grandes barrios obreiros da cidade. Esa pegada segue visible na arquitectura, nas historias familiares e mesmo na maneira de entender a vida cotiá. A configuración do seu espazo urba-



Praza de Abastos de Teis

no xurdiu coa creación da rede de tranvías que circularon desde 1914 para unir os lugares de maior crecemento co centro da cidade. Neste sentido, trazouse unha liña que enlazaba o centro con Teis e Chapela, e isto fixo que o Barrio deixase de ser unha unidade territorial uniforme. A parroquia San Salvador de Teis, pola súa situación estratéxica na cidade, sufriu unha desestruturación brutal e continua, fragmentándose e dividíndose nas 6 barrios que actualmente ten que son Moutada, Paradela, Pugariño, Rorís, Paraixal e Presa.

Teis é moito máis có seu pasado industrial. Tamén é natureza, patrimonio e mar. Ten espazos tan fermosos como:

A Guía, este é o gran miradoiro da Ría de Vigo.

Se existe un lugar capaz de resumir visualmente a esencia de Teis, ese é o monte da Guía. Situado sobre unha elevación natural fronte á ría de Vigo, este espazo ofrece unha das panorámicas máis fermosas da cidade.

O paseo ata a cima permite afastarse do

ruído urbano e entrar nun ambiente tranquilo, rodeado de árbores como carballos ou pinos e camiños sombreados. No alto atópase a ermida da Nosa Señora de A Guía, un pequeno templo branco que se converteu nun dos símbolos católicos históricos da parroquia.

Desde este punto a vista é espectacular. As Illas Cíes aparecen ao fondo da ría, mentres o porto de Vigo, os estaleiros e os barrios mariñeiros se espallan ao redor, na cara sur podemos observar á península do Morrazo e a ponte de Rande. Ao solpor e a luz dourada sobre o mar transforma completamente a paisaxe.

A Guía é tamén un lugar moi querido pola veciñanza. Aquí celébranse romarías, encontros familiares e paseos cotiáns. Non é só un espazo turístico: é unha parte esencial da memoria de Teis.

Moi preto do monte existen ademais restos arqueolóxicos e indicios da presenza dun antigo castro, recordando que este territorio leva habitado desde moito antes da industrialización viguesa.

O paseo marítimo da ETEA: un novo balcón sobre o mar.

Un dos espazos que máis cambiou nos últimos anos é a antiga ETEA, a Escola de Transmisións e Electricidade da Armada. As súas orixes remóntanse ao ano 1916 data na que se crea a Base Naval de Ríos simultaneamente coas de Marín e Arousa. A base ocupaba unha superficie de 2.000 metros cadrados e tiña capacidade para minar a entrada da ría. Durante décadas, esta zona militar permaneceu practicamente pechada ao público, foi en agosto de 2002, cando cesou definitivamente o uso do espazo militar trasladándose as actividades a base de Ferrol. Hoxe, boa parte do recinto converteuse nun amplo paseo marítimo aberto á cidadanía grazas á acción coordinada dos diferentes Axentes e Colectivos do Barrio de Teis.

O paseo da Etea combina zonas verdes, vistas abertas ao mar e unha sensación de tranquilidade difícil de atopar preto dunha cidade tan dinámica como Vigo. Desde aquí poden observarse embarcacións deportivas, barcos cruzando a ría e pequenas praias frecuentadas principalmente pola veciñanza. A zona gañou popularidade entre corredores, ciclistas e familias que buscan un espazo agradable para descansar.

A antiga arquitectura militar segue presente nalgúns edificios do recinto, creando unha curiosa mestura entre pasado e presente. A ETEA simboliza ademais unha das grandes reivindicacións históricas de Teis: recuperar espazos pechados para uso público, zona que non deixa indiferente a ninguén e en continuo conflito entre o Concello e a Xunta de Galicia.

As praias de barrio.

Aínda que Vigo é coñecida polas praias de Samil ou O Vao, Teis tamén conserva pequenos areais menos famosos pero con moito encanto.

Praias como a da Punta, coñecida tamén como paria do Areño e localizada no monte da Guía e uns cincuenta metros de lonxitude ou, a da ETEA, teñen un carácter moi distinto ás grandes praias urbanas. Aquí non hai enormes paseos marítimos nin grandes infraestruturas turísticas. O ambiente é máis íntimo e familiar e no chiringuito da Etea, durante case seis meses de temporada, pódense disfrutar de dife-

20 años no se cumplen, se construyen



XERESCON
INSTALACIONES
OBRAS Y REFORMAS

- Electricidad
- Fontanería
- Aire Acondicionado
- Calefacción
- Albañilería
- Carpintería
- Cerrajería y Aluminio
- Pintura
- Parquet y Tarima
- Eficiencia Energética

c/ Purificación Saavedra, 10 - bajo
36207 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986 092 221
Móvil: 671 611 259
E-mail: info@xerescon.es
Web: www.xerescon.es



Ao lado do mercado de Teis



Sanjurjo Badia, 163

rentes concertos musicais, ben entrada xa a tardiña, cunhas vistas e un ambiente nada envexable o de outros puntos da cidade máis turísticos.

No verán, os veciños baixan con cadeiras, neveiras e paraugas, mantendo esa tradición tan galega de vivir a praia de maneira sinxela e próxima. As augas tranquilas da ría e as vistas cara ao outro lado da enseada converten estes espazos en lugares perfectos para descansar sen afastarse da cidade e observar o solpor no horizonte.

Estas praias permiten ademais observar outra cara de Vigo: unha cidade profundamente conectada co mar, onde a actividade portuaria e a vida cotiá conviven constantemente.

O Parque da Riouxa.

Este fermoso parque foi construído entre 1990 e 1991 polo arquitecto catalán Ricardo Bofill. Ten unha extensión de aproximadamente 6 hectáreas. Entre os seus elementos, destacan un anfiteatro de pedra e céspede, un paseo con pérgolas e un xardín botánico con especies arbóreas autóctonas, como o carballo ou o castiñeiro; mesturadas con outras foráneas, como o castiñeiro de indias. O parque foi un encargo polo finado alcalde Manuel Soto para crear unha zona verde no barrio de Teis, concretamente na antiga leira de Dona Fermina, unha parcela privada na que antigamente se organizaban eventos particulares e desde entón fíxose un espazo para público para a veciñanza.

A Madroa.

Outro dos grandes atractivos de Teis é a súa proximidade á natureza. Mentres boa parte da parroquia é urbana, nas zonas máis altas aparecen montes, camiños forestais e áreas verdes que funcionan como pulmón natural para Vigo e a súa contorna.

Este monte, situado na parte superior da parroquia, converteuse nun importante espazo de lecer para os vigueses. Ademais das instalacións deportivas e do zoo de Vigo, a zona conta con rutas para camiñar

e excelentes vistas sobre a cidade e a ría.

Nos días despexados é posible contemplar desde aquí boa parte da costa sur galega. O contraste entre o verde do monte e o azul do Atlántico resulta especialmente bonito e atractivo para fotógrafos e amantes da paisaxe.

En poucos minutos pódese pasar da contorna industrial e portuaria a espazos naturais silenciosos e elevados sobre o mar, poucas parroquias galegas poden presumir deste feito.

A gastronomía de barrio galego.

Non podemos deixar de mencionar que calquera visita a Teis debería incluír unha parada gastronómica. A parroquia conserva numerosos bares, taperías e restaurantes frecuentados principalmente por veciños, algo que adoita ser garantía de boa comida caseira e de calidade onde non faltan pratos como polbo á feira, mexillóns ao vapor, navallas, peixe fresco da ría, empanadas, ou caldeiradas.

As rúas próximas ao mercado de Teis e á avenida de Galicia concentran boa parte desta vida gastronómica popular. Aquí podemos descubrir o ritmo diario da parroquia mentres se comparte barra coa veciñanza.

A memoria industrial de Vigo

Un dos aspectos máis interesantes de Teis é precisamente aquilo que moitas veces pasa desapercibido: a súa paisaxe industrial.

As vías do tren, os antigos espazos fabrís, o porto de Guixar, grandes edificios obreiros ou O Monasterio da Visitación das Salesas Reais construído en 1942, forman parte dunha estética urbana moi característica. Lonxe de resultar fría, esta paisaxe conta a historia do crecemento económico de Vigo e da chegada de milleiros de traballadores durante o século XX. Aquí é posible comprender como a industria transformou non só o territorio, senón tamén a identidade social dunha comunidade enteira.

Moitas familias conservan historias ligadas aos estaleiros como os de MetalShip,

Factorías Vulcano ou Montenegro, ás conserveiras ou ao traballo portuario. Esa memoria continúa viva nas conversas cotiás e no orgullo co que a veciñanza fala do barrio.

A vida social segue sendo unha das grandes fortalezas de Teis. Durante o verán, as festas populares reúnen música, gastronomía e tradición relixiosa, mantendo vivo o espírito das antigas parroquias galegas.

As celebracións da Guía son probablemente as máis coñecidas, atraendo visitantes doutras zonas de Vigo. As romarías, os postos gastronómicos e as actuacións mu-

sicais crean un ambiente festivo moi ligado a nosa cultura.

Ao longo do ano tamén existen numerosas actividades organizadas por asociacións veciñais e colectivos culturais. Teis conserva unha forte tradición asociativa e loitadora que axuda a manter viva a identidade local.

Quen visita esta parroquia descubre unha parte menos coñecida de Vigo, pero tamén unha das máis sinceras. Un lugar onde o mar, a memoria industrial e a vida de barrio seguen formando parte da mesma paisaxe.



50 anos facendo barrio coa veciñanza (1976-2026)

Anxo Igrexas, AAVV de Teis

Este ano 2026, cumpríronse 50 anos (1976-2026) da fundación da Asociación Veciñal de Teis, feito destacado na historia recente de Teis, tendo en conta o importante labor realizado ao longo destas cinco décadas.

Non menos importante é sinalar o momento no que nace a Asociación Veciñal de Teis, nos anos setenta do século XX, no final da ditadura franquista e da loita pola democracia. Nese clima político e social (1975-1976) xorden en Vigo as asociacións veciñais, que encabezarán as demandas sociais e denuncian a falta de servizos nos barrios e parroquias, daquela esquecidos polas administracións.

A primeira das loitas da Asociación como tal foron as concentracións convocadas en xullo de 1977, para denunciar os danos ocasionados polas obras de construción da autoestrada AP9, pois estas obras dividían a parroquia e pagábanlle á veciñanza polos seus te-

reos cantidades ridículas.

Xa no ano 1980 debemos destacar as mobilizacións para reivindicar o semáforo na encrucillada dos Caños, nunha destas concentracións a policía carga contra a veciñanza, pero finalmente conséguese que o Concello instale os semáforos.

Desde o comezo da Asociación, pero especialmente nos anos 80 e parte dos anos 90, unha das reivindicacións máis importantes da Asociación é a necesidade de dotar a toda a parroquia dunha rede de saneamento e isto supón a convocatoria de varias mobilizacións.

Unhas das loitas máis importantes da Asociación ao longo destes 50 anos, foi en 1984 reivindicar o traslado dos depósitos da Campsa en Guixar, debido á ameaza que supoñía para a veciñanza. A Asociación, durante varios anos realiza unha ambiciosa campaña (assembleas, recollida de sinaturas, festival na carballeira, murais, ...) e finalmente no ano 1991 conséguese que se asine un

Café - Taberna Tenda Exprés



Laura

Vending 24 horas

Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376

Kami

el auténtico croissant artesano de mantequilla

Bajada a la Playa, 152 B
36392 Sayanes / VIGO
Tel. 986 491 118 / Móvil 645 260 727

SERVICIO A CAFETERÍAS Y HOTELES

CAFETERÍA

Bò Catar

Martes a Domingo de 8:00 de la mañana a cierre

Gregorio Espino 48 - VIGO Tel.: 669 522 169

¡SE VENDE SOLAR VIGO!

LISTO PARA CONSTRUIR YA CHALET 3 HABITACIONES Y 2 BAÑOS (AMPLIABLE)

125.000€ Negociable

PRÓXIMO HOSPITAL A. CUNQUEIRO - UNIVERSIDAD VIGO

- Solar llano, soleado de 800 m² (Después de cesiones). Todo registrado.
- Proyecto, planos, permisos incluidos (Adaptable minusválidos).
- Licencia obra (I.C.I.O / Avalés) Incluidos.

¡OCCASIÓN! TODO INCLUIDO solar + proyecto + licencia, etc.

Acceso asfaltado, servicios. Todo listo y pagado para comienzo inmediato de obra.

Particular   **600.923.007**

convenio entre o Concello de Vigo e a Campsa, para trasladar estes depósitos para uns terreos en Puxeiros.

Desde o ano 2000, diante da degradación do noso litoral e de varios proxectos que promove a Autoridade Portuaria de Vigo (porto deportivo da Lagoa e da Cacharela e a ampliación do estaleiro Montenegro en Ríos), a Asociación desenvolve unha campaña en diferentes fronteas contra estes proxectos e pola recuperación do litoral que se prolongaría até o ano 2005, coa celebración de asembleas, concentracións actos de limpeza nas praias de Ríos e A Lagoa, intervención no pleno municipal,....

As agresións ao litoral de Teis desde había décadas pola actividade portuaria e estes proxectos agresivos que

pretendían estragar e deteriorar aínda máis o pouco litoral de Teis, motivaron que se organizará a III marcha contras as agresións á ría, convocada pola plataforma pola defensa da Ría de Vigo " Cíes" que partiu de Teis.

Desde a saída dos militares dos terreos da ETEA en 2002, levamos unha intensa actividade para lograr a recuperación destes terreos para a veciñanza de Teis e denunciar o seu abandono, coa convocatoria de varias manifestacións. Neste breve artigo citei algunha das loitas máis importantes da Asociación, pero hai moitas outras, que non quero esquecer e que tamén foron importantes (a autoestrada Rande-Puxeiros, problemas coas drogas, o PXOM, o trazado do AVE, centro cívico, autobús ao hospital Alvaro Cunqueiro, a falta de

persoal no centro de saúde,...)

Non podemos esquecer a firme decisión da Asociación na recuperación e divulgación da nosa historia, coa edición no ano 2000 dun libro sobre a Sociedade de Agricultores de Teis, no 2001 da inauguración do monumento no parque onde estaba o antigo local da histórica sociedade, a inauguración en 2008 dun monólito no parque da Guía, no lugar onde foron asasinados Ángela Iglesias e José Niebla en 1938 ou edición de 3 libros de fotografía de Teis.

Nestes últimos anos, temos que citar as mobilizacións para demandar do Concello de Vigo a reforma da piscina municipal logo do incendio sufrido hai 4 anos ou a construción dunha biblioteca para Teis (sala de lectura que pretende

Abel Caballero), ambos proxectos que sen a mobilización estarían a día de hoxe parados.

Ao longo destes 50 anos, se algo caracterizou a Asociación Veciñal de Teis, foron dúas cousas: a mobilización, como forma de loita para conseguir melloras para Teis e a independencia na acción diante de calquera administración.

Por último, debemos recoñecer o labor desinteresado de todos aqueles veciños/as que formaron parte das diferentes xuntas directivas da Asociación ao longo destes 50 anos, que dedicaron moitas horas do seu tempo para construír o que hoxe é a Asociación Veciñal de Teis, unha das máis antigas da cidade e un referente do movemento veciñal de Vigo.



Prioridade nacional: unha deriva ameazante

opinión

Manuel Ruíz Robles, Capitán de Navío (R)

A lectura dun recente artigo do economista Juan Torres López levoume a reflexionar sobre como a extrema dereita capta parte do voto obreiro, transformando a precariedade material nunha percepción de competencia directa por recursos escasos.

A obra publicada en 1945 polo filósofo existencialista Maurice Merleau (1908-1961), "Fenomenoloxía da percepción", axuda a analizar este fenómeno, ao afirmar que non nos relacionamos co mundo mediante ideas abstractas separadas da experiencia.

A experiencia cotiá organiza espontaneamente as percepcións. Isto significa que o inmigrante, o desempregado, o

veciño pobre ou o "estranxeiro" non aparecen primeiro como conceptos racionais, senón como figuras percibidas dentro dun contexto social determinado. A extrema dereita logra precisamente intervir nese nivel pre-reflexivo da percepción. O discurso da "prioridade nacional" funciona porque reorganiza o campo perceptivo dos cidadáns. En contextos de precariedade, deterioración de servizos públicos e medo económico, sectores obreiros precarizados e unha mocidade sen futuro experimentan o mundo como un espazo de competencia por recursos limitados. O veciño inmigrante non aparece entón de maneira abstracta como un suxeito igual en dignidade, senón

como unha presenza que ocupa vivendas, prazas escolares, axudas sociais ou empregos. A eficacia do discurso nacionalista non depende principalmente da veracidade dos seus datos, senón da súa capacidade para estruturar a experiencia vivida.

A crítica de Torres López coincide indirectamente con esta formulación cando afirma que a esquerda acepta o marco da escaseza. Desde unha perspectiva fenomenolóxica, aceptar ese marco significa aceptar unha determinada organización perceptiva do mundo social. A esquerda entra no xogo da extrema dereita cando responde unicamente con condenas morais ao racismo sen transformar as condicións materiais

perceptivas que fan aceptable o discurso xenófobo. As percepcións políticas nacen de experiencias materiais reais: salarios insuficientes, alugueiros imposibles, listas de espera médicas, inseguridade laboral ou degradación urbana. Cando esas experiencias intensifícanse, o mundo social comeza a percibirse como un espazo ameazante. A extrema dereita explota precisamente ese sentimento de inseguridade e canalízao cara a figuras visibles e próximas: o inmigrante, o refuxiado ou o estranxeiro pobre. A fenomenoloxía mostra que as ideas non flotan no baleiro: arraigan ou fracasan segundo a experiencia concreta dos suxeitos.

En moitos barrios obreiros europeos,

Decoraciones Victor
 Roberto Rivas
 C/ de la Iglesia, 10
 36820 Ponte Caldelas
 Pontevedra
 roberto@decoracionevictor.es
 986 750 383
 609 067 164
 www.decoracionevictor.es

ASESORIA
PONTECALDELAS S.L.
 Plaza de Cotobad, 2 Telf.: 986 76 74 31
 PONTECALDELAS Fax: 986 75 05 13
 asesoriapontecaldelas@hotmail.es

O CAMPO
DA SANTIAGUIÑA
 Caritel s/n 36.829 Ponte Caldelas
 Pontevedra. Tel. 886 300 445

Auga C.B
Beleza e saúde
 Pedreira, 7
 Baixo
 A Lama
 986 768 261
 augacb@outlook.es

a deterioración das condicións de vida produce unha experiencia inmediata de abandono e competencia pola supervivencia. Aínda que as causas reais sexan a especulación urbana que encarece a vivenda, a precariedade laboral ou as políticas neoliberais, a percepción cotiá organízase ao redor daquilo que aparece visible na experiencia inmediata. O inmigrante convértese así nunha “figura” perceptiva salientable sobre o fondo difuso de procesos económicos abstractos.

A esquerda fracasa politicamente cando non consegue reorganizar ese campo perceptivo. Se responde unicamente dicindo que o racismo é inmoral, deixa intacta a experiencia concreta de precariedade. E mentres esa experiencia permanece sen reinterpretación material, o marco nacionalista seguirá parecendo intuitivamente verdadeiro para moitas persoas. A extrema dereita ofrece precisamente iso: un “inimigo” identificable a través da percepción. En cambio, a esquerda moitas veces responde con estatísticas ou análises estruturais demasiado abstractos para reorganizar a experiencia inmediata.

Desde a fenomenoloxía, a tarefa política consistiría entón en transformar as condicións perceptivas da vida colectiva. Isto implica reconstruír formas de experiencia compartida onde o outro non apareza como competidor natural. Merleau subliñaba que a relación cos demais non é inicialmente intelectual, senón corporal e intersubxectiva. Percibimos ao outro como semellante

a través de prácticas comúns, espazos compartidos e formas de coexistencia concreta. Cando as estruturas urbanas e económicas destrúen eses vínculos, crece a percepción de estrañeza e ameaza.

A crise das nosas democracias pode interpretarse así como unha crise da interdubxectividade social. O enfraquecemento de servizos públicos, sindicatos, asociacións veciñais e espazos colectivos rompe experiencias comúns de solidariedade. Os individuos quedan illados fronte ao mercado e comezan a percibir aos demais como rivais. A “prioridade nacional” aproveita precisamente esa fragmentación perceptiva. Non inventa desde cero o medo; reorganiza sentimentos xa presentes nunha sociedade atomizada.

Merleau insistía ademais en que o corpo é apertura ao mundo e posibilidade de acción. Isto ten consecuencias políticas importantes. Unha poboación sometida constantemente a precariedade e inseguridade desenvolve hábitos perceptivos defensivos. O horizonte vital estréitase. O futuro deixa de percibirse como promesa e aparece como ameaza. Nese contexto, os discursos nacionalistas ofrecen unha falsa restauración de estabilidade e pertenza corporal: “os nosos primeiro”, “protexer o propio”, “pechar fronteiras”. Son respostas simplificadoras a unha experiencia real de vulnerabilidade.

A fenomenoloxía permite ademais cuestionar a idea liberal de que o debate político resólvese simplemente mediante argumentos racionais. As per-

cepcións políticas están ligadas a afectos, hábitos e formas de vida. Cambiar unha percepción social esixe modificar experiencias materiais concretas. Por iso Torres López insiste en sinalar as causas estruturais da escaseza: desigualdade, concentración de riqueza e enfraquecemento do público. Desde unha perspectiva fenomenolóxica, podería dicirse que só transformando o mundo vivido pode transformarse tamén a percepción do outro.

Isto conduce a unha concepción distinta da acción política progresista. Sería necesario reconstruír experiencias compartidas de seguridade material e cooperación social. A universalidade política non pode impoñerse en abstracto; debe encarnarse en institucións e prácticas que fagan perceptible a solidariedade.

Neste sentido, a vivenda pública, a sanidade universal, a educación accesible ou o emprego digno non son unicamente políticas redistributivas: son tamén dispositivos fenomenolóxicos que reorganizan a percepción social. Cando as persoas deixan de experimentar a vida como competencia desesperada por recursos escasos, diminúe a verosimilitude perceptiva dos discursos excluíntes. O nacionalismo non triunfa porque revele unha realidade cotiá, senón porque consegue articular temporalmente certas experiencias de medo e inseguridade.

Por iso, o desafío político consiste en disputar non só as ideas, senón a estrutura mesma da experiencia social.

A extrema dereita comprende que a política opera no nivel das percepcións vividas. A esquerda, segundo critica Torres López, perde eficacia cando permanece encerrada nun plano puramente moral ou discursivo. Desde esta perspectiva, o problema da “prioridade nacional” non é simplemente un conflito ideolóxico. É a expresión perceptiva dunha sociedade fracturada pola inseguridade material e a perda de vínculos colectivos. A tarefa emancipadora non consiste só en refutar intelectualmente a xenofobia, senón en transformar as condicións materiais de vida, como resposta a necesidades vitais insatisfeitas, causantes do malestar social.

O economista Fernando Luengo, autor de numerosas análises de economía política, publicou en marzo de 2022 un artigo titulado: “Aumentar o gasto militar, a saída equivocada para Europa”. Máis de catro anos despois, o crecente rearmamento da Unión Europea e as súas políticas neo liberais degradaron as condicións materiais de vida da súa clase traballadora, desprazando o voto novo cara a posicións de extrema dereita e incentivando a súa penetración en sectores obreiros de barrios urbanos.

Ao meu parecer, todo iso expón un evidente dilema político aos demócratas europeos: a necesidade de blindar nunha Constitución dereitos sociais fundamentais, incluíndo a sanidade pública universal, a educación, o acceso á vivenda e as pensións ou, pola contra, prepararnos para afrontar unha demolidora involución neofascista.



O xastre do Calvario e o eco dos pasos perdidos

Lois Pérez Leira

opinión

Sempre que recorro a peonil do Calvario asáltame o mesmo recordo, nítido e doloroso, coma se o tempo non tivese transcorrido. Lémbrome de Pucho. Foi un gran amigo, un camarada entrañable con quen compartín ideais e confidencias. Alí mesmo, no corazón deste barrio obreiro, o seu pai tiña a

casa e a xastrería. Todos o coñecían como «o xastre do Calvario».

Miguel Gómez Pardo era socialista, un home de conviccións firmes que defendía a legalidade republicana. O seu destino quedou selado pola mezaquindade: foi denunciado por vermello polo médico Martín Lago, que vivía xusto enfrente da súa casa. A

ironía —o esperpento trágico da nosa historia local— é que hoxe ese médico fascista goza da honra de dar nome a unha rúa no propio Calvario, mentres que Miguel foi fusilado nos muros do Castro o 30 de outubro de 1936, canda outros militantes que entregaron a vida pola liberdade. Ao pasar hoxe ante a anti-

ga casa paterna, aínda sobresa, desafiando o esquecemento, un escudo que segue tendo gravado na pedra as siglas J.M., o testemuño indeleble dos Gómez Millán.

Aquel crime deixou unha infancia durísima para Pucho, os seus irmáns e a súa nai, Generosa. Para manter a familia, ela tivo que empezar venden-



MAPFRE

Carlos Garcia Soidan

Tel: 986766314

Mvl.: 610455911, 610455911

Fax: 986766505

El Puente 1 36820

Pontecaldelas (Pontevedra)

do produtos de porco ás aforas do mercado do Calvario. E é aquí onde as coincidencias da vida tecen as súas redes máis asombrosas, entrelazando as pegadas familiares coas do meu gran amigo.

Nese mesmo mercado de abastos traballaban os meus familiares directos: a miña avoa Flora e a miña tía Áurea, que tiñan un posto de froitas na primeira planta. Estreméceme pensar no cruzamento das nosas propias liñaxes entre os corredores do mercado; aquelas mulleres compartindo o espazo diario, o esforzo por sacar adiante os seus e o peso silencioso dunha época gris, mentres despachaban a frota e a carne. As pegadas da súa resistencia cotiá levantaron o barrio tanto coma a pedra.

Coa inauguración do novo recinto, Generosa instalouse formalmente nun dos postos. Ao cumprir a maioría de idade, o seu fillo aprendeu o oficio de panadeiro, abriu os seus primeiros negocios —os coñecidos despachos de Gran Vía e O Berbés— e converteuse no «rei das empanadas» na planta de Citroën, onde repartía máis de 1.500 porcións diarias entre os traballadores. Antes da súa xubilación, o magnetismo da política e o destino levárono a Cuba. Alí, baixo o amparo da revolución que tanto admiraba e a súa devoción por Fidel Castro, Pucho rexueneceuse. Casou e fixou a súa residencia na illa durante trinta e cinco anos, transformándose no embaixador clandestino de Galicia. Todo vigués que pisaba A Habana atopaba nel un anfitrión xeneroso, disposto a cocinarlles ou a redescubrirlles a cidade. Nos seus últimos anos, logrou o soño de vivir a cabalo entre as súas dúas patrias, repartindo o corazón entre o Atlántico de Vigo e o Caribe cubano, pero sen esquecer xamais de onde viña.

A Deputación concede ao concello da Lama unha subvención de máis de 90.000 euros para mellorar os vestiarios do pavillón municipal

O Concello da Lama vén de recibir unha subvención da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 90.859,30 euros ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID), destinada á execución das obras de “Mellora dos vestiarios do pavillón municipal”.

Esta actuación permitirá modernizar unhas instalacións deportivas e responder ás novas necesidades detectadas no uso do pavillón, habilitando un espazo específico para a práctica de fitness, actualmente inexistente nas dependencias municipais.

O proxecto foi licitado mediante contrato de obras por procedemento aberto simplificado e resultou adjudicado á empresa Construcciones Lemos Martínez, S.L., cun importe de 63.884,30 euros máis 13.415,70 euros de IVE, o que supón un investimento total de 77.300 euros.

O Concello destaca a importancia desta achega económica da Deputación de Pontevedra que permitirá seguir mellorando as infraestruturas deportivas municipais e ofrecer servizos de maior calidade á veciñanza, fomentando ao mesmo tempo a práctica deportiva e os hábitos de vida saudables.

A actuación enmárcase dentro da aposta do goberno municipal pola mellora continua dos espazos públicos e das instalacións destinadas ao deporte e ao lecer, contribuíndo así ao benestar da veciñanza da Lama.



• A CASA DA BOA CARNE •
CARNICERÍA

C/ José Regojo nº 19 Bajo
36800 Redondela

☎ 602 64 15 65
☎ 986 11 69 41

DISCO TASCAR



Escola Infantil

PAPAVENTOS
pontecaldelas

- Educación infantil 0-3 anos 100% subvencionada
- SED (Ludo, Deberes): Trades Vacacións
- Plan Madruga e sservice comedor nen@s de 3-12 anos
- Horario 07:30- 20:30

C/ Paseo Cordo Boullosa, 3
36820 - Pontecaldelas

Tlf: 986 767 520
E-mail: eipapaventos@hotmail.com



*Este verán menos patacias e máis diversión ao aire libre
Lémbra-moste que este verán pode ser aínda máis inesquecible con*

PARTY TIME!



Carrera de sacos
Ref. 19561



Catch ball
Ref. 19562



Carrera de huevos
Ref. 19560



Lanzamiento de anillas
Ref. 19563



Disco volador
Ref. 19564



Zancos con cordón
Ref. 19565

newcompany
mouliner
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa

259-Nave, 6

O Porriño

986 346787
visita a nosa web:

info@jmoliner.com